



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XII lexislatura  
Número 295  
3 de decembro de 2025

Fascículo 1



# SUMARIO

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

### Coñecemento das sinaturas e admisión a trámite

#### ■ 21978 (12/PPLI-000002)

Comisión Promotora

Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego [138944](#)

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

### Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

#### ■ 39860 (12/PNP-002941)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego no que atinxe á prevención e ao control da expansión da peste porcina africana [138961](#)

#### ■ 39890 (12/PNP-002942)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da adopción de todas as medidas necesarias para garantir a continuidade do emprego e da fábrica de Sargadelos [138967](#)

### Admisión a trámite e publicación

#### ■ 39102 (12/PNP-002892)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de explicacións relacionadas coa retirada da súa colaboración coa Federación de Asociacións de Veciños de Lugo «Lucus Augusti» durante a celebración do Día do Veciño deste ano [138971](#)



**I 39108 (12/PNP-002893)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación dun banco público de alugueiro antes do remate de 2025 e as características básicas que o deben definir [138976](#)

**I 39141 (12/PNP-002895)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e 9 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto Variante oeste de Caldas de Reis e acceso do porto de Vilagarcía á AP-9 [138980](#)

**I 39143 (12/PNP-002896)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e 9 máis**

Sobre a proposta de resolución e as demandas dirixidas ao Goberno galego que se presentan respecto das verteduras rexistradas no río Sar desde a EDAR da Silvouta, en Santiago de Compostela [138984](#)

**I 39154 (12/PNP-002897)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Presas Bergantiños, Noa Olalla**

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación na cidade da Coruña dun centro de crise 24 horas para a atención a mulleres vítimas de violencia sexual que sexa de xestión pública directa [138988](#)

**I 39165 (12/PNP-002898)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a continuidade do Programa de auxiliares de conversa sen prexuízo económico para as comunidades autónomas [138992](#)

**I 39175 (12/PNP-002899)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe tomar co fin de reforzar as políticas públicas de vivenda en Galicia con base nunha reprogramación dos fondos Feder non executados [138996](#)

**I 39178 (12/PNP-002900)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda ao Goberno galego da reprogramación inmediata dos fondos Feder non executados para reforzar as políticas públicas de vivenda en Galicia [139001](#)

**I 39179 (12/PNP-002901)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre as competencias que a Xunta de Galicia debe reclamar ao Goberno central para a xestión das prazas de funcionarios municipais que son de habilitación estatal [139005](#)

**I 39197 (12/PNP-002903)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto de real decreto que vai reformar o regulamento do Observatorio Estatal da Infancia e da Adolescencia

[139009](#)

**I 39203 (12/PNP-002905)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**García González, Patricia e 7 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para conter de forma máis eficaz a actividade ilegal ligada á pesca e ao marisqueo

[139013](#)

**I 39221 (12/PNP-002906)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Méndez López, Lara e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego para fortalecer e impulsar o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

[139018](#)

**I 39229 (12/PNP-002907)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que presente un informe relativo aos investimentos e ás actuacións de mellora que levou a cabo na estación de autobuses de Ferrol nos últimos dez anos

[139024](#)

**I 39241 (12/PNP-002908)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que acometa con carácter inmediato unha rehabilitación integral da estación de autobuses de Ferrol

[139028](#)

**I 39243 (12/PNP-002909)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda ao Goberno galego do incremento da partida orzamentaria prevista para a execución das obras de rehabilitación da estación de autobuses de Ferrol

[139032](#)

**I 39270 (12/PNP-002910)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do reforzamento inmediato das conexións de transporte público interurbano entre Cariño e Ferrol para garantir a mobilidade laboral, educativa e asistencial

[139036](#)



**I 39277 (12/PNP-002911)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar co obxectivo de mellorar o transporte público na comarca de Ortegal

[139040](#)**I 39283 (12/PNP-002912)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do reforzamento inmediato das conexións de transporte público interurbano entre Cariño e Ferrol para garantir a mobilidade laboral, educativa e asistencial

[139044](#)**I 39297 (12/PNP-002913)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia respecto das respostas ás preguntas parlamentarias escritas e, en concreto, á referida á execución no segundo trimestre de 2025 do programa 451B, de acceso á vivenda

[139048](#)**I 39307 (12/PNP-002914)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre diversas medidas económicas que a Xunta de Galicia debe impulsar co fin de mellorar o apoio aos proxectos de investimento en actividades non agrarias no rural

[139053](#)**I 39312 (12/PNP-002915)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre diversas actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de recuperar a produción marisqueira en Galicia

[139057](#)**I 39321 (12/PNP-002916)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun proxecto de execución de beirarrúas e pasos de peóns no treito da AC-300 que transcorre polo lugar do Sisto, no concello de Rois

[139062](#)**I 39323 (12/PNP-002917)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha partida específica nos orzamentos para a execución de obras de mellora e humanización no treito da AC-300 que transcorre polo Sisto, en Rois

[139066](#)**I 39337 (12/PNP-002918)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de axilizar e mellorar a xestión nos concursos de traslados do seu persoal funcionario [139070](#)

**I 39338 (12/PNP-002919)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de axilizar e mellorar a xestión nos concursos de traslados do seu persoal funcionario [139074](#)

**I 39344 (12/PNP-002920)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel**

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de promocionar e transmitir a música e o baile tradicionais de Galicia [139078](#)

**I 39369 (12/PNP-002921)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Taibo Corsanego, Iria e 3 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia das medidas pertinentes para garantir o uso do galego nos servizos prestados polas empresas que subcontrata e, nomeadamente, no procedemento de avaliación de riscos laborais do profesorado [139083](#)

**I 39375 (12/PNP-002922)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar as infraestruturas e os procedementos de atención do Centro de Saúde Fontenla Maristany, de Ferrol [139087](#)

**I 39398 (12/PNP-002923)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e 3 máis**

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de avanzar cara á gratuidade das matrículas dos mestrados oficiais impartidos polas universidades públicas galegas [139091](#)

**I 39400 (12/PNP-002924)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e 3 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da incorporación nos orzamentos dunha partida específica para cubrir o custo total da gratuidade das primeiras matrículas de mestrado universitario [139096](#)

**I 39403 (12/PNP-002925)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e 3 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que presente ante a Cámara un plan económico e de implantación para a posta en marcha da gratuidade da primeira matrícula dos mestrados universitarios [139100](#)



**I 39441 (12/PNP-002926)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que constrúa e poña en marcha no IES Concepción Arenal, de Ferrol, unha pista deportiva cuberta

[139104](#)**I 39443 (12/PNP-002927)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 3 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da incorporación dunha partida específica nos orzamentos xerais de 2026 para construír unha pista deportiva cuberta no IES Concepción Arenal, de Ferrol

[139109](#)**I 39467 (12/PNP-002928)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda ao Goberno galego da dotación da parroquia de Dodriño, no concello de Dodro, dunha nova estación depuradora de augas residuais

[139113](#)**I 39469 (12/PNP-002929)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 3 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que inclúa nos orzamentos de 2026 unha partida específica para financiar unha nova EDAR en Dodriño, no concello de Dodro

[139117](#)**I 39492 (12/PNP-002930)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun informe verbo do desenvolvemento e do cumprimento do Plan de ordenación do litoral respecto dos «núcleos de identidade do litoral»

[139121](#)**I 39496 (12/PNP-002931)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego dun informe relativo aos resultados acadados en materia de actuacións de coordinación e cooperación entre administracións no marco do programa de actuacións previsto no Plan de ordenación do litoral

[139127](#)**I 39504 (12/PNP-002932)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da reposición inmediata da praza de pediatra do Centro de Saúde de Dodro

[139132](#)**I 39560 (12/PNP-002933)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego co fin de cumprir o marco normativo estatal en materia de prevención, planificación, extinción e outros aspectos relacionados cos incendios forestais [139136](#)

**I 39589 (12/PNP-002934)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 8 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da persistencia no impulso de políticas para promocionar a remuda xeracional e a modernización no sector primario [139142](#)

**I 39597 (12/PNP-002935)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego de plans formativos para o sector comercial con fin de impulsar a recuperación dos oficios tradicionais e potenciar a remuda xeracional no sector artesán [139147](#)

**I 39599 (12/PNP-002936)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que desenvolva iniciativas para o apoio e a posta en valor das prazas de abastos [139151](#)

**I 39601 (12/PNP-002937)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da continuidade no seu apoio ao sector olivareiro [139155](#)

**I 39609 (12/PNP-002938)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 10 máis

Sobre a proposta de resolución e mais a demanda á Xunta de Galicia que se presentan co fin de manifestar e impulsar o apoio á candidatura de Lugo para albergar a sede da futura Axencia Estatal de Saúde Pública [139159](#)

### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

#### 1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

### Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

**I 39889 (12/PNC-003488)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da adopción de todas as medidas necesarias para garantir a continuidade do emprego e da fábrica de Sargadelos [139163](#)



**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación****I 39101 (12/PNC-003428)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de explicacións relacionadas coa retirada da súa colaboración coa Federación de Asociacións de Veciños de Lugo «Lucus Augusti» durante a celebración do Día do Veciño deste ano

[139167](#)**I 39130 (12/PNC-003430)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun incremento da dotación do CEIP Torrente Ballester, de Cambre, de profesionais especialistas na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais

[139172](#)**I 39140 (12/PNC-003431)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e 9 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto Variante oeste de Caldas de Reis e acceso do porto de Vilagarcía á AP-9

[139176](#)**I 39144 (12/PNC-003432)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e 9 máis**

Sobre a proposta de resolución e as demandas dirixidas ao Goberno galego que se presentan respecto das verteduras rexistradas no río Sar desde a EDAR da Silvouta, en Santiago de Compostela

[139180](#)**I 39153 (12/PNC-003433)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Presas Bergantiños, Noa Olalla**

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación na cidade da Coruña dun centro de crise 24 horas para a atención a mulleres vítimas de violencia sexual que sexa de xestión pública directa

[139184](#)**I 39166 (12/PNC-003435)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a continuidade do Programa de auxiliares de conversa sen prexuízo económico para as comunidades autónomas

[139188](#)**I 39169 (12/PNC-003436)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da reprogramación inmediata dos fondos Feder non executados para reforzar as políticas públicas de vivenda en Galicia

[139192](#)

**I 39170 (12/PNC-003437)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe tomar co fin de reforzar as políticas públicas de vivenda en Galicia con base nunha reprogramación dos fondos Feder non executados [139196](#)

**I 39171 (12/PNC-003438)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe tomar co fin de reforzar as políticas públicas de vivenda en Galicia con base nunha reprogramación dos fondos Feder non executados [139201](#)

**I 39172 (12/PNC-003439)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda ao Goberno galego da reprogramación inmediata dos fondos Feder non executados para reforzar as políticas públicas de vivenda en Galicia [139206](#)

**I 39176 (12/PNC-003440)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre as competencias que a Xunta de Galicia debe reclamar ao Goberno central para a xestión das prazas de funcionarios municipais que son de habilitación estatal [139210](#)

**I 39196 (12/PNC-003443)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto de real decreto que vai reformar o regulamento do Observatorio Estatal da Infancia e da Adolescencia [139214](#)

**I 39200 (12/PNC-003444)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García González, Patricia e 7 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para conter de forma máis eficaz a actividade ilegal ligada á pesca e ao marisqueo [139218](#)

**I 39222 (12/PNC-003445)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Méndez López, Lara e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego para fortalecer e impulsar o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo [139223](#)

**I 39230 (12/PNC-003446)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que presente un informe relativo aos investimentos e ás actuacións de mellora que levou a cabo na estación de autobuses de Ferrol nos últimos dez anos

[139229](#)

**I 39242 (12/PNC-003447)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que acometa con carácter inmediato unha rehabilitación integral da estación de autobuses de Ferrol

[139233](#)

**I 39244 (12/PNC-003448)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda ao Goberno galego do incremento da partida orzamentaria prevista para a execución das obras de rehabilitación da estación de autobuses de Ferrol

[139237](#)

**I 39275 (12/PNC-003449)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar co obxectivo de mellorar o transporte público na comarca de Ortegal

[139241](#)

**I 39295 (12/PNC-003450)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia respecto das respostas ás preguntas parlamentarias escritas e, en concreto, á referida á execución no segundo trimestre de 2025 do programa 451B, de acceso á vivenda

[139245](#)

**I 39296 (12/PNC-003451)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia respecto das respostas ás preguntas parlamentarias escritas e, en concreto, á referida á execución no segundo trimestre de 2025 do programa 451B, de acceso á vivenda

[139250](#)

**I 39301 (12/PNC-003452)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Insua Lema, Óscar e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar a seguridade viaria nas travesías do concello de Cee

[139255](#)

**I 39306 (12/PNC-003453)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre diversas medidas económicas que a Xunta de Galicia debe impulsar co fin de mellorar o apoio aos proxectos de investimento en actividades non agrarias no rural

[139260](#)



**I 39311 (12/PNC-003454)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre diversas actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de recuperar a produción marisqueira en Galicia

[139264](#)**I 39317 (12/PNC-003455)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para mellorar o transporte metropolitano na comarca da Coruña

[139269](#)**I 39322 (12/PNC-003456)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun proxecto de execución de beirarrúas e pasos de peóns no treito da AC-300 que transcorre polo lugar do Sisto, no concello de Rois

[139274](#)**I 39324 (12/PNC-003457)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha partida específica nos orzamentos para a execución de obras de mellora e humanización no treito da AC-300 que transcorre polo Sisto, en Rois

[139278](#)**I 39343 (12/PNC-003458)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de axilizar e mellorar a xestión nos concursos de traslados para o seu persoal funcionario

[139282](#)**I 39345 (12/PNC-003459)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel**

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de promocionar e transmitir a música e o baile tradicionais de Galicia

[139286](#)**I 39358 (12/PNC-003460)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Fernández Fernández, Secundino**

Sobre diversas actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impulso da concentración parcelaria no concello de Lalín

[139291](#)**I 39362 (12/PNC-003461)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego en relación coa posta en marcha do servizo de hemodiálise da Estrada

[139296](#)

**I 39367 (12/PNC-003462)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 3 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia das medidas pertinentes para garantir o uso do galego nos servizos prestados polas empresas que subcontrata e, nomeadamente, no procedemento de avaliación de riscos laborais do profesorado [139300](#)

**I 39376 (12/PNC-003463)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar as infraestruturas e os procedementos de atención do Centro de Saúde Fontenla Maristany, de Ferrol [139304](#)

**I 39399 (12/PNC-003464)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 3 máis**

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de avanzar cara á gratuidade das matrículas dos mestrados oficiais impartidos polas universidades públicas galegas [139308](#)

**I 39401 (12/PNC-003465)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 3 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da incorporación nos orzamentos dunha partida específica para cubrir o custo total da gratuidade das primeiras matrículas de mestrado universitario [139313](#)

**I 39402 (12/PNC-003466)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 3 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da incorporación nos orzamentos dunha partida específica para cubrir o custo total da gratuidade das primeiras matrículas de mestrado universitario [139318](#)

**I 39404 (12/PNC-003467)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 3 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que presente ante a Cámara un plan económico e de implantación para a posta en marcha da gratuidade da primeira matrícula dos mestrados universitarios [139323](#)

**I 39442 (12/PNC-003468)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que constrúa e poña en marcha no IES Concepción Arenal, de Ferrol, unha pista deportiva cuberta [139328](#)

**I 39444 (12/PNC-003469)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 3 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da incorporación dunha partida específica nos orzamentos xerais de 2026 para construír unha pista deportiva cuberta no IES Concepción Arenal, de Ferrol [139333](#)

**I 39445 (12/PNC-003470)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a demanda ao Goberno galego da incorporación dunha partida específica nos orzamentos xerais de 2026 para construír unha pista deportiva cuberta no IES Concepción Arenal, de Ferrol [139337](#)

**I 39468 (12/PNC-003471)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda ao Goberno galego da dotación da parroquia de Dodriño, no concello de Dodro, dunha nova estación depuradora de augas residuais [139341](#)

**I 39470 (12/PNC-003472)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e 3 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que inclúa nos orzamentos de 2026 unha partida específica para financiar unha nova EDAR en Dodriño, no concello de Dodro [139345](#)

**I 39471 (12/PNC-003473)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Bouza Manso, Aitor e 3 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que inclúa nos orzamentos de 2026 unha partida específica para financiar unha nova EDAR en Dodriño, no concello de Dodro [139349](#)

**I 39484 (12/PNC-003474)**

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre diversas medidas que debe pór en marcha a Xunta de Galicia en relación coa ameaza e a prevención da dermatose nodular contaxiosa bovina [139353](#)

**I 39491 (12/PNC-003475)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun informe verbo do desenvolvemento e do cumprimento do Plan de ordenación do litoral respecto dos «núcleos de identidade do litoral» [139358](#)

**I 39497 (12/PNC-003476)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego dun informe relativo aos resultados acadados en materia de actuacións de coordinación e cooperación entre administracións no marco do programa de actuacións previsto no Plan de ordenación do litoral [139364](#)



**I 39505 (12/PNC-003477)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da reposición inmediata da praza de pediatra do Centro de Saúde de Dodro

[139369](#)**I 39559 (12/PNC-003478)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego co fin de cumprir o marco normativo estatal en materia de prevención, planificación, extinción e outros aspectos relacionados cos incendios forestais

[139373](#)**I 39588 (12/PNC-003479)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Grueira Fernández, Nicole e 8 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da persistencia no impulso de políticas para promocionar a remuda xeracional e a modernización no sector primario

[139379](#)**I 39598 (12/PNC-003480)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego de plans formativos para o sector comercial con fin de impulsar a recuperación dos oficios tradicionais e potenciar a remuda xeracional no sector artesan

[139383](#)**I 39600 (12/PNC-003481)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que desenvolva iniciativas para o apoio e a posta en valor das prazas de abastos

[139387](#)**I 39602 (12/PNC-003482)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da continuidade no seu apoio ao sector olivareiro

[139391](#)**I 39610 (12/PNC-003483)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e 10 máis**

Sobre a proposta de resolución e mais a demanda á Xunta de Galicia que se presentan co fin de manifestar e impulsar o apoio á candidatura de Lugo para albergar a sede da futura Axencia Estatal de Saúde Pública

[139395](#)

## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.2. Correccións de erros

I Corrección de erros na publicación da pregunta urxente núm. 39284, 12/PUP-000174 (BOPG 290f1, do 26 de novembro de 2025)

[138959](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 1 de decembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

### Coñecemento das sinaturas e admisión a trámite

- 21978 (12/PPLI-000002)

Comisión Promotora

Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego

BOPG nº 183, do 03.04.2025

A Mesa toma coñecemento do escrito da Xunta Electoral de Galicia polo que acredita como válidas 18.236 sinaturas e verifica que se superan o número mínimo de sinaturas exixido no artigo 2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, e acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de iniciativa popular sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento e para que emita o informe previsto no artigo 22 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

3º. Notificar este acordo á Comisión Promotora e á Xunta Electoral de Galicia

4º. Publicar este acordo e o texto da proposición de lei no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 1 de decembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

### **1.3. Procedementos de control e impulso**

#### **1.3.6. Proposicións non de lei**

##### **1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno**

###### **1.3.6.1.1. Proposicións presentadas**

#### **Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación**

- 39860 (12/PNP-002941)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego no que atinxe á prevención e ao control da expansión da peste porcina africana

- 39890 (12/PNP-002942)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da adopción de todas as medidas necesarias para garantir a continuidade do emprego e da fábrica de Sargadelos

#### **Admisión a trámite e publicación**

- 39102 (12/PNP-002892)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de explicacións relacionadas coa retirada da súa colaboración coa Federación de Asociacións de Veciños de Lugo «Lucus Augusti» durante a celebración do Día do Veciño deste ano

- 39108 (12/PNP-002893)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación dun banco público de alugueiro antes do remate de 2025 e as características básicas que o deben definir

- 39141 (12/PNP-002895)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto Variante oeste de Caldas de Reis e acceso do porto de Vilagarcía á AP-9

- 39143 (12/PNP-002896)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 9 máis

Sobre a proposta de resolución e as demandas dirixidas ao Goberno galego que se presentan respecto das verteduras rexistradas no río Sar desde a EDAR da Silvouta, en Santiago de Compostela



- 39154 (12/PNP-002897)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación na cidade da Coruña dun centro de crise 24 horas para a atención a mulleres vítimas de violencia sexual que sexa de xestión pública directa

- 39165 (12/PNP-002898)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a continuidade do Programa de auxiliares de conversa sen prexuízo económico para as comunidades autónomas

- 39175 (12/PNP-002899)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre as medidas que o Goberno galego debe tomar co fin de reforzar as políticas públicas de vivenda en Galicia con base nunha reprogramación dos fondos Feder non executados

- 39178 (12/PNP-002900)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego da reprogramación inmediata dos fondos Feder non executados para reforzar as políticas públicas de vivenda en Galicia

- 39179 (12/PNP-002901)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as competencias que a Xunta de Galicia debe reclamar ao Goberno central para a xestión das prazas de funcionarios municipais que son de habilitación estatal

- 39197 (12/PNP-002903)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto de real decreto que vai reformar o regulamento do Observatorio Estatal da Infancia e da Adolescencia

- 39203 (12/PNP-002905)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 7 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para conter de forma máis eficaz a actividade ilegal ligada á pesca e ao marisqueo

- 39221 (12/PNP-002906)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego para fortalecer e impulsar o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

- 39229 (12/PNP-002907)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que presente un informe relativo aos investimentos e ás actuacións de mellora que levou a cabo na estación de autobuses de Ferrol nos últimos dez anos

- 39241 (12/PNP-002908)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que acometa con carácter inmediato unha rehabilitación integral da estación de autobuses de Ferrol

- 39243 (12/PNP-002909)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego do incremento da partida orzamentaria prevista para a execución das obras de rehabilitación da estación de autobuses de Ferrol

- 39270 (12/PNP-002910)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do reforzamento inmediato das conexións de transporte público interurbano entre Cariño e Ferrol para garantir a mobilidade laboral, educativa e asistencial

- 39277 (12/PNP-002911)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar co obxectivo de mellorar o transporte público na comarca de Ortegal

- 39283 (12/PNP-002912)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do reforzamento inmediato das conexións de transporte público interurbano entre Cariño e Ferrol para garantir a mobilidade laboral, educativa e asistencial

- 39297 (12/PNP-002913)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia respecto das respostas ás preguntas parlamentarias escritas e, en concreto, á referida á execución no segundo trimestre de 2025 do programa 451B, de acceso á vivenda



- 39307 (12/PNP-002914)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre diversas medidas económicas que a Xunta de Galicia debe impulsar co fin de mellorar o apoio aos proxectos de investimento en actividades non agrarias no rural

- 39312 (12/PNP-002915)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre diversas actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de recuperar a produción marisqueira en Galicia

- 39321 (12/PNP-002916)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun proxecto de execución de beirarrúas e pasos de peóns no treito da AC-300 que transcorre polo lugar do Sisto, no concello de Rois

- 39323 (12/PNP-002917)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha partida específica nos orzamentos para a execución de obras de mellora e humanización no treito da AC-300 que transcorre polo Sisto, en Rois

- 39337 (12/PNP-002918)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de axilizar e mellorar a xestión nos concursos de traslados do seu persoal funcionario

- 39338 (12/PNP-002919)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de axilizar e mellorar a xestión nos concursos de traslados do seu persoal funcionario

- 39344 (12/PNP-002920)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de promover e transmitir a música e o baile tradicionais de Galicia

- 39369 (12/PNP-002921)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia das medidas pertinentes para garantir o uso do galego nos servizos prestados polas empresas que subcontrata e, nomeadamente, no procedemento de avaliación de riscos laborais do profesorado



- 39375 (12/PNP-002922)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar as infraestruturas e os procedementos de atención do Centro de Saúde Fontenla Maristany, de Ferrol

- 39398 (12/PNP-002923)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de avanzar cara á gratuidade das matrículas dos mestrados oficiais impartidos polas universidades públicas galegas

- 39400 (12/PNP-002924)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da incorporación nos orzamentos dunha partida específica para cubrir o custo total da gratuidade das primeiras matrículas de mestrado universitario

- 39403 (12/PNP-002925)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que presente ante a Cámara un plan económico e de implantación para a posta en marcha da gratuidade da primeira matrícula dos mestrados universitarios

- 39441 (12/PNP-002926)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que constrúa e poña en marcha no IES Concepción Arenal, de Ferrol, unha pista deportiva cuberta

- 39443 (12/PNP-002927)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da incorporación dunha partida específica nos orzamentos xerais de 2026 para construír unha pista deportiva cuberta no IES Concepción Arenal, de Ferrol

- 39467 (12/PNP-002928)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego da dotación da parroquia de Dodriño, no concello de Dodro, dunha nova estación depuradora de augas residuais

- 39469 (12/PNP-002929)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis



Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que inclúa nos orzamentos de 2026 unha partida específica para financiar unha nova EDAR en Dodriño, no concello de Dodro

- 39492 (12/PNP-002930)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun informe verbo do desenvolvemento e do cumprimento do Plan de ordenación do litoral respecto dos «núcleos de identidade do litoral»

- 39496 (12/PNP-002931)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dun informe relativo aos resultados acadados en materia de actuacións de coordinación e cooperación entre administracións no marco do programa de actuacións previsto no Plan de ordenación do litoral

- 39504 (12/PNP-002932)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da reposición inmediata da praza de pediatra do Centro de Saúde de Dodro

- 39560 (12/PNP-002933)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego co fin de cumprir o marco normativo estatal en materia de prevención, planificación, extinción e outros aspectos relacionados cos incendios forestais

- 39589 (12/PNP-002934)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 8 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da persistencia no impulso de políticas para promocionar a remuda xeracional e a modernización no sector primario

- 39597 (12/PNP-002935)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego de plans formativos para o sector comercial con fin de impulsar a recuperación dos oficios tradicionais e potenciar a remuda xeracional no sector artesán

- 39599 (12/PNP-002936)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que desenvolva iniciativas para o apoio e a posta en valor das prazas de abastos



- 39601 (12/PNP-002937)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da continuidade no seu apoio ao sector olivareiro

- 39609 (12/PNP-002938)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 10 máis

Sobre a proposta de resolución e mais a demanda á Xunta de Galicia que se presentan co fin de manifestar e impulsar o apoio á candidatura de Lugo para albergar a sede da futura Axencia Estatal de Saúde Pública

### **1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**

#### **1.3.6.2.1. Proposicións presentadas**

#### **Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación**

- 39889 (12/PNC-003488)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da adopción de todas as medidas necesarias para garantir a continuidade do emprego e da fábrica de Sargadelos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

#### **Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación**

- 39101 (12/PNC-003428)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de explicacións relacionadas coa retirada da súa colaboración coa Federación de Asociacións de Veciños de Lugo «Lucus Augusti» durante a celebración do Día do Veciño deste ano

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 39130 (12/PNC-003430)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun incremento da dotación do CEIP Torrente Ballester, de Cambre, de profesionais especialistas na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 39140 (12/PNC-003431)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto Variante oeste de Caldas de Reis e acceso do porto de Vilagarcía á AP-9

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 39144 (12/PNC-003432)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 9 máis

Sobre a proposta de resolución e as demandas dirixidas ao Goberno galego que se presentan respecto das verteduras rexistradas no río Sar desde a EDAR da Silvouta, en Santiago de Compostela  
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 39153 (12/PNC-003433)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación na cidade da Coruña dun centro de crise 24 horas para a atención a mulleres vítimas de violencia sexual que sexa de xestión pública directa  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 39166 (12/PNC-003435)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a continuidade do Programa de auxiliares de conversa sen prexuízo económico para as comunidades autónomas  
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 39169 (12/PNC-003436)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da reprogramación inmediata dos fondos Feder non executados para reforzar as políticas públicas de vivenda en Galicia  
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 39170 (12/PNC-003437)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as medidas que o Goberno galego debe tomar co fin de reforzar as políticas públicas de vivenda en Galicia con base nunha reprogramación dos fondos Feder non executados  
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 39171 (12/PNC-003438)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre as medidas que o Goberno galego debe tomar co fin de reforzar as políticas públicas de vivenda en Galicia con base nunha reprogramación dos fondos Feder non executados  
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 39172 (12/PNC-003439)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos



Sobre a demanda ao Goberno galego da reprogramación inmediata dos fondos Feder non executados para reforzar as políticas públicas de vivenda en Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 39176 (12/PNC-003440)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as competencias que a Xunta de Galicia debe reclamar ao Goberno central para a xestión das prazas de funcionarios municipais que son de habilitación estatal

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 39196 (12/PNC-003443)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto de real decreto que vai reformar o regulamento do Observatorio Estatal da Infancia e da Adolescencia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 39200 (12/PNC-003444)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 7 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para conter de forma máis eficaz a actividade ilegal ligada á pesca e ao marisqueo

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 39222 (12/PNC-003445)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego para fortalecer e impulsar o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 39230 (12/PNC-003446)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que presente un informe relativo aos investimentos e ás actuacións de mellora que levou a cabo na estación de autobuses de Ferrol nos últimos dez anos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 39242 (12/PNC-003447)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que acometa con carácter inmediato unha rehabilitación integral da estación de autobuses de Ferrol

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 39244 (12/PNC-003448)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego do incremento da partida orzamentaria prevista para a execución das obras de rehabilitación da estación de autobuses de Ferrol

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 39275 (12/PNC-003449)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar co obxectivo de mellorar o transporte público na comarca de Ortegal

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 39295 (12/PNC-003450)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia respecto das respostas ás preguntas parlamentarias escritas e, en concreto, á referida á execución no segundo trimestre de 2025 do programa 451B, de acceso á vivenda

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 39296 (12/PNC-003451)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia respecto das respostas ás preguntas parlamentarias escritas e, en concreto, á referida á execución no segundo trimestre de 2025 do programa 451B, de acceso á vivenda

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 39301 (12/PNC-003452)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e 2 máis

Sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar a seguridade viaria nas travesías do concello de Cee

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 39306 (12/PNC-003453)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre diversas medidas económicas que a Xunta de Galicia debe impulsar co fin de mellorar o apoio aos proxectos de investimento en actividades non agrarias no rural

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 39311 (12/PNC-003454)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis



Sobre diversas actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de recuperar a produción marisqueira en Galicia

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 39317 (12/PNC-003455)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para mellorar o transporte metropolitano na comarca da Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 39322 (12/PNC-003456)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun proxecto de execución de beirarrúas e pasos de peóns no treito da AC-300 que transcorre polo lugar do Sisto, no concello de Rois

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 39324 (12/PNC-003457)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha partida específica nos orzamentos para a execución de obras de mellora e humanización no treito da AC-300 que transcorre polo Sisto, en Rois

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 39343 (12/PNC-003458)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de axilizar e mellorar a xestión nos concursos de traslados para o seu persoal funcionario

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 39345 (12/PNC-003459)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de promover e transmitir a música e o baile tradicionais de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 39358 (12/PNC-003460)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Fernández Fernández, Secundino

Sobre diversas actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impulso da concentración parcelaria no concello de Lalín

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 39362 (12/PNC-003461)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego en relación coa posta en marcha do servizo de hemodiálise da Estrada

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 39367 (12/PNC-003462)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia das medidas pertinentes para garantir o uso do galego nos servizos prestados polas empresas que subcontrata e, nomeadamente, no procedemento de avaliación de riscos laborais do profesorado

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 39376 (12/PNC-003463)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar as infraestruturas e os procedementos de atención do Centro de Saúde Fontenla Maristany, de Ferrol

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 39399 (12/PNC-003464)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de avanzar cara á gratuidade das matrículas dos mestrados oficiais impartidos polas universidades públicas galegas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 39401 (12/PNC-003465)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da incorporación nos orzamentos dunha partida específica para cubrir o custo total da gratuidade das primeiras matrículas de mestrado universitario

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 39402 (12/PNC-003466)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da incorporación nos orzamentos dunha partida específica para cubrir o custo total da gratuidade das primeiras matrículas de mestrado universitario

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 39404 (12/PNC-003467)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis



Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que presente ante a Cámara un plan económico e de implantación para a posta en marcha da gratuidade da primeira matrícula dos mestrados universitarios

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 39442 (12/PNC-003468)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que constrúa e poña en marcha no IES Concepción Arenal, de Ferrol, unha pista deportiva cuberta

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 39444 (12/PNC-003469)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da incorporación dunha partida específica nos orzamentos xerais de 2026 para construír unha pista deportiva cuberta no IES Concepción Arenal, de Ferrol

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 39445 (12/PNC-003470)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda ao Goberno galego da incorporación dunha partida específica nos orzamentos xerais de 2026 para construír unha pista deportiva cuberta no IES Concepción Arenal, de Ferrol

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 39468 (12/PNC-003471)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego da dotación da parroquia de Dodriño, no concello de Dodro, dunha nova estación depuradora de augas residuais

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 39470 (12/PNC-003472)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que inclúa nos orzamentos de 2026 unha partida específica para financiar unha nova EDAR en Dodriño, no concello de Dodro

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 39471 (12/PNC-003473)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que inclúa nos orzamentos de 2026 unha partida específica para financiar unha nova EDAR en Dodriño, no concello de Dodro

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos



- 39484 (12/PNC-003474)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre diversas medidas que debe pór en marcha a Xunta de Galicia en relación coa ameaza e a prevención da dermatose nodular contaxiosa bovina

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 39491 (12/PNC-003475)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun informe verbo do desenvolvemento e do cumprimento do Plan de ordenación do litoral respecto dos «núcleos de identidade do litoral»

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 39497 (12/PNC-003476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dun informe relativo aos resultados acadados en materia de actuacións de coordinación e cooperación entre administracións no marco do programa de actuacións previsto no Plan de ordenación do litoral

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 39505 (12/PNC-003477)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da reposición inmediata da praza de pediatra do Centro de Saúde de Dodro

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 39559 (12/PNC-003478)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego co fin de cumprir o marco normativo estatal en materia de prevención, planificación, extinción e outros aspectos relacionados cos incendios forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 39588 (12/PNC-003479)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 8 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da persistencia no impulso de políticas para promocionar a remuda xeracional e a modernización no sector primario

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 39598 (12/PNC-003480)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis



Sobre a demanda ao Goberno galego de plans formativos para o sector comercial con fin de impulsar a recuperación dos oficios tradicionais e potenciar a remuda xeracional no sector artesán  
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 39600 (12/PNC-003481)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que desenvolva iniciativas para o apoio e a posta en valor das prazas de abastos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 39602 (12/PNC-003482)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da continuidade no seu apoio ao sector olivareiro

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 39610 (12/PNC-003483)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 10 máis

Sobre a proposta de resolución e mais a demanda á Xunta de Galicia que se presentan co fin de manifestar e impulsar o apoio á candidatura de Lugo para albergar a sede da futura Axencia Estatal de Saúde Pública

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.2. Correccións de erros

#### **Corrección de erros na publicación da pregunta urxente núm. 39284, 12/PUP-000174 (BOPG 290f1, do 26 de novembro de 2025)**

Advertido un erro material nos autores da pregunta urxente núm. 39284, publicada no BOPG núm. 290f1, do 26 de novembro de 2025, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Nas páxs. 137430 e 137448

Onde di:

«- 39284 (12/PUP-000174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria



Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas da sanidade galega no ámbito da atención primaria»

Debe dicir:

«- 39284 (12/PUP-000174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas da sanidade galega no ámbito da atención primaria»

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2025

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 01/12/2025 13:35:21  
**Nº Rexistro: 39860**  
Data envío: 01/12/2025 13:35:21.534

Asinado o día 01/12/2025 ás 13:29  
Por Luis Bará Torres

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Saleta Chao Rivas, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa á Peste Porcina Africana.

Asinado o día 01/12/2025 ás 13:29  
Por Daniel Castro García

## XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada diante da chegada da Peste Porcina Africana ao Estado español e pola necesidade de coñecer canto antes as actuacións que ten previsto levar a cabo a Xunta de Galiza.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa recente notificación por parte de Cataluña de casos de Peste Porcina Africana e debido a que esta enfermidade vírica posúe un carácter altamente contaxioso, o sector do porcino na totalidade do estado amosa actualmente grande preocupación. Os animais afectados, xabaríns neste caso, foron atopados mortos esta pasada semana, aumentando o número de diagnosticados como positivos co paso dos días de xeito alarmante, mais que non sorprende se analizamos que a mortalidade ocasionada pola PPA é moi alta no caso

Asinado o día 01/12/2025 ás 13:29  
Por Ana Pontón Mondelo



dalgunhas cepas do virus, cunha morbilidade que roza o 100%, co que isto implicaría no sector galego de producirse o contaxio aos animais domésticos.

Estamos a falar dunha enfermidade de declaración obrigatoria segundo o RD 779/2023, característica que implica que se notificarán de xeito inmediato os casos positivos detectados de seren confirmados en laboratorio, como sucedeu cos xabaríns que se atoparon mortos o 26 deste pasado novembro e que supuxeron a chegada da PPA ao Estado español, que non a sufría dende 1994. Unha vez activado o manual práctico de operacións de loita contra a enfermidade este fito supón a delimitación da zona infectada, a busca activa e a eliminación baixo control oficial dos cadáveres dos xabaríns, coa prohibición da caza para evitar o movemento destes animais. A maiores implántase neste caso o reforzo e vixilancia pasiva, as medidas de bioseguridade nas explotacións e as restricións de actividades non esenciais co obxecto de controlar e erradicar o antes posible o gromo da enfermidade sen que continúe avanzando.

No caso particular do sector porcino galego, temos algo máis de 1200 explotacións dedicadas á cría de cebo e de nais, cunha xeración de emprego de máis de 2000 postos de traballo directos e unha clara intensificación nas últimas décadas, aínda que quedan máis de 1000 explotacións destinadas ao autoconsumo. Somos a comunidade do estado que máis cebo produce cun aumento do 7,6% entre o 2016 e o 2021, onde as ganderías que destinan os seus animais a sacrificio acadan practicamente o 90% das existentes, erguéndonos co maior aumento de explotacións nos últimos anos de xeito sostido. Non entanto, o reparto territorial é variable, sendo Lugo quen ostenta a maior cantidade de explotacións, seguida de Pontevedra e A Coruña, con Ourense á cola no número de granxas desta especie.

O sector porcino galego representa o 4% da produción estatal, co que iso implica economicamente, superando os 720 millóns de euros anuais de facturación directa. É, polo tanto, unha parte do sector primario moi importante no noso país e que merece da protección necesaria para que, no caso da PPA e no doutras enfermidades que poden chegar ao país ou xa están nel, non ameacen as nosas producións ou as nosas exportacións. Este feito ameaza claramente o noso mercado, podendo chegar a colapsar a cadea coa saturación dos matadoiros, feito que suporía un duro golpe a nivel de prezos da carne.



Dado o elevado risco de transmisión da enfermidade e a súa posible chegada, as medidas preventivas deben ser primordiais neste momento, máis aínda cando recentemente se veñen declarando en Galiza zonas de emerxencia cinexética polo elevado número de exemplares de xabarín presentes. Isto, que xa trae aparelado un risco en canto aos accidentes de tráfico ocasionados por parte destes suídos, tamén implica un grave risco en canto á transmisión de enfermidades. Entre elas destacan a que nos ocupa na actualidade, a Peste Porcina Africana, mais tamén a enfermidade de Aujeszky, a febre aftosa, a peste porcina clásica e outras. É imprescindible tomar medidas ao respecto por parte da Consellería de Medio Rural que protexan tanto aos nosos animais coma aos nosos produtores/as.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar un plan de xestión do xabarín con medidas integrais baseadas en criterios científicos e técnicos e un orzamento mantido no tempo que permita controlar a poboación deste suído no país, coas problemáticas asociadas a esta e o control das enfermidades que pode transmitir.

2. Levar a cabo un control exhaustivo por parte da Xunta de Galiza no caso das especies silvestres susceptibles de ser contaxiadas e transmisoras de enfermidades, con tomas de mostras máis estendidas para a análise destes animais e a detección precoz de afectados entre eles que permita responder de xeito rápido, levando a cabo unha vixilancia efectiva, que nos garantan ter unha valoración real sobre a situación do país.

3. Levar a cabo campañas informativas para a concienciación tanto dos produtores coma do resto da poboación, trasladando as problemáticas derivadas do contaxio das enfermidades no noso sector porcino e os seus posibles efectos, con información oficial e fiable que evite o alarmismo e afecte negativamente ás nosas producións e consumo.



4. Revisar os plans de continxencia e activar as medidas preventivas necesarias fronte a un posible gromo de PPA, favorecendo unha resposta rápida ante a posible entrada da enfermidade vírica no noso país e minimizando o impacto na nosa sanidade animal e economía.

5. Solicitar a territorialización do gromo de PPA con vistas a que as exportacións do sector porcino galego non se vexan afectadas co resto do estado en canto á súa exportación”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 01/12/2025 13:29:33  
Daniel Castro García na data 01/12/2025 13:29:51  
Luis Bará Torres na data 01/12/2025 13:29:58  
Olalla Rodil Fernández na data 01/12/2025 13:30:04  
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/12/2025 13:30:11  
Paulo Ríos Santomé na data 01/12/2025 13:30:19  
Rosana Pérez Fernández na data 01/12/2025 13:30:27  
Ariadna Fernández González na data 01/12/2025 13:30:34  
Iria Carreira Pazos na data 01/12/2025 13:30:43  
José Manuel Golpe Acuña na data 01/12/2025 13:30:55  
Secundino Fernández Fernández na data 01/12/2025 13:31:08  
Carmela González Iglesias na data 01/12/2025 13:31:20  
Sonia Vidal Lamas na data 01/12/2025 13:31:28  
Montserrat Valcárcel Armesto na data 01/12/2025 13:31:34  
Saleta Chao Rivas na data 01/12/2025 13:31:44  
Óscar Insua Lema na data 01/12/2025 13:31:51  
María Montserrat Prado Cores na data 01/12/2025 13:32:00  
Ramón Fernández Alfonso na data 01/12/2025 13:32:10  
Alexandra Fernández Gómez na data 01/12/2025 13:32:18  
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 01/12/2025 13:32:33  
Mercedes Queixas Zas na data 01/12/2025 13:32:40  
Cristina Fernández Davila na data 01/12/2025 13:32:50  
Noa Presas Bergantiños na data 01/12/2025 13:32:55  
Iago Suárez Fernández na data 01/12/2025 13:33:01  
Iria Taibo Corsanego na data 01/12/2025 13:33:07



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/12/2025 13:35:21**  
**Nº Rexistro: 39860**  
Data envío: 01/12/2025 13:35:21.534

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/12/2025 13:35:22

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Saleta Chao Rivas, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a situación que están a vivir os traballadores e traballadoras da factoría de Sargadelos e as medidas que debe tomar a Xunta de Galiza.

## XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada diante da situación na que se atopan os traballadores e traballadoras de Sargadelos en Cervo, así como polo futuro da factoría.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 27 de novembro o dono de Sargadelos notificoulle aos representantes do persoal o inicio dun procedemento de regulación temporal de emprego (ERTE) por forza maior con efectos desde ese mesmo día e ata o 15 de decembro e que afecta directamente a un total de 86 persoas.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Ao mesmo tempo o propio dono comunicou ao Xulgado do Mercantil número 2 da Coruña a súa "dimisión como xestor ou CEO" da fábrica de cerámica galega, mentres deixaba na rúa a todo o persoal traballador sen poder acceder á factoría.

De novo, volvemos estar ante unha situación de total indefensión para os traballadores e traballadoras que volven ver como o seu futuro laboral volve pender dun fío, dun xeito que novamente volven falar dunha “tomadura de pelo”.

Ante esta situación tan grave, que afecta a unha comarca que xa sufriu e segue sufrindo unha difícil situación industrial, o goberno galego volve mostrarse coma un goberno inútil incapaz de reconducir a situación e garantir o traballo e o mantemento da histórica factoría de cerámica.

Por estes motivos e ante a continua incerteza que se leva vivindo na factoría situada en Cervo é vital que a Xunta de Galiza tome parte neste asunto e interveña coas medidas que sexan necesarias co obxectivo de garantir a continuidade do emprego e da factoría.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a intervir coas medidas que sexan necesarias na factoría de Sargadelos situada no concello de Cervo co obxectivo de garantir a continuidade do emprego e da fábrica”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 01/12/2025 16:53:48  
Daniel Castro García na data 01/12/2025 16:53:55  
Luis Bará Torres na data 01/12/2025 16:54:02  
Olalla Rodil Fernández na data 01/12/2025 16:54:09  
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/12/2025 16:54:15  
Paulo Ríos Santomé na data 01/12/2025 16:54:22  
Rosana Pérez Fernández na data 01/12/2025 16:54:29  
Ariadna Fernández González na data 01/12/2025 16:54:37  
Iria Carreira Pazos na data 01/12/2025 16:54:46  
José Manuel Golpe Acuña na data 01/12/2025 16:54:54  
Secundino Fernández Fernández na data 01/12/2025 16:55:02  
Carmela González Iglesias na data 01/12/2025 16:55:10  
Sonia Vidal Lamas na data 01/12/2025 16:55:17  
Montserrat Valcárcel Armesto na data 01/12/2025 16:55:25  
Saleta Chao Rivas na data 01/12/2025 16:55:32  
Óscar Insua Lema na data 01/12/2025 16:55:39  
María Montserrat Prado Cores na data 01/12/2025 16:55:46  
Ramón Fernández Alfonso na data 01/12/2025 16:55:53  
Alexandra Fernández Gómez na data 01/12/2025 16:56:02  
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 01/12/2025 16:56:11  
Mercedes Queixas Zas na data 01/12/2025 16:56:19  
Cristina Fernández Davila na data 01/12/2025 16:56:25  
Noa Presas Bergantiños na data 01/12/2025 16:56:31  
Iago Suárez Fernández na data 01/12/2025 16:56:37  
Iria Taibo Corsanego na data 01/12/2025 16:56:43



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/12/2025 17:13:51**  
**Nº Rexistro: 39890**  
Data envío: 01/12/2025 17:13:51.461

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/12/2025 17:13:52

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa das súas diputadas, **Lara Méndez López** e **María Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en pleno**.

A Federación de Asociacións de Veciños de Lugo «*Lucus Augusti*» é un órgano que representa a máis de 20.000 socios agrupados nas case 300 Asociacións de Veciños federadas de toda a Provincia de Lugo, trátase da Federación veciñal mais importante de Galicia; e un 80% destas 300 Asociacións Veciñais pertencen ao rural.

Esta Federación naceu o 29 de setembro do ano 1992 co que xa atesoura máis de 30 anos de movemento veciñal. Traballando nos fins establecidos nos seus estatutos, como o estudo dos problemas comúns das asociacións de veciños e veciñas federadas, buscando a súa resolución tanto no ámbito da vida social coma particular, tanto no medio rural coma no urbano, coa finalidade de mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar a participación veciñal e a cohesión social, contribuíndo a satisfacer as necesidades e aspiracións de toda a poboación.

Son moitas as actividades que realizan ao longo de todo o ano e por todo o territorio sendo algunha destacada, como é o día do veciño. Trátase dun día de encontro entre veciños e veciñas de toda a provincia nun acto de confraternidade e lúdico, que este ano 2025 reuniu a preto de 5.000 veciños e veciñas de toda a provincia, celebrada a súa XXIII edición.



Dende a Xunta de Galicia todos os anos se viña colaborando con esta cita que pon en valor o movemento veciñal a par que se pasa un día de convivencia entre veciños e administracións para escoitar as súas demandas e reivindicacións.

Este ano a Xunta de Galicia non só optou por non colaborar con esta cita logo de 33 anos de celebración, senón que contraprogramou outra para, como ven sendo practica habitual nos últimos anos en Lugo, confrontar e dividir a veciñanza cousa inaudita por parte dunha administración e os seus gobernantes.

O mesmo día e a mesma hora, o partido popular utilizando recursos públicos da xunta de Galicia organizou un evento denominado “*Xuntos Polos Nenos*”. Ese día se desenvolveu coas seguintes actuacións e actos:

- Actuación de Uxía Lambona.
- Actuación vermú a cargo do Grupo Alba.
- Comida gratuíta composta por: Xamón cocido, Churrasco, Chourizos, Empanada e Postre.
- Actuación musical (sen especificar por parte de quen no cartel, logo veuse que foi a cargo de Pili Pampin).
- A maiores instaláronse inchables para os nenos, pintacaras e diversas carpas...

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:



O Parlamento de Galicia, logo de oír as explicacións do Goberno galego, insta a Xunta de Galicia a:

1. Dar conta do por que, logo de máis de trinta anos colaborando coa federación de veciños «*Lucus Augusti*» na celebración do día do veciño, este ano 2025 lles foi retirada dita colaboración por parte da Xunta de Galicia.
2. Que explique por que contraprogramou un acto coincidindo día, hora e case lugar a celebración do día do veciño.
3. Dar conta do coste da celebración do acto denominado “*Xuntos Polos Nenos*” , na que se inclúa o total do coste así como o desglose por cada actuación e polas instalacións e servizos que se puxeron a disposición dos participantes do acto.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 21/11/2025 10:25:23

Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/11/2025 10:25:32

José Ramón Gómez Besteiro na data 21/11/2025 10:25:42



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2025 10:30:41**  
**Nº Rexistro: 39102**  
Data envío: 21/11/2025 10:30:41.100

CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2025 10:30:41**  
**Nº Rexistro: 39102**  
Data envío: 21/11/2025 10:30:41.100

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/11/2025 10:30:41**

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2025 11:53:36**  
**Nº Rexistro: 39108**  
Data envío: 21/11/2025 11:53:36.168

Asinado o día 21/11/2025 ás 11:52  
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A realidade do mercado do alugueiro en Galicia amosa unha grande fragmentación e escaseza de oferta accesible, o que xera prezos elevados e precariedade residencial. Ao mesmo tempo, existen milleiros de vivendas baleiras que permanecen fóra do mercado por falta de garantías, seguridade xurídica ou incentivos adecuados para os seus propietarios e propietarias.

Asinado o día 21/11/2025 ás 11:52  
Por Carlos López Font

Outras comunidades autónomas xa teñen posto en marcha experiencias exitosas de intermediación pública, mediante bancos de aluguer que conectan propietarios e propietarias e inquilinas e inquilinos baixo a tutela da administración. Estes mecanismos permiten mobilizar vivendas baleiras, asegurar prezos razoables e ofrecer garantías tanto a persoas propietarias como a arrendatarios e arrendatarios, cun claro beneficio social.

Galicia precisa un Banco Público de Aluguer, que actúe como instrumento para incrementar a oferta de vivenda en alugueiro a prezos asumibles, fomentar a confianza das persoas propietarias e garantir dereitos para quen precisa acceder a unha vivenda digna.

Asinado o día 21/11/2025 ás 11:52  
Por Aitor Bouza Manso

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

138976

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/11/2025 11:53:36  
**Nº Rexistro: 39108**  
Data envío: 21/11/2025 11:53:36.168

Crear antes de que remate o presente ano un Banco Público de Aluguer de Galicia, xestionado pola Administración autonómica como mediadora e no que se:

- a) Estableza un sistema de garantías públicas para as persoas propietarias que cedan as súas vivendas a este banco, cubrindo posibles non pagamentos e danos.
- b) Fixe que os prezos do alugueiro no marco deste banco sexan sempre asequibles, nunca superiores ao 30 % da renda media dispoñible das familias.
- c) Subscriban contratos de aluguer de longa duración polas vivendas que se incorporen a este banco.
- d) Poñan en marcha campañas de información para fomentar que as persoas propietarias de vivendas baleiras se incorporen ao programa.

Santiago de Compostela, a 21 de novembro do 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

138977

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 21/11/2025 11:52:43

Carlos López Font na data 21/11/2025 11:52:49

José Ramón Gómez Besteiro na data 21/11/2025 11:52:56



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2025 11:53:36**  
**Nº Rexistro: 39108**  
Data envío: 21/11/2025 11:53:36.168

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2025 11:53:36**  
**Nº Rexistro: 39108**  
Data envío: 21/11/2025 11:53:36.168

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/11/2025 11:53:36

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Gonzalo Trenor López, Moisés Rodríguez Pérez, e Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno.**

## Exposición de Motivos

O Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible decidiu impulsar este verán o proxecto da “Variante Oeste de Caldas de Reis e Acceso do Porto de Vilagarcía á AP-9” en torno ás estradas nacionais N-640 e N-550 tras moitos anos nos que tivo sumida esta actuación no esquecemento e o abandono.

A reactivación desta infraestrutura, moi necesaria para a vila de Caldas de Reis e o seu desenvolvemento e tamén, para a comarca do Umia, estase a acometer a través dun estudo informativo con seis propostas de trazado que foron decididas unilateralmente polo Ministerio e/ou pola empresa redactora, sen falar cos veciños e cos concellos afectados.

O PSOE, tanto desde o Ministerio como das administracións galegas nas que ten competencias, está tratando de sacar adiante esta Variante Oeste de Caldas cunha actitude totalmente escurantista, motivo polo cal abriuse a fase de exposición pública para o mes de agosto con nula publicidade tanto dos responsables estatais como do propio Concello de Caldas de Reis.

O Ministerio de Transportes e o Goberno de España limitáronse a revogar a urxencia e ampliar o prazo de exposición pública ata o 5 de novembro –solicitado exclusivamente polo PP de Caldas–, para frear o enorme malestar dos veciños, en vez de atender ás peticións impulsadas polo noso partido e aprobadas por unanimidade nos Plenos do concellos de Caldas de Reis e Portas, e que pasan pola anulación inmediata do actual estudo informativo e o encargo urxente dun novo proxecto que recolla trazados cunha menor afección e impacto sobre estes dous termos municipais.

Asinado o día 21/11/2025 ás  
14:33  
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladar as seguintes demandas:

1. Anular, de xeito inmediato, o actual estudo informativo do proxecto “Variante Oeste de Caldas de Reis e Acceso do Porto de Vilagarcía á AP-9” polas graves afeccións de todos os trazados propostos no mesmo aos territorios de Caldas de Reis e Portas.
2. Iniciar con urxencia a redacción dun novo estudo informativo para a próxima construción da Variante Oeste de Caldas de Reis en torno ás estradas nacionais N-640 e N-550, excluindo o acceso ao Porto de Vilagarcía, que conteña alternativas de trazado que se adapten os acordos unánimes dos Plenos dos concellos de Caldas de Reis e Portas do ano 2008, e que sexan aceptadas pola veciñanza, cunha menor afección e lesividade sobre os termos municipais de Caldas de Reis e Portas.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 21/11/2025 14:33:13



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39141**  
Data envío: 21/11/2025 14:35:34.594

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/11/2025 14:35:35



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39141**  
Data envío: 21/11/2025 14:35:34.594

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Borja Vereza Fraiz, Gonzalo Trenor López, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

### Exposición de Motivos

O pasado 11 de outubro de 2025, tras diversas chamadas aos servizos de emerxencia autonómicos, detectouse un vertido contaminante no río Sar. Augas de Galicia, realizou as medicións e investigacións pertinentes que determinaron que a orixe do vertido estaba na EDAR da Silvouta, depuradora titularidade do Concello de Santiago na que a empresa pública ACUAES, dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, está a acometer obras para a construción dunha nova planta que permitirá mellorar a capacidade de deputación das augas residuais da capital de Galicia.

Como era de agardar, o vertido xerou unha alarma social nos concellos limítrofes e, o máis importante, un dano medioambiental e no ecosistema do río Sar que, dada a súa traxectoria, prexudicou a outros catro concellos, ao río Ulla e á ría de Arousa.

Con todo isto, o goberno local de Santiago de Compostela, do BNG, non compareceu nin deu ningunha información pública que explicase o acontecido. Comportamento que provocou a esixencia de explicacións por parte dos concellos afectados e da propia cidadanía. O goberno nacionalista actuou cunha inexplicable falta de transparencia e irresponsabilidade ao non reaccionar desde o primeiro momento, como titulares da EDAR, para dar as explicacións pertinentes.

Tiveron que pasar 9 días, logo das numerosas esixencias e críticas ao goberno de Goretti Sanmartín, para que se producise unha reunión de emerxencia coa finalidade de diagnosticar o sucedido. Un encontro no que a alcaldesa de Santiago quedou en evidencia ao coñecerse que a administración local non esixira responsabilidades a ACUAES, non se levou a cabo a activación de ningún protocolo e non se puxo en marcha un plan de continxencia para evitar, se fose posible nese momento, os danos da contaminación. En resumidas contas, non se tomaron decisións por parte dun goberno local evidenciando incapacidade de xestión.





Cabe destacar que, grazas á empresa autonómica Augas de Galicia, ás chamadas dos veciños e veciñas e as súas medicións no río Sar, foi a única vía pola que transcendeu o sucedido e, tamén a Xunta promoveu os traballos de investigación para detectar a magnitude do vertido e, por suposto, facer un seguimento e control do río.

Con todo isto, a día de hoxe, aínda non coñecemos cales van ser as medidas a adoptar contra a empresa pública ACUAES, titular da obra, nin se o concello de Santiago puxo en marcha algún procedemento sancionador ante este vertido sen precedentes e, o máis importante, como se ten pensado recuperar o ecosistema do río Sar.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia acorda, como Resolución, reprobar ao goberno local do BNG do concello de Santiago de Compostela pola súa nefasta actuación tras o vertido da depuradora de A Silvouta ao río Sar.

Asemade insta á Xunta de Galicia a:

1º Solicitar ao Concello de Santiago de Compostela un control constante durante o desenvolvemento das obras da depurada para evitar novos e futuros vertidos.

2º Iniciar o procedemento sancionador que proceda contra empresa pública ACUAES, dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico polo vertido producido ao río Sar.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 21/11/2025 14:37:59



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/11/2025 16:30:00  
**Nº Rexistro: 39143**  
Data envío: 21/11/2025 14:38:27.576

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/11/2025 14:38:28



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39143**  
Data envío: 21/11/2025 14:38:27.576

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/11/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 39154**  
Data envío: 24/11/2025 09:22:58,105

Asinado o día 24/11/25  
09:21  
Por Olalla Rodil Ferné

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a demanda de creación dun centro de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual na cidade da Coruña.

Asinado o día 24/11/2025 ás  
09:21  
Por Noa Presas Bergantiños

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O medre e a virulencia da violencia machista require do maior investimento en recursos públicos para previla e para afrontala con diferentes programas específicos unha vez que se produce.

O pasado ano houbo en Galiza un total de 880 delitos coñecidos contra a liberdade sexual, malia a propia Xunta recoller nos seus informes que os programas específicos atenderon en torno ás 130 vítimas.

Os centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual son recursos especializados abertos as 24 horas os 365 días do ano.

Na actualidade están en funcionamento nas cidades de Vigo, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo e Ourense. Mais a Xunta decidiu privatizar este servizo público fundamental e, en consecuencia, precarizalo cunha oferta de servizo de atención infradotado e insuficiente.

Agora que está a piques de se cumprir o primeiro ano da externalización deste servizo, e cunha absoluta falta de transparencia do labor desenvolvido por estes centros e de ocultación dos datos por parte da Xunta, como o número de persoas atendidas polo

Asinado o día 24/11/2025 ás  
09:21  
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

servizo, a cifra de vítimas de violencia sexual e de vítimas menores, a cantidade de horas prestadas efectivas de atención psicolóxica, social ou xurídica ou as actividades de sensibilización rexistradas ou derivacións a outros recursos, é hora de a Xunta recuperar para a xestión pública os centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e completar a oferta deste importante servizo noutras cidades galegas que contan cunha elevada densidade demográfica e cunha alta demanda de atención ás mulleres como é o caso da cidade da Coruña que xa supera os 250.000 habitantes.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a crear un centro de crise 24 horas para vítimas da violencia machista na cidade da Coruña de xestión pública directa a cargo da Xunta”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/11/2025 9:21:47

Noa Presas Bergantiños na data 24/11/2025 9:21:52

Olalla Rodil Fernández na data 24/11/2025 9:21:58



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/11/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 39154**  
Data envío: 24/11/2025 09:22:58.105

CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 9:22:58



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 39154**  
Data envío: 24/11/2025 09:22:58.105

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

### Exposición de Motivos

No marco da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional impulsa diferentes iniciativas para mellorar as competencias do alumnado nesta materia. Entre elas, destaca o programa de Auxiliares de Conversa que favorece a práctica oral e o reforzo das habilidades comunicativas entre o alumnado.

Este programa desenvólvese abeiro dun acordo de colaboración co Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes que é o responsable de convocar e seleccionar ás persoas candidatas en virtude de convenios bilaterais de cooperación asinados entre España e os países participantes e de memorandos de entendemento subscritos con diversos departamentos de Educación de Estados Unidos e Canadá.

O Ministerio é quen determina as condicións de participación e establece o número de prazas mentres que as comunidades xestionan e asumen o financiamento, aínda que sen competencias directas sobre a normativa laboral aplicable. No caso galego, a Xunta de Galicia financia arredor do 95 % dos 545 auxiliares que chegan ao abeiro deste acordo.

Sen embargo, tal como coñecemos hai uns meses, o Ministerio de Traballo e Economía Social, a través da Inspección de Traballo, realizou unha actuación na provincia de Sevilla que cuestiona a figura dos auxiliares tal e como está configurada polo propio Goberno bipartito do Estado. Esta situación pon de manifesto unha falta de coordinación interna cando menos preocupando e, o máis máis grave, pon en risco a continuidade dun programa altamente positivo para o alumnado.

Desde o Grupo Popular consideramos urxente que o Goberno poña xa en marcha as medidas necesarias para garantir a continuidade do programa de Auxiliares de Conversa, que non mire para outro lado, e que a mala xestión e a falta de diálogo entre Ministerios non se traduza nun prexuízo para os estudantes galegos.

Asinado o día 24/11/2025 ás  
10:19  
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a que tome con urxencia as medidas necesarias para garantir a continuidade do Programa de Auxiliares de Conversa, asegurando ao mesmo tempo que a súa aplicación non supoña un prexuízo económico para as comunidades autónomas.”

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/11/2025 10:19:15



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:20:53**  
**Nº Rexistro: 39165**  
Data envío: 24/11/2025 10:20:53.427

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:20:53**  
**Nº Rexistro: 39165**  
Data envío: 24/11/2025 10:20:53.427

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 10:20:54

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/11/2025 10:28:28  
Nº Rexistro: 39175  
Data envío: 24/11/2025 10:28:28.915

Asinado o día 24/11/2025 ás 10:23  
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Galicia vive hoxe unha emerxencia habitacional que afecta a milleiros de mozos e mozas, familias e persoas traballadoras que non poden acceder a unha vivenda digna a prezos asumibles. O rexistro único de demandantes non deixa de medrar ano tras ano, ao tempo que a Xunta do Sr. Rueda continúa acumulando baixas taxas de execución orzamentaria nas partidas destinadas á vivenda, limitando a capacidade real de resposta ante esta situación.

A recente oportunidade aberta pola Comisión Europea, que permite reorientar antes do 31 de decembro os fondos FEDER non executados, supón un mecanismo extraordinario para impulsar políticas eficaces de vivenda pública. Esta posibilidade pode marcar a diferenza entre actuar con determinación fronte á emerxencia habitacional ou, pola contra, perder unha oportunidade histórica para reforzar un dereito básico como é o acceso á vivenda.

Dende o Partido Socialista comprobamos, a través dos contactos institucionais que mantivo o noso voceiro parlamentario, José Ramón Gómez Besteiro, en Bruxelas, que as e os responsables comunitarios sinalan con claridade a importancia de que os territorios aproveiten esta xanela de oportunidade. Nesas xuntanzas abordouse a necesidade de avanzar non só na execución de nova vivenda social, senón tamén en reforzar as políticas de rehabilitación e en poñer en marcha un Banco de Alugueiro que permita mobilizar vivenda baleira, frear as infravivendas e combater a especulación inmobiliaria.

Asinado o día 24/11/2025 ás 10:23  
Por Carlos López Font

Asinado o día 24/11/2025 ás 10:22  
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

138996

28071 Madrid

Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:28:28**  
**Nº Rexistro: 39175**  
Data envío: 24/11/2025 10:28:28.915

Así mesmo, ponse o foco na necesidade de incrementar de maneira substancial os fondos europeos destinados á vivenda pública, asegurando que as novas promocións se manteñan de forma permanente no parque público e contribúan a ampliar a oferta dispoñible a prezos asumibles.

No entanto, para que Galicia poida aproveitar esta xanela de oportunidade, a Xunta debe actuar con urxencia, dotándose dun plan claro de reprogramación dos fondos europeos non executados e orientándoos ás áreas prioritarias, como a construción de vivenda pública, a mobilización de vivendas baleiras, a rehabilitación e eficiencia enerxética, o reforzo dun parque público estable de alugueiro e o impulso de iniciativas que permitan baixar os prezos e ampliar as oportunidades de emancipación xuvenil.

Nun contexto no que medran os demandantes de vivenda e diminúe a capacidade executiva do Goberno galego en materia residencial, non é aceptable deixar perder recursos europeos que poderían contribuír a ofrecer respostas reais nun momento crítico.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar no prazo de 1 mes un plan detallado de reprogramación, no que se concreten os importes dispoñibles, o destino destes fondos e os proxectos prioritarios para incrementar o parque público de vivenda e mellorar a accesibilidade á mesma.
2. Garantir que os recursos europeos se destinen a vivenda pública de carácter permanente, evitando calquera privatización futura ou saída ao mercado libre.





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:28:28**  
**Nº Rexistro: 39175**  
Data envío: 24/11/2025 10:28:28.915

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)



**981.55.15.30**

138998

**28071 Madrid**

**@PSdeG**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:28:28**  
**Nº Rexistro: 39175**  
Data envío: 24/11/2025 10:28:28.915

Aitor Bouza Manso na data 24/11/2025 10:22:58

Carlos López Font na data 24/11/2025 10:23:08,24/11/2025 10:23:47

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 10:23:20,24/11/2025 10:23:55

CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 10:28:29



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:28:28**  
**Nº Rexistro: 39175**  
Data envío: 24/11/2025 10:28:28.915

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/11/2025 10:28:53  
Nº Rexistro: 39178  
Data envío: 24/11/2025 10:28:53,249

Asinado o día 24/11/2025  
10:25  
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Galicia vive hoxe unha emerxencia habitacional que afecta a milleiros de mozos e mozas, familias e persoas traballadoras que non poden acceder a unha vivenda digna a prezos asumibles. O rexistro único de demandantes non deixa de medrar ano tras ano, ao tempo que a Xunta do Sr. Rueda continúa acumulando baixas taxas de execución orzamentaria nas partidas destinadas á vivenda, limitando a capacidade real de resposta ante esta situación.

A recente oportunidade aberta pola Comisión Europea, que permite reorientar antes do 31 de decembro os fondos FEDER non executados, supón un mecanismo extraordinario para impulsar políticas eficaces de vivenda pública. Esta posibilidade pode marcar a diferenza entre actuar con determinación fronte á emerxencia habitacional ou, pola contra, perder unha oportunidade histórica para reforzar un dereito básico como é o acceso á vivenda.

Dende o Partido Socialista comprobamos, a través dos contactos institucionais que mantivo o noso voceiro parlamentario, José Ramón Gómez Besteiro, en Bruxelas, que as e os responsables comunitarios sinalan con claridade a importancia de que os territorios aproveiten esta xanela de oportunidade. Nesas xuntanzas abordouse a necesidade de avanzar non só na execución de nova vivenda social, senón tamén en reforzar as políticas de rehabilitación e en poñer en marcha un Banco de Alugueiro que permita mobilizar vivenda baleira, frear as infravivendas e combater a especulación inmobiliaria.

Asinado o día 24/11/2025 ás  
10:24  
Por Carlos López Font

Asinado o día 24/11/2025 ás  
10:23  
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

139001

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:28:53**  
**Nº Rexistro: 39178**  
Data envío: 24/11/2025 10:28:53,249

Así mesmo, ponse o foco na necesidade de incrementar de maneira substancial os fondos europeos destinados á vivenda pública, asegurando que as novas promocións se manteñan de forma permanente no parque público e contribúan a ampliar a oferta dispoñible a prezos asumibles.

No entanto, para que Galicia poida aproveitar esta xanela de oportunidade, a Xunta debe actuar con urxencia, dotándose dun plan claro de reprogramación dos fondos europeos non executados e orientándoos ás áreas prioritarias, como a construción de vivenda pública, a mobilización de vivendas baleiras, a rehabilitación e eficiencia enerxética, o reforzo dun parque público estable de alugueiro e o impulso de iniciativas que permitan baixar os prezos e ampliar as oportunidades de emancipación xuvenil.

Nun contexto no que medran os demandantes de vivenda e diminúe a capacidade executiva do Goberno galego en materia residencial, non é aceptable deixar perder recursos europeos que poderían contribuír a ofrecer respostas reais nun momento crítico.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reprogramar de maneira inmediata os fondos FEDER non executados antes do 31 de decembro, segundo permite a Comisión Europea, destinándoos especificamente a reforzar as políticas públicas de vivenda en Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

139002

**28071 Madrid**

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/11/2025 10:23:40

Carlos López Font na data 24/11/2025 10:24:58

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 10:25:07



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/11/2025 10:28:53  
**Nº Rexistro: 39178**  
Data envío: 24/11/2025 10:28:53,249

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 10:28:53



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:28:53**  
**Nº Rexistro: 39178**  
Data envío: 24/11/2025 10:28:53,249

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 24/11/2025 ás 10:26  
Por Ana Pontón Mont

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Óscar Insua Lema** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de solicitar as competencias ao Estado para xestionar a cobertura de prazas de funcionarios habilitados do Estado nos concellos galegos.

Asinado o día 24/11/2025 ás 10:26  
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo as últimas informacións publicadas, existen 53 concellos galegos afectados pola falla de cobertura de prazas de Secretario/a, interventor/a ou tesoureiro/a, todos elas prazas do corpo de funcionarios habilitados de carácter estatal. Dos 563 postos que existen para estes funcionarios nas entidades locais galegas, hai arredor de 166 que seguen sen cubrirse de forma definitiva, namentres que a última convocatoria da Administración Xeral do Estado lanzou unha convocatoria de 1.000 prazas, mais só 31 corresponden a prazas a cubrir en Galiza. Unha medida que non soluciona un problema que preocupa moito aos alcaldes e alcaldesas do noso país, pois estes funcionarios son a garantía do cumprimento da legalidade e de dar fe pública, do asesoramento legal preceptivo, do control e fiscalización interna da xestión económica-financeira e orzamentaria e a función de contabilidade e de tesourería e recadación.

Asinado o día 24/11/2025 ás 10:26  
Por Óscar Insua Lema

Outros territorios do Estado optaron por solicitar as competencias para seleccionar, formar, nomear, asignar e convocar prazas en procesos de provisión vacantes de secretarios, tesoureiros e interventores municipais nas comisións bilaterais e nas comisións mixtas de transferencias, como no caso de Catalunya, que as solicitou en febreiro deste mesmo ano e xa no mes de xuño foron quen de publicar a convocatoria





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

dos procesos selectivos, o que supuxo dar unha solución inmediata e eficaz para paliar a lentitude coa que se resolve dende o ministerio en Madrid.

Un exemplo da necesidade de descentralizar estas funcións do Estado, é o que se vén desenvolvendo dende o ano 2017 pola Xunta de Galiza, dende outra perspectiva pero coa mesma finalidade, coa creación e xestión dunha bolsa de persoal interino co fin de cubrir estas prazas vacantes que tardan anos e anos sen que alguén tome posesión delas de forma definitiva. O carácter provisional que posúe esta iniciativa, na práctica convértese en permanente no tempo en moitos dos casos, o que significa que moitos destes funcionarios interinos acaban exercendo as mesmas funcións e nos mesmos termos e cos mesmos efectos que os que faría calquera funcionario habilitado, polo que de facto, é difícil de crer que o goberno da Xunta de Galiza se negue a pedir esta competencia de levar a cabo a xestión da selección e nomeamento deste persoal, por considerala inconstitucional cando o está a facer igualmente, cuasi nos mesmos termos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a solicitar ao goberno do Estado a transferencia a Galiza das competencias para seleccionar, formar, nomear, asignar e convocar prazas en procesos de provisión vacantes de secretarios, tesoureiros e interventores nos concellos galegos”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 24/11/2025 10:26:32

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/11/2025 10:26:41

Ana Pontón Mondelo na data 24/11/2025 10:26:51



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/11/2025 10:29:16  
**Nº Rexistro: 39179**  
Data envío: 24/11/2025 10:29:16.355

CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 10:29:16



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:29:16**  
**Nº Rexistro: 39179**  
Data envío: 24/11/2025 10:29:16.355

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

O Observatorio estatal da infancia e a adolescencia foi creado o ano 1.999 para ser un espazo dedicado á promoción e defensa dos dereitos da infancia e a adolescencia en España. O obxectivo do Observatorio é vixiar e facer seguimento do benestar e a calidade de vida da poboación infantil e adolescente, así como das políticas públicas que afectan á infancia e á adolescencia en relación ao seu desenvolvemento, implantación e efectos das mesmas neste grupo de poboación.

O regulamento do Observatorio sinala que o pleno está composto por un/ha presidente/a, vicepresidencia 1ª, vicepresidencia 2ª e corenta e cinco vogais entre os cales se atopan un representante de cada unha das Comunidades Autónomas con rango mínimo de Director/a Xeneral designado polo Conselleiro/a responsable da protección á infancia a súa composición.

Fai uns días coñecemos que o borrador de proxecto de Real Decreto do Goberno central pretende reducir a representatividade das comunidades autónomas no Observatorio Estatal da Infancia e a Adolescencia, pasando das 17 actuais a tan só seis. Esta diminución suporía, na práctica, a expulsión de Galicia e doutros territorios que exercen de maneira exclusiva a competencia no ámbito da protección de menores.

Esta expulsión non se xustifica en ningún caso por unha maior eficiencia no funcionamento do Observatorio, toda vez que se amplía a representación da Administración central ata acadar os 20 membros. É dicir, con esta decisión do





Executivo central redúcese a presenza das comunidades ao tempo que se aumenta a do Estado.

Ademais, esta medida – inxustificada- é contraria ao propio borrador do Real Decreto, que fixa entre os fins deste Observatorio favorecer o diálogo e a intercomunicación entre as distintas Administracións públicas e os axentes sociais.

O obxectivo deste órgano non é consecuente cunha representación tan descompensada entre as distintas Administracións como a que se levaría a cabo a través desta modificación, principalmente cando o groso das competencias nesta materia pertencen ao ámbito autonómico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que:

- 1.- Paralice a tramitación deste proxecto de Real Decreto.
- 2.- Que calquera reforma do regulamento do Observatorio se promova desde este órgano e de maneira consensuada coas comunidades autónomas e co resto dos seus membros, garantindo así a presenza de todas as CCAA”.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/11/2025 12:39:20



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 12:39:35**  
**Nº Rexistro: 39197**  
Data envío: 24/11/2025 12:39:35.624

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 12:39:36



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 12:39:35**  
**Nº Rexistro: 39197**  
Data envío: 24/11/2025 12:39:35.624

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

Nas últimas semanas, diversas organizacións do sector pesqueiro e marisqueiro veñen alertando, a través dos medios de comunicación, dunha crecente actividade ilegal nas rías de Pontevedra, Arousa e Vigo. Tripulantes, armadores e mariscadores coinciden en que determinadas prácticas, como os excesos dos topes autorizados, captura de individuos de tamaño antirreglamentario ou en épocas de veda ou paro biolóxico, captura fóra de horario, o uso indebido de permisos, o emprego de artes non autorizadas ou a extracción en zonas prohibidas— están a provocar perdas económicas significativas e unha clara competencia desleal fronte aos profesionais que cumpren de forma rigorosa coa normativa.

O propio sector recoñece o esforzo da Consellería do Mar e o reforzo da actividade de Gardacostas, pero reclama avanzar cara a unha “man dura real”, lembrando que as sancións económicas non están a ser suficientes para deter aos infractores reincidentes. Entre as medidas solicitadas destacan o bloqueo dos permisos utilizados para exercer ilegalmente a actividade e a inmovilización das embarcacións implicadas.

Estas peticións prodúcense nun contexto de especial sensibilidade social e económica para as confrarías e para a cadea de valor do sector, que precisa seguridade xurídica, igualdade competitiva e garantía de que quen incumpre non poida seguir prexudicando aos demais. A protección dos recursos mariños e da sustentabilidade das pesqueiras esixe unha resposta firme e proporcional.



Por todo iso, considérase necesario reforzar os mecanismos de control e avanzar en medidas sancionadoras máis efectivas, garantindo que a legalidade sexa sempre un valor protexido e que o esforzo da maioría do sector non se vexa ameazado por comportamentos irresponsables e reiterados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Reforzar os medios materiais e humanos do Servizo de Gardacostas de Galicia, especialmente nas rías de Pontevedra, Arousa e Vigo, para intensificar a vixilancia e o control fronte ás prácticas de pesca ilegal e o intrusismo profesional.
- 2.- Inhabilitación temporal ou definitiva para o exercicio ou desenvolvemento de actividades pesqueiras, marisqueiras, de mergullo profesional ou de formación náutica de recreo, para as persoas responsables de infraccións graves e moi graves, retirando o permex e a posibilidade de ir enrolado nun buque de pesca ou auxiliar de acuicultura ou pesca. Conxuntamente, de selo caso, incautación mediante a retención en porto da embarcación ou buque, tamén vehículos ou artefactos, cos que se cometeron as infraccións.
- 3.- Avanzar na aplicación de medidas sancionadoras máis contundentes, realizando os cambios legislativos necesarios, con unha gradación obxectiva das mesmas, de maneira que as distintas instrucións dos procedementos sancionadores actúen de xeito uniforme.
- 4.- Incremento das contías das sancións de tipo pecuniario, xa que na actualidade non causan os efectos requiridos.
- 5.- Pór en marcha campañas específicas de control coordinado entre Gardacostas, confrarías, lonxas e entidades do sector para detectar o uso indebido de permisos profesionais, a venda irregular de produto e a ocupación de zonas prohibidas.





- 6.- Impulsar accións de sensibilización e información ao sector, có fin de reforzar a importancia da legalidade, da trazabilidade e do cumprimento normativo para a sustentabilidade dos recursos e a defensa da imaxe do produto pesqueiro galego”.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/11/2025 12:45:12



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 12:45:26**  
**Nº Rexistro: 39203**  
Data envío: 24/11/2025 12:45:26.469

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 12:45:27



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 12:45:26**  
**Nº Rexistro: 39203**  
Data envío: 24/11/2025 12:45:26.469

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39221**  
Data envío: 24/11/2025 14:11:45,328

Asinado o día 24/11/2025 ás 14:09  
Por Silvia Longueira (

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López, Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) é unha institución pública de referencia na investigación científica e tecnolóxica aplicada ao sector agrogandeiro galego.

Con máis de cen anos de historia, o CIAM destacou polo seu traballo pioneiro en mellora xenética de cultivos e razas autóctonas, pastos e forraxes, sistemas sostíbeis de produción de leite e carne, conservación de recursos xenéticos vexetais e animais, e pola súa función esencial de transferencia de coñecemento ao sector produtivo galego.

O CIAM constitúe, así, un pilar fundamental da investigación pública agraria galega, un motor de innovación e modernización do medio rural e un elemento clave na resposta aos retos do cambio climático, a sustentabilidade e a soberanía alimentaria.

Porén, nos últimos anos, e especialmente nos últimos meses, o centro vén sufrindo un grave deterioro institucional, material e humano, que se fixo evidente coa saída de sete investigadores no mes de outubro de 2025, seis deles de maneira “voluntaria”, segundo informaron publicamente, debido á situación insostible do centro.

Asinado o día 24/11/2025 ás 14:09  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 24/11/2025 ás 14:09  
Por Lara Méndez López

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

139018

28071 Madrid

@PSdeG



No comunicado publicado polo persoal investigador, que tivo ampla repercusión nos medios de comunicación, denunciáronse cuestións de gran gravidade, entre as que destacan:

- A falta crónica de cobertura de prazas e a desaparición das xefaturas de departamento, que impiden consolidar liñas de investigación estables.
- O deterioro das condicións de traballo, coa necesidade de asumir tarefas de campo por falta de persoal.
- O estado obsoleto e inseguro da maquinaria e das instalacións, con equipos precintados e infraestruturas de máis de trinta anos.
- A situación crítica das fincas experimentais e das explotacións animais, con deficiencias que poden afectar ao benestar animal.
- Unha xestión autoritaria e opaca por parte do AGACAL, sen diálogo nin planificación participada.
- A negativa a prorrogar o contrato dunha investigadora destacada, baseándose en informes despectivos e inxustos, xerando un clima laboral de desmotivación e perda de talento.

A isto súmanse dúbidas sobre o destino e a execución dos investimentos anunciados pola Consellería do Medio Rural, como o caso do Banco de Xermoplasma, inaugurado en xaneiro de 2024 sen estar rematado nin operativo, e o proxecto dun laboratorio de bioseguridade nivel 3, cuxo custo e finalidade non foron consensuados co persoal investigador do centro.

Tampouco existe a día de hoxe un contrato de xestión actualizado da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), que garanta unha planificación transparente dos recursos e obxectivos, estando caducado o último (2021–2024).

A suma destas deficiencias evidencia unha crise estrutural de xestión, de investimento e de gobernanza, que pon en risco a continuidade da





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/11/2025 16:30:00  
**Nº Rexistro: 39221**  
Data envío: 24/11/2025 14:11:45,328

investigación agraria pública en Galicia e o aproveitamento dun patrimonio científico e técnico de valor incalculable.

É necesario, polo tanto, un compromiso político e orzamentario decidido da Xunta de Galicia, que recupere o sentido público, científico e estratéxico do CIAM, asegurando o seu futuro como centro de excelencia ao servizo do país e do sector agrogandeiro galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

1. Elaborar e aprobar con carácter urxente un plan de recuperación e fortalecemento do CIAM, que inclúa:
  - A cobertura inmediata das prazas vacantes de persoal investigador, técnico e de campo, garantindo equipos estables e multidisciplinares.
  - A modernización das instalacións, fincas e explotacións experimentais, adaptándoas ás condicións de seguridade, sustentabilidade e benestar animal.
  - A renovación e posta en funcionamento efectiva do Banco de Xermoplasma, garantindo o cumprimento dos estándares técnicos de conservación.
2. Dotar de recursos económicos suficientes para manter mellorar e potenciar este centro de referencia a nivel nacional e internacional para que siga sendo un referente e para que siga a contribuír no sector agrogandeiro galego.

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

139020

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/11/2025 16:30:00  
**Nº Rexistro: 39221**  
Data envío: 24/11/2025 14:11:45.328

3. Garantir un modelo de gobernanza participativa e transparente no CIAM, no que participe o persoal investigador na definición de prioridades de investimento e nas convocatorias de proxectos e infraestruturas.

Santiago de Compostela, a 24 de novembro do 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

139021

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 24/11/2025 14:09:08

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/11/2025 14:09:15

Silvia Longueira Castro na data 24/11/2025 14:09:22

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 14:09:31



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39221**  
Data envío: 24/11/2025 14:11:45,328

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 14:11:45



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39221**  
Data envío: 24/11/2025 14:11:45.328

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estación de autobuses de Ferrol leva anos presentando numerosas deficiencias estruturais, funcionais e de mantemento, afectando de maneira directa ás persoas usuarias e ao conxunto da comarca. Ao longo dos últimos anos, a Xunta de Galicia incorporou de maneira reiterada partidas orzamentarias específicas para a mellora desta infraestrutura en sucesivos Orzamentos autonómicos, mais esas previsións non se teñen traducido en intervencións reais nin visibles.

Asinado o día 24/11/2025 ás 15:55  
Por Carlos López Font

A persistencia desta situación, xunto coa falta de información detallada sobre as actuacións efectivamente executadas, esixe unha clarificación inmediata por parte do Goberno galego. Nun servizo público esencial como o transporte interurbano, resulta imprescindible garantir infraestruturas adecuadas, seguras e dignas que dean resposta ás necesidades da cidadanía e ao desenvolvemento socioeconómico da cidade de Ferrol e da súa área de influencia.

Por todo isto, considérase imprescindible que a Xunta concrete cal foi o destino das partidas consignadas e que detalle, con absoluta transparencia, cales foron as obras realizadas nos últimos dez anos.

Asinado o día 24/11/2025 ás 15:55  
Por Aitor Bouza Manso



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar perante a Cámara galega no prazo dun mes un informe completo no que se detalle, ano por ano, todas as actuacións, investimentos, obras ou melloras executadas pola Xunta de Galicia na estación de autobuses de Ferrol durante os últimos dez anos, incluíndo, cando menos:

- a) A identificación das partidas orzamentarias consignadas en cada exercicio.
- b) Grao de execución real de cada unha delas.
- c) A descrición técnica das obras ou intervencións realizadas, se as houbera.
- d) A relación de contratos, empresas adxudicatarias e importes correspondentes.

Santiago de Compostela, a 24 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/11/2025 15:55:31

Carlos López Font na data 24/11/2025 15:55:36

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 15:55:44



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/11/2025 16:30:00  
**Nº Rexistro: 39229**  
Data envío: 24/11/2025 16:13:48,223

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39229**  
Data envío: 24/11/2025 16:13:48,223

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 16:13:48

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estación de autobuses de Ferrol é unha infraestrutura estratéxica para a mobilidade da comarca e para as comunicacións interurbanas e autonómicas en toda a área de Ferrolterra. Porén, a realidade actual das instalacións é absolutamente insuficiente e incompatible cun servizo público digno: filtracións, deterioro estrutural, deficiencias na accesibilidade, falta de mantemento básico e un evidente estado de abandono que leva anos xerando queixas continuas dos usuarios e usuarias.

Este deterioro afecta directamente á calidade do servizo, ás condicións de espera das persoas usuarias, moitas delas persoas maiores, estudantes ou persoas traballadoras que utilizan diariamente o transporte público, e á imaxe mesma da cidade de Ferrol como nodo de comunicacións.

Ademais, cómpre lembrar que a competencia directa para garantir o mantemento e modernización das estacións de autobuses é da Xunta de Galicia. Malia isto, a situación arrástrase ano tras ano sen que exista un plan serio, dotado de recursos, para acometer unha rehabilitación integral que poña fin a unha precariedade impropia dunha infraestrutura pública fundamental.

Por todo o exposto, é imprescindible que o Goberno galego asuma a súa responsabilidade e execute de inmediato unha actuación integral que devolva á estación de autobuses de Ferrol unhas condicións dignas, seguras e acordes ás



necesidades da cidadanía. Así mesmo, é necesario que os Orzamentos da Xunta incorporen unha partida específica suficiente para garantir a execución destas obras sen máis atrasos nin escusas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acometer de maneira inmediata unha rehabilitación integral da estación de autobuses de Ferrol, incluíndo melloras estruturais, de accesibilidade, de confort, de iluminación, de seguridade e de servizos para as persoas usuarias.

Santiago de Compostela, a 24 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/11/2025 16:11:01

Carlos López Font na data 24/11/2025 16:11:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 16:11:15



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39241**  
Data envío: 24/11/2025 16:17:04.296

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39241**  
Data envío: 24/11/2025 16:17:04.296

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 16:17:04

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estación de autobuses de Ferrol é unha infraestrutura estratéxica para a mobilidade da comarca e para as comunicacións interurbanas e autonómicas en toda a área de Ferrolterra. Porén, a realidade actual das instalacións é absolutamente insuficiente e incompatible cun servizo público digno: filtracións, deterioro estrutural, deficiencias na accesibilidade, falta de mantemento básico e un evidente estado de abandono que leva anos xerando queixas continuas dos usuarios e usuarias.

Este deterioro afecta directamente á calidade do servizo, ás condicións de espera das persoas usuarias, moitas delas persoas maiores, estudantes ou persoas traballadoras que utilizan diariamente o transporte público, e á imaxe mesma da cidade de Ferrol como nodo de comunicacións.

Ademais, cómpre lembrar que a competencia directa para garantir o mantemento e modernización das estacións de autobuses é da Xunta de Galicia. Malia isto, a situación arrástrase ano tras ano sen que exista un plan serio, dotado de recursos, para acometer unha rehabilitación integral que poña fin a unha precariedade impropia dunha infraestrutura pública fundamental.

Por todo o exposto, é imprescindible que o Goberno galego asuma a súa responsabilidade e execute de inmediato unha actuación integral que devolva á estación de autobuses de Ferrol unhas condicións dignas, seguras e acordes ás





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/11/2025 16:30:00  
**Nº Rexistro: 39243**  
Data envío: 24/11/2025 16:17:42.015

necesidades da cidadanía. Así mesmo, é necesario que os Orzamentos da Xunta incorporen unha partida específica suficiente para garantir a execución destas obras sen máis atrasos nin escusas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aumentar a partida contemplada nos Orzamentos da Xunta de Galicia para que sexa unha dotación económica suficiente e específica, destinada á execución das obras de rehabilitación integral da estación de autobuses de Ferrol, garantindo así a súa realización efectiva no menor prazo posible.

Santiago de Compostela, a 24 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /



981.55.15.30

139033

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/11/2025 16:11:22

Carlos López Font na data 24/11/2025 16:11:27

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 16:11:34



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39243**  
Data envío: 24/11/2025 16:17:42.015

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39243**  
Data envío: 24/11/2025 16:17:42.015

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 16:17:42

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A mobilidade é un dereito básico que garante a igualdade de oportunidades, a cohesión territorial e o acceso aos servizos públicos esenciais. Con todo, na comarca do Ortegal, e moi singularmente no concello de Cariño, a situación do transporte interurbano continúa a ser moi deficiente, cunha oferta de servizos claramente insuficiente e descoordinada.

O transporte público é unha peza esencial para asegurar que toda a cidadanía, viva onde viva, poida exercer plenamente os seus dereitos. Dispor de conexións dignas e regulares non é só unha cuestión de comodidade: é un requisito fundamental para acceder á sanidade, á educación, ao emprego, aos servizos administrativos e á participación social. Sen transporte público adecuado, a veciñanza ve limitadas as súas oportunidades, aumenta a desigualdade territorial e prodúcese un illamento que prexudica directamente a súa calidade de vida.

Os horarios actuais evidencian graves limitacións na mobilidade da veciñanza de Cariño, cunha oferta que non permite garantir necesidades básicas como o acceso ao seu hospital de referencia, a asistencia educativa en Cedeira en horario compatible, onde se atopa o IES de referencia comarcal e o centro con maior oferta de Formación Profesional do Ortegal; nin a conexión con Ferrol, Narón ou cos principais polígonos industriais da contorna. A falta de coordinación entre servizos, a ausencia de ligazóns funcionais e a inexistencia dun sistema comarcal de transporte público impiden articular un modelo de





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/11/2025 17:30:56  
**Nº Rexistro: 39270**  
Data envío: 24/11/2025 17:30:56.271

movilidade vertebrado nun territorio marcado pola dispersión e pola alta dependencia dos servizos públicos de transporte.

Esta realidade provoca un efecto claro: a veciñanza de Cariño está illada dentro da súa propia comarca, sen poder exercer en condicións de igualdade dereitos tan básicos como estudar, acudir ao seu hospital de referencia, traballar ou realizar xestións cotiás. A Xunta de Galicia leva anos prometendo melloras nos contratos do transporte público, mais a situación permanece estancada e sen dar resposta ás necesidades reais da cidadanía.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar de maneira inmediata as conexións de transporte público interurbano entre Cariño e Ferrol, garantindo frecuencias suficientes en franxas de mañá, mediodía e tarde para permitir mobilidade laboral, educativa e asistencial.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

139037

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/11/2025 17:28:56

Carlos López Font na data 24/11/2025 17:29:02

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 17:29:10



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 17:30:56**  
**Nº Rexistro: 39270**  
Data envío: 24/11/2025 17:30:56.271

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 17:30:56



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 17:30:56**  
**Nº Rexistro: 39270**  
Data envío: 24/11/2025 17:30:56.271

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/11/2025 17:32:13  
Nº Rexistro: 39277  
Data envío: 24/11/2025 17:32:13.380

Asinado o día 24/11/2025 ás 17:29  
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A mobilidade é un dereito básico que garante a igualdade de oportunidades, a cohesión territorial e o acceso aos servizos públicos esenciais. Con todo, na comarca do Ortegal, e moi singularmente no concello de Cariño, a situación do transporte interurbano continúa a ser moi deficiente, cunha oferta de servizos claramente insuficiente e descoordenada.

O transporte público é unha peza esencial para asegurar que toda a cidadanía, viva onde viva, poida exercer plenamente os seus dereitos. Dispor de conexións dignas e regulares non é só unha cuestión de comodidade: é un requisito fundamental para acceder á sanidade, á educación, ao emprego, aos servizos administrativos e á participación social. Sen transporte público adecuado, a veciñanza ve limitadas as súas oportunidades, aumenta a desigualdade territorial e prodúcese un illamento que prexudica directamente a súa calidade de vida.

Os horarios actuais evidencian graves limitacións na mobilidade da veciñanza de Cariño, cunha oferta que non permite garantir necesidades básicas como o acceso ao seu hospital de referencia, a asistencia educativa en Cedeira en horario compatible, onde se atopa o IES de referencia comarcal e o centro con maior oferta de Formación Profesional do Ortegal; nin a conexión con Ferrol, Narón ou cos principais polígonos industriais da contorna. A falta de coordinación entre servizos, a ausencia de ligazóns funcionais e a inexistencia dun sistema comarcal de transporte público impiden articular un modelo de

Asinado o día 24/11/2025 ás 17:29  
Por Carlos López Font

Asinado o día 24/11/2025 ás 17:29  
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

139040

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/11/2025 17:32:13  
**Nº Rexistro: 39277**  
Data envío: 24/11/2025 17:32:13.380

movilidade vertebrado nun territorio marcado pola dispersión e pola alta dependencia dos servizos públicos de transporte.

Esta realidade provoca un efecto claro: a veciñanza de Cariño está illada dentro da súa propia comarca, sen poder exercer en condicións de igualdade dereitos tan básicos como estudar, acudir ao seu hospital de referencia, traballar ou realizar xestións cotiás. A Xunta de Galicia leva anos prometendo melloras nos contratos do transporte público, mais a situación permanece estancada e sen dar resposta ás necesidades reais da cidadanía.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Articular un sistema comarcal de transporte no Ortegal, con liñas e horarios coordinados entre Cariño, Mera, Cedeira, Ortigueira, Ferrol e Narón, que inclúa:
  - a) Ligazóns efectivas cos polígonos industriais.
  - b) Coordinación entre operadores para garantir transbordos útiles.
  - c) Servizos suficientes nas fins de semana nas franxas básicas
2. Garantir unha conexión axeitada entre Cariño e Cedeira que permita ao alumnado chegar ao inicio das clases en horarios compatibles co horario escolar, evitando chegadas excesivamente anticipadas.
3. Incorporar estas melloras no novo marco contractual do transporte público de Galicia, así como na planificación orzamentaria correspondente ao exercicio 2026.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

139041

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/11/2025 17:29:21

Carlos López Font na data 24/11/2025 17:29:28

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 17:29:35



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 17:32:13**  
**Nº Rexistro: 39277**  
Data envío: 24/11/2025 17:32:13.380

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 17:32:13



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 17:32:13**  
**Nº Rexistro: 39277**  
Data envío: 24/11/2025 17:32:13.380

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 17:42:29**  
**Nº Rexistro: 39283**  
Data envío: 24/11/2025 17:42:29.800

Asinado o día 24/11/2025 ás 17:29  
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A mobilidade é un dereito básico que garante a igualdade de oportunidades, a cohesión territorial e o acceso aos servizos públicos esenciais. Con todo, na comarca do Ortegal, e moi singularmente no concello de Cariño, a situación do transporte interurbano continúa a ser moi deficiente, cunha oferta de servizos claramente insuficiente e descoordenada.

O transporte público é unha peza esencial para asegurar que toda a cidadanía, viva onde viva, poida exercer plenamente os seus dereitos. Dispor de conexións dignas e regulares non é só unha cuestión de comodidade: é un requisito fundamental para acceder á sanidade, á educación, ao emprego, aos servizos administrativos e á participación social. Sen transporte público adecuado, a veciñanza ve limitadas as súas oportunidades, aumenta a desigualdade territorial e prodúcese un illamento que prexudica directamente a súa calidade de vida.

Os horarios actuais evidencian graves limitacións na mobilidade da veciñanza de Cariño, cunha oferta que non permite garantir necesidades básicas como o acceso ao seu hospital de referencia, a asistencia educativa en Cedeira en horario compatible, onde se atopa o IES de referencia comarcal e o centro con maior oferta de Formación Profesional do Ortegal; nin a conexión con Ferrol, Narón ou cos principais polígonos industriais da contorna. A falta de coordinación entre servizos, a ausencia de ligazóns funcionais e a inexistencia dun sistema comarcal de transporte público impiden articular un modelo de

Asinado o día 24/11/2025 ás 17:29  
Por Carlos López Font

Asinado o día 24/11/2025 ás 17:28  
Por Aitor Bouza Manso

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

139044

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/11/2025 17:42:29  
**Nº Rexistro: 39283**  
Data envío: 24/11/2025 17:42:29.800

movilidade vertebrado nun territorio marcado pola dispersión e pola alta dependencia dos servizos públicos de transporte.

Esta realidade provoca un efecto claro: a veciñanza de Cariño está illada dentro da súa propia comarca, sen poder exercer en condicións de igualdade dereitos tan básicos como estudar, acudir ao seu hospital de referencia, traballar ou realizar xestións cotiás. A Xunta de Galicia leva anos prometendo melloras nos contratos do transporte público, mais a situación permanece estancada e sen dar resposta ás necesidades reais da cidadanía.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar de maneira inmediata as conexións de transporte público interurbano entre Cariño e Ferrol, garantindo frecuencias suficientes en franxas de mañá, mediodía e tarde para permitir mobilidade laboral, educativa e asistencial.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)



981.55.15.30

139045

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/11/2025 17:28:56

Carlos López Font na data 24/11/2025 17:29:02

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 17:29:10



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 17:42:29**  
**Nº Rexistro: 39283**  
Data envío: 24/11/2025 17:42:29.800

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 17:42:29**  
**Nº Rexistro: 39283**  
Data envío: 24/11/2025 17:42:29.800

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 17:42:30

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en pleno**.

O Regulamento do Parlamento de Galicia no seu artigo 157 regula como mecanismo de control ao goberno galego coa posibilidade de formular preguntas para a súa resposta por escrito. Estas preguntas formuladas polas deputadas e deputados do Parlamento galego deben ser respondidas de maneira directa, completa e motivada ao tratarse dunha iniciativa de control.

A democracia parlamentaria baséase, entre outras cousas, na rendición de contas, na transparencia e no respecto institucional entre poderes. Cando o Goberno responde, non o fai a título voluntario: faino porque así o obriga a normativa aplicable e porque así o esixe o funcionamento normal do control entre poderes.

No entanto, na resposta remitida pola Xunta á pregunta escrita nº 34988 —sobre a baixa execución do programa 451B de acceso á vivenda no segundo trimestre de 2025, as medidas para acelerala e os prazos para cubrir as necesidades de vivenda en Galicia— o Goberno do Sr. Rueda limítase unicamente a derivar a contestación a un vídeo relativo á resposta dunha pregunta oral na Comisión 2ª, sen achegar ningún dato, información concreta nin explicación escrita que dea cumprimento á obriga regulamentaria. Non existen cifras de execución, nin previsións, nin compromisos, nin aclaración algunha sobre unha área tan sensible como é o acceso á vivenda.

Unha resposta destas características non só dificulta o labor parlamentario, senón que merma a capacidade de control democrático da Cámara. No marco



dun Parlamento democrático, unha resposta que se reduce a unha ligazón a un vídeo sen desenvolver por escrito nin un só elemento da pregunta formulada non pode considerarse unha actuación normal nin respectuosa coa institución, poñendo en cuestión o respecto debido aos deputados e deputadas e á propia Cámara.

A cidadanía galega merece un Goberno que responda con rigor, con datos e con transparencia; e moi especialmente en materia de vivenda, onde hai miles de persoas agardando solucións. Derivar unha resposta parlamentaria a un vídeo supón eludir a responsabilidade política, impedir unha fiscalización efectiva e empobrecer o debate democrático.

Por todo isto, para preservar o funcionamento digno do Parlamento de Galicia, resulta imprescindible que a Xunta rectifique esta práctica e dea resposta completa e por escrito, tal e como establece o Regulamento e tal e como corresponde a un Goberno que debe render contas.



Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir que todas as respostas ás preguntas escritas formuladas polos deputados e deputadas se realicen por escrito, de forma completa e motivada, evitando derivacións xenéricas a vídeos ou contidos externos que non constitúen resposta suficiente.
2. Rectificar a resposta remitida á pregunta nº 34988, enviando unha contestación escrita, detallada e con datos actualizados sobre a execución do programa 451B de acceso á vivenda no segundo trimestre de 2025, as medidas previstas para melloralala e os prazos estimados para cubrir as necesidades de vivenda en Galicia.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/11/2025 11:26:21

Carlos López Font na data 25/11/2025 11:26:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/11/2025 11:26:39



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 11:28:18**  
**Nº Rexistro: 39297**  
Data envío: 25/11/2025 11:28:18.012

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 11:28:18**  
**Nº Rexistro: 39297**  
Data envío: 25/11/2025 11:28:18.012

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 11:28:18

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López e María Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

No informe sobre axudas a proxectos de investimento en actividades non agrícolas 2025 se reflicte unha realidade que se repite no tempo, a demanda é maior que oferta. Isto pon de manifesto a necesidade pero tamén a oportunidade para impulsar o investimento no rural galego.

En cada convocatoria vemos como se atrae a emprendedores, autónomos e pequenas empresas que buscan e contribúen a diversificar a actividade económica, xerar emprego e fixar poboación no territorio, así como a dar servizos as persoas que viven no rural e ao sector primario.

Dende a convocatoria do ano 2016 vemos como foi flutuando o crédito dedicado para este fin e como o que se dedica no ano 2025 é menor que o consignado no 2016. Isto redunda na mesma dos proxectos que se poden acoller a estas axudas e polo tanto tamén vai en detrimento da creación de emprego e riqueza no medio rural.

A Galicia rural do presente pero sobre todo do futuro precisa dunha aposta firme, sostida e ambiciosa para apostar de xeito decidido polo rural. Dedicando máis recursos, máis capacidade, maior planificación que recoñeza a importancia desta inversión como unha peza crave para garantir o equilibrio territorial, cohesión territorial e o desenvolvemento económico.

O rural galego leva moito tempo facendo máis con menos, as persoas emprendedoras demostran compromiso, iniciativa, capacidade. A xunta ten que



estar a altura das necesidades non pode mirar para outro lado mentres recorta os instrumentos que fan posible abrir novos negocios e manter os existentes para crear emprego e garantir a vida nos concellos.

Hai que escapar da política de mínimos e apostar por unha visión ambiciosa e con capacidade transformadora. Non podemos permitir que ningún negocio quede sen materializarse por falla de compromiso e vontade da Xunta de Galicia.

Dende o goberno autonómico débese avanzar cara un orzamento que axuste a demanda real, onde non queden fora proxectos solventes e de clara utilidade pública por falla de fondos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar a dotación económica das axudas para proxectos de investimento en actividades empresarias non agrícolas.
2. Establecer un compromiso plurianual que dea estabilidade as convocatorias e permita as persoas emprendedoras planificara o investimento a medio prazo.
3. Elaborar un plan de diversificación económica no rural, integrando estas axudas como ferramenta central para combater o despoboamento, favorecer a igualdade de oportunidades e promover unha economía verde, circular, de proximidade e unha economía rural moderna e sostible.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 25/11/2025 16:02:25

Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/11/2025 16:02:40

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/11/2025 16:02:55



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39307**  
Data envío: 25/11/2025 16:19:05,347

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39307**  
Data envío: 25/11/2025 16:19:05,347

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 16:19:05

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/11/2025 16:30:00  
Nº Rexistro: 39312  
Data envío: 25/11/2025 16:24:35.529

Asinado o día 25/11/25  
11:47  
Por Carlos López For

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A maioría dos bancos permanecen pechados ou sen actividade real na Costa da Morte. A Xunta continúa sen exercer de maneira eficaz as súas competencias exclusivas en marisqueo, pese a presumir reiteradamente de autogoberno. Esa inacción está a comprometer o futuro dun sector do que dependen milleiros de familias, especialmente mulleres que atopan no marisqueo o seu principal medio de vida.

Asinado o día 25/11/2025 ás  
11:46  
Por Paloma Castro Rey

Tal e como reflicten os datos oficiais, as capturas e a facturación caeron arredor dun 70% no último ano. Nas zonas da Costa da Morte, Barbanza e Muros-Noia a redución chega ao 76 % nos primeiros meses do ano respecto ao mesmo período de 2023, e a facturación baixou un 73 %. O prezo medio do berberecho aumentou, pero este incremento non compensa a caída da produción nin a falta de ingresos das mariscadoras.

O estuario do Anllóns —principal fornecedor de berberecho— tamén sufriu unha redución drástica: apenas 9.631 quilos comercializados desde xaneiro fronte aos máis de 38.000 do ano anterior. A situación confirma que non se está a producir a rexeneración natural necesaria, nin se están a aplicar medidas eficaces para aseguralo.

Asinado o día 25/11/2025 ás  
11:46  
Por Patricia Iglesias Rey

Esta problemática foi trasladada ao Parlamento polo Grupo Socialista en numerosas ocasións. Porén, a Xunta continúa negando a gravidade da

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

139057

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/11/2025 16:30:00  
**Nº Rexistro: 39312**  
Data envío: 25/11/2025 16:24:35.529

situación, acusando de alarmismo tanto ao sector como ás organizacións que denuncian a falta de resposta institucional.

A situación é crítica, no caso da ría de Camariñas, a situación é especialmente dramática. Preto de 120 profesionais —na súa inmensa maioría mulleres— levan desde finais do pasado ano sen ingresos, debido á desaparición de ameixa e berberecho e á ausencia de rexeneración natural. O sector reclama axudas urxentes e, sobre todo, semente para permitir a recuperación dos bancos, pero a Xunta non ofreceu respostas suficientes nin actuou con rapidez.

A continuidade da actividade marisqueira en Camariñas depende dunha actuación inmediata, planificada e dotada de recursos, que teña en conta o coñecemento do sector e a evidencia científica sobre o estado ecolóxico das rías.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Recoñecer formalmente a situación crítica da produción marisqueira en Galicia, abandonando a estratexia de negación da realidade que vén mantendo e asumindo a responsabilidade de aplicar medidas urxentes e estruturais para recuperar os bancos marisqueiros.
2. Pór en marcha con carácter inmediato un plan integral de recuperación da produción marisqueira nas rías galegas, especialmente na Costa da Morte, que inclúa:
  - a) Estudos de diagnóstico actualizados sobre o estado ambiental e produtivo das rías;

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

139058

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/11/2025 16:30:00  
**Nº Rexistro: 39312**  
Data envío: 25/11/2025 16:24:35.529

- b) Reforzo dos programas de rexeneración natural;
  - c) Medidas de adaptación ao cambio climático e mellora da calidade das augas.
3. Atender de forma prioritaria as demandas da ría de Camariñas, garantindo:
- a) A concesión de semente suficiente;
  - b) Apoio técnico e económico para a rexeneración dos bancos;
  - c) Un plan específico de acompañamento ás máis de 120 mariscadoras afectadas pola falta de ingresos.

Parlamento de Galicia, 25 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

139059

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 25/11/2025 11:46:43

Paloma Castro Rey na data 25/11/2025 11:46:54

Carlos López Font na data 25/11/2025 11:47:00

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/11/2025 11:47:08



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 16:24:36



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39312**  
Data envío: 25/11/2025 16:24:35.529

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A seguridade viaria é unha prioridade esencial en todas aquelas estradas autonómicas que atravesan núcleos de poboación. Garantir unha mobilidade segura das persoas, especialmente das máis vulnerables, require infraestruturas adecuadas que permitan desprazamentos a pé sen riscos innecesarios.

A AC-300 é unha vía que xa conta con treitos humanizados con beirarrúas e pasos de peóns no concello de Brión, así como no polígono da Picaraña, no municipio de Padrón, onde enlaza coa N-550. Estes tramos responden á necesidade de compatibilizar o tráfico rodado coa mobilidade peonil e melloran de maneira evidente a seguridade viaria.

Porén, existe unha excepción salientable e preocupante: o núcleo do Sisto, no concello de Rois, que é a única poboación de dimensión significativa ao longo da AC-300 que carece completamente de beirarrúas e pasos de peóns. No Sisto conviven un núcleo rural consolidado e dúas urbanizacións cunha elevada densidade residencial, o que multiplica os desprazamentos a pé e require obrigatoriamente unha infraestrutura segura.

A ausencia de beirarrúas obriga ás persoas a circular por beiravías estreitas ou mesmo pola calzada, nunha travesía con circulación continua de vehículos. Trátase dun treito onde existe unha clara percepción social de risco, evidenciada pola preocupación recorrente da veciñanza e pola presenza frecuente de



mecanismos de vixilancia do tráfico, o que confirma que estamos ante unha zona que require medidas estruturais de mellora urxentes.

Dado que os demais núcleos do trazado da AC-300 contan xa con actuacións de humanización, resulta inxustificable que o Sisto continúe sendo unha excepción, malia tratarse dun dos lugares con maior concentración de poboación do percorrido.

Por todo isto, é imprescindible que a Xunta de Galicia acometa unha actuación inmediata para garantir unha mobilidade segura nesta travesía e que incorpore unha partida específica nos Orzamentos da Comunidade Autónoma, asegurando a súa pronta execución.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a executar de maneira inmediata un proxecto integral de creación de beirarrúas e pasos de peóns na travesía da AC-300 ao seu paso polo Sisto no concello de Rois, garantindo unha mobilidade segura e accesible para a cidadanía.

Santiago de Compostela, a 25 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/11/2025 14:06:29

Carlos López Font na data 25/11/2025 14:06:35

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/11/2025 14:06:46



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/11/2025 17:13:53  
**Nº Rexistro: 39321**  
Data envío: 25/11/2025 17:13:53,232

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 17:13:53**  
**Nº Rexistro: 39321**  
Data envío: 25/11/2025 17:13:53,232

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 17:13:55

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A seguridade viaria é unha prioridade esencial en todas aquelas estradas autonómicas que atravesan núcleos de poboación. Garantir unha mobilidade segura das persoas, especialmente das máis vulnerables, require infraestruturas adecuadas que permitan desprazamentos a pé sen riscos innecesarios.

A AC-300 é unha vía que xa conta con treitos humanizados con beirarrúas e pasos de peóns no concello de Brión, así como no polígono da Picaraña, no municipio de Padrón, onde enlaza coa N-550. Estes tramos responden á necesidade de compatibilizar o tráfico rodado coa mobilidade peonil e melloran de maneira evidente a seguridade viaria.

Porén, existe unha excepción salientable e preocupante: o núcleo do Sisto, no concello de Rois, que é a única poboación de dimensión significativa ao longo da AC-300 que carece completamente de beirarrúas e pasos de peóns. No Sisto conviven un núcleo rural consolidado e dúas urbanizacións cunha elevada densidade residencial, o que multiplica os desprazamentos a pé e require obrigatoriamente unha infraestrutura segura.

A ausencia de beirarrúas obriga ás persoas a circular por beiravías estreitas ou mesmo pola calzada, nunha travesía con circulación continua de vehículos. Trátase dun treito onde existe unha clara percepción social de risco, evidenciada pola preocupación recorrente da veciñanza e pola presenza frecuente de



mecanismos de vixilancia do tráfico, o que confirma que estamos ante unha zona que require medidas estruturais de mellora urxentes.

Dado que os demais núcleos do trazado da AC-300 contan xa con actuacións de humanización, resulta inxustificable que o Sisto continúe sendo unha excepción, malia tratarse dun dos lugares con maior concentración de poboación do percorrido.

Por todo isto, é imprescindible que a Xunta de Galicia acometa unha actuación inmediata para garantir unha mobilidade segura nesta travesía e que incorpore unha partida específica nos Orzamentos da Comunidade Autónoma, asegurando a súa pronta execución.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar nos Orzamentos da Xunta de Galicia unha partida económica suficiente para executar as actuacións de mellora e humanización deste treito da AC-300 ao seu paso polo Sisto no concello de Rois.

Santiago de Compostela, a 25 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/11/2025 14:06:59

Carlos López Font na data 25/11/2025 14:14:23

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/11/2025 14:14:31



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 17:14:34**  
**Nº Rexistro: 39323**  
Data envío: 25/11/2025 17:14:34.497

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 17:14:34**  
**Nº Rexistro: 39323**  
Data envío: 25/11/2025 17:14:34.497

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 17:14:35

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e deputado, **Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

A mobilidade voluntaria do persoal funcionario é un dereito recoñecido no Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e constitúe unha ferramenta esencial para favorecer a conciliación da vida laboral e persoal, o desenvolvemento profesional e a racionalización da organización administrativa.

Porén, na Administración autonómica galega, a xestión dos concursos de traslados, tanto dos corpos xerais como dos corpos e escalas especiais, caracterízase pola falta de periodicidade, o atraso na resolución e a ausencia de procedementos abertos e continuos. En moitos casos, transcorran varios anos entre unha convocatoria e outra, o que impide a mobilidade real do persoal e xera malestar e desmotivación entre os empregados e empregadas públicas.

Esta situación contrasta co modelo de concursos permanentes e abertos que xa funcionan con éxito no Servizo Galego de Saúde (Sergas) e na Administración Xeral do Estado, onde o persoal pode solicitar prazas dispoñibles ao longo de todo o ano, con resolucións periódicas e con sistemas informáticos eficaces e transparentes.

A realidade da función pública autonómica galega amosa, pola contra, unha notable carencia de medios humanos e técnicos na dirección xeral competente en materia de función pública, o que provoca retrasos reiterados tanto nos concursos de traslados como noutros procedementos (ofertas de emprego público, promoción interna, bolsas, etc.).



Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma un compromiso real coa modernización e co dereito á mobilidade do persoal público, mediante a convocatoria recorrente e aberta dos concursos, a mellora dos medios informáticos e o reforzo do persoal técnico destinado á súa tramitación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Implantar un sistema de concursos de traslados recorrentes e abertos durante todo o ano para o persoal funcionario dos corpos xerais e especiais da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo o modelo existente no Sergas e na Administración Xeral do Estado.
2. Reforzar os medios materiais e os aplicativos informáticos empregados nos procedementos de mobilidade e provisión de postos, co fin de garantir a súa axilidade, transparencia e tramitación dixital completa.
3. Incrementar os medios persoais destinados ao órgano directivo competente en materia de función pública, dotándoo do persoal técnico necesario para asumir con eficacia e celeridade as convocatorias e resolucións dos concursos de traslados e outros procesos de xestión do emprego público.

Santiago de Compostela, a 25 de Novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 25/11/2025 17:24:44

Paloma Castro Rey na data 25/11/2025 17:24:53

Carlos López Font na data 25/11/2025 17:25:00

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/11/2025 17:25:07



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 17:29:03



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 17:29:02**  
**Nº Rexistro: 39337**  
Data envío: 25/11/2025 17:29:02.544

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e deputado, **Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

A mobilidade voluntaria do persoal funcionario é un dereito recoñecido no Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e constitúe unha ferramenta esencial para favorecer a conciliación da vida laboral e persoal, o desenvolvemento profesional e a racionalización da organización administrativa.

Porén, na Administración autonómica galega, a xestión dos concursos de traslados, tanto dos corpos xerais como dos corpos e escalas especiais, caracterízase pola falta de periodicidade, o atraso na resolución e a ausencia de procedementos abertos e continuos. En moitos casos, transcorran varios anos entre unha convocatoria e outra, o que impide a mobilidade real do persoal e xera malestar e desmotivación entre os empregados e empregadas públicas.

Esta situación contrasta co modelo de concursos permanentes e abertos que xa funcionan con éxito no Servizo Galego de Saúde (Sergas) e na Administración Xeral do Estado, onde o persoal pode solicitar prazas dispoñibles ao longo de todo o ano, con resolucións periódicas e con sistemas informáticos eficaces e transparentes.

A realidade da función pública autonómica galega amosa, pola contra, unha notable carencia de medios humanos e técnicos na dirección xeral competente en materia de función pública, o que provoca retrasos reiterados tanto nos concursos de traslados como noutros procedementos (ofertas de emprego público, promoción interna, bolsas, etc.).



Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma un compromiso real coa modernización e co dereito á mobilidade do persoal público, mediante a convocatoria recorrente e aberta dos concursos, a mellora dos medios informáticos e o reforzo do persoal técnico destinado á súa tramitación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Implantar un sistema de concursos de traslados recorrentes e abertos durante todo o ano para o persoal funcionario dos corpos xerais e especiais da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo o modelo existente no Sergas e na Administración Xeral do Estado.
2. Reforzar os medios materiais e os aplicativos informáticos empregados nos procedementos de mobilidade e provisión de postos, co fin de garantir a súa axilidade, transparencia e tramitación dixital completa.
3. Incrementar os medios persoais destinados ao órgano directivo competente en materia de función pública, dotándoo do persoal técnico necesario para asumir con eficacia e celeridade as convocatorias e resolucións dos concursos de traslados e outros procesos de xestión do emprego público.

Santiago de Compostela, a 25 de Novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 25/11/2025 17:24:44

Paloma Castro Rey na data 25/11/2025 17:24:53

Carlos López Font na data 25/11/2025 17:25:00

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/11/2025 17:25:07



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 17:29:24**  
**Nº Rexistro: 39338**  
Data envío: 25/11/2025 17:29:24.040

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 17:29:24**  
**Nº Rexistro: 39338**  
Data envío: 25/11/2025 17:29:24.040

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 17:29:24

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o compromiso da Xunta coa promoción e transmisión da música e do baile tradicional de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O *Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza* (2006), editado pola Fundación Sondeseu e no que participou a Asociación de Gaiteiros Galegos, chegou, por primeira vez, unha panorámica que deu a coñecer a dimensión dunha actividade con pouca visualización social, pero cun tremendo potencial socioeconómico no sector cultural.

O documento contabilizou, hai xa case 20 anos, máis de 20.000 estudantes e case 1.400 actividades estudadas, 640 profesores entrevistados en case 700 centros de ensino de perto de 250 concellos, relacionados coa transmisión do baile e música tradicional.

Realizando unha estimación e adaptándoa ao total de actividades recollidas, o orzamento anual de todas as clases de música e baile tradicionais situábase en torno a 3 ou 3,5 millóns de euros, dos cales arredor dun 39% eran achegas da administración pública, sendo o resto costeadado por cotas, actividades e rendemento escénico do aprendido polo alumnado das asociacións.

Unhas cifras que, malia estaren pendentes do necesario seguimento e actualización, é sabido que medraron nos últimos anos pola alta incidencia social e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cultural que verteбра o mundo asociativo no noso país e mais polo conexión das novas xeracións coa música e o baile tradicionais e que quedaron ben evidenciadas ao longo deste 2025 coa dedicación do Día das Letras Galegas ás cantareiras por parte da Real Academia Galega que converteu Galiza nunha sucesión de foliadas.

Na actualidade, o movemento asociativo de base calcula que máis de 35.000 persoas participan das actividades de formación e divulgación da música e o baile tradicional que, ao tempo, representa un motor indispensable sen o cal o sector profesionalizado da cultura sería moito menor.

Porén, trátase dun sector con grandes debilidades dentro do entramado socioeconómico da cultura galega, o que foi ben notorio en 2020 co gallo da pandemia.

As asociacións víronse obrigadas a paralizaren a actividade presencial, tanto aulas regulares como actividades esporádicas, as actividades remuneradas coas que completan os seus fondos destinados a cubrir gastos fixos e salarios de mestres tamén estiveron canceladas ou adiadas, o que provoca que gran parte das asociacións cancelasen os salarios do seu profesorado, deixando estes nunha situación de desamparo, ao tempo que algunhas quedaron no camiño para sempre.

Avanzar na profesionalidade e dignificación do colectivo de ensinantes de música e baile tradicional é precisamente unha demanda da Asociación do Ensino Profesional da Música e Baile Tradicional desde a súa fundación en 2021 coa que concordamos desde o grupo parlamentario do BNG.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:



- Realizar un novo estudo que permita actualizar os datos do *Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza* como punto de partida para a aplicación das necesarias accións de reforzo na formación e transmisión da música e do baile tradicional.
- Impulsar a creación dunha certificación profesional que avale o recoñecemento da formación dos docentes de música e baile tradicional.
- Crear un plan de axudas destinado a apoiar a contratación de profesorado de música e baile tradicional por parte das asociacións culturais de base que permita a regularización da situación laboral deste colectivo de traballadoras e traballadores.
- Activar unha liña de axudas á investigación, creación e produción de proxectos centrados na visibilización do patrimonio cultural galego ligado á expresión musical e dancística.
- Incluír a oferta do traballo asociativo de base centrado na formación e divulgación do baile e na música tradicional na Rede de Teatros e Auditorios.
- Activar accións encamiñadas a apoiar economicamente a representación da música e do baile tradicional galego no exterior en festivais internacionais.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 25/11/2025 17:42:32

Daniel Castro García na data 25/11/2025 17:42:40

Ana Pontón Mondelo na data 25/11/2025 17:42:46



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 17:44:12**  
**Nº Rexistro: 39344**  
Data envío: 25/11/2025 17:44:12.322

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 17:44:13



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 17:44:12**  
**Nº Rexistro: 39344**  
Data envío: 25/11/2025 17:44:12.322

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e do deputado **Iria Taibo Corsanego, Cristina Fernández Davila, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a exclusión da lingua galega na avaliación dos riscos laborais do profesorado.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas, o profesorado está a recibir a comunicación da avaliación dos riscos laborais dos seus postos unicamente en castelán. Esta documentación está a ser elaborada e entregada por unha empresa externa, mais loxicamente con diñeiro público.

Entre os obxectivos para a área de Ensino, o Plan Xeral para a Normalización da Lingua galega inclúe:

“Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa”.

O Decreto do plurilingüismo dispón, no seu Artigo 3:

- “1. Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarse o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente”.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

- “3. Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes indicados no punto 1 deste artigo, como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común”.

O goberno galego está a incumprir toda a lexislación lingüística con esta comunicación, polo que demandamos unha corrección urxente.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Implantar as medidas que correspondan para garantir o uso do galego por parte das empresas ás que subcontrata servizos.

2.- Corrixir a exclusión do galego da avaliación dos riscos laborais do profesorado.”

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 26/11/2025 13:29:54

Ana Pontón Mondelo na data 26/11/2025 13:30:21

Mercedes Queixas Zas na data 26/11/2025 13:30:35

Cristina Fernández Davila na data 26/11/2025 13:31:24

Daniel Castro García na data 26/11/2025 13:31:33



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/11/2025 13:32:54



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 13:32:53**  
**Nº Rexistro: 39369**  
Data envío: 26/11/2025 13:32:53,357

CSV: BOPGDSPG-fUpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso**, **Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do seu portavoz e ao abeiro no disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Nos últimos días produciuse unha situación totalmente inadmisíbel no Centro de Saúde Fontenla Maristany, en Ferrol: máis de trinta persoas tiveron que agardar baixo unha choiva intensa para realizar unha simple extracción analítica, sen ningún espazo cuberto nin protección fronte ás inclemencias meteorolóxicas.

Falamos dun servizo sanitario público que debería garantir dignidade, seguridade e organización, non exposición á intemperie nin esperas masificadas e desordenadas. Esta incidencia, que non é un caso illado no sistema sanitario galego, evidencia unha vez máis as graves deficiencias de planificación, recursos e atención á cidadanía por parte do Goberno galego.

A Atención Primaria, que debería ser a columna vertebral do sistema, está infrafinanciada e saturada. Episodios como o vivido en Fontenla Maristany son a



consecuencia directa dun modelo que non pon ás persoas no centro e que non reforza os recursos nin as infraestruturas necesarias.

É imprescindible que o Sergas e a Xerencia da Área Sanitaria de Ferrol actúen de inmediato para evitar que situacións indignas como esta volvan repetirse.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Habilitar de maneira inmediata espazos cubertos, resgardos ou zonas interiores adecuadas para as colas de espera das extraccións analíticas no Centro de Saúde Fontenla Maristany de Ferrol, garantindo protección fronte ás condicións meteorolóxicas adversas.
2. Mellorar a organización das citas e do fluxo de pacientes, co fin de evitar aglomeracións e tempos de espera prolongados nas extraccións e noutros servizos de Atención Primaria do centro.
3. Adoptar protocolos de atención que aseguren a dignidade, seguridade e confort das persoas usuarias, priorizando especialmente ás persoas maiores, con mobilidade reducida ou con patoloxías sensíbles ao frío ou á humidade.
4. Avaliar as necesidades estruturais do centro e establecer un plan de melloras que permita garantir un servizo sanitario público de calidade á cidadanía de Ferrol.

Santiago de Compostela, a 26 de novembro de 2025





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 26/11/2025 16:18:17

Elena Espinosa Mangana na data 26/11/2025 16:18:26

Silvia Longueira Castro na data 26/11/2025 16:18:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/11/2025 16:18:38



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39375**  
Data envío: 26/11/2025 16:29:18.535

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/11/2025 16:29:21

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey e Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

### Exposición de Motivos

A educación pública é unha das ferramentas máis poderosas para garantir a igualdade de oportunidades e a cohesión social. Un país que aposta polo coñecemento e pola formación da súa mocidade é un país que aposta polo seu futuro, pola innovación e pola competitividade económica. Por iso, asegurar o acceso a unha educación superior pública, de calidade e sen barreiras económicas debe ser unha prioridade de calquera goberno.

Nos últimos anos déronse pasos cara á eliminación de determinadas barreiras económicas no acceso aos estudos universitarios, entre elas a gratuidade da primeira matrícula, unha medida que o Partido Socialista viña reclamando desde había tempo. Con todo, este avance é insuficiente se non se acompaña dunha aposta real por garantir que a formación universitaria completa sexa accesible para toda a mocidade. Hoxe, boa parte das profesións cualificadas esixen a obtención dun título de mestrado, moitos deles habilitantes ou imprescindibles para desenvolver unha carreira profesional. Por iso é necesario dar o seguinte paso e asegurar que os mestrados non se convertan nun filtro económico que limite oportunidades.

O custo das matrículas de mestrado continúa sendo un factor de desigualdade que impide ou dificulta o acceso a milleiros de estudantes. Isto penaliza especialmente ás familias con menos recursos, ao estudantado residente en



zonas rurais e ao alumnado que non pode asumir un incremento tan notable de taxas entre os estudos de grao e posgrao.

Avanzar cara á gratuidade das matrículas dos mestrados oficiais supón dar continuidade á aposta por un modelo educativo público que non deixe a ninguén atrás. E ao mesmo tempo debe facerse sen que isto supoña ningún prexuízo económico nin carga financeira adicional para as universidades galegas, que xa operan cun financiamento estrutural insuficiente.

O impulso da gratuidade nos mestrados debe ir acompañado dunha planificación orzamentaria responsable por parte da Xunta de Galicia, garantindo que o custo da medida sexa asumido integramente pola administración autonómica e non polas universidades ou polo estudantado.

A educación pública é un investimento estratéxico para o presente e o futuro de Galicia. E ampliar o dereito á formación superior, facéndoo máis xusto e accesible, é unha decisión política que reforza a igualdade, a cohesión social e a capacidade de Galicia para reter e atraer talento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Implantar a gratuidade das primeiras matrículas de todos os estudos de mestrado oficiais impartidos polas universidades públicas galegas.
2. Garantir que esta medida non supoña en ningún caso un incremento de custos para as universidades públicas, asumindo integramente a Xunta de Galicia a financiación necesaria.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 17:25:27**  
**Nº Rexistro: 39398**  
Data envío: 26/11/2025 17:25:27.381

3. Abrir un proceso de diálogo co Sistema Universitario de Galicia para avaliar o impacto da medida e asegurar unha implantación ordenada, realista e respectuosa coa autonomía universitaria.

Santiago de Compostela, a 26 de Novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

139093

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 26/11/2025 17:19:56

Silvia Longueira Castro na data 26/11/2025 17:20:04

Patricia Iglesias Rey na data 26/11/2025 17:20:11

Elena Espinosa Mangana na data 26/11/2025 17:20:17

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/11/2025 17:20:23



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 17:25:27**  
**Nº Rexistro: 39398**  
Data envío: 26/11/2025 17:25:27.381

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/11/2025 17:25:27

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso**, **Silvia Longueira Castro**, **Patricia Iglesias Rey** e **Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

### Exposición de Motivos

A educación pública é unha das ferramentas máis poderosas para garantir a igualdade de oportunidades e a cohesión social. Un país que aposta polo coñecemento e pola formación da súa mocidade é un país que aposta polo seu futuro, pola innovación e pola competitividade económica. Por iso, asegurar o acceso a unha educación superior pública, de calidade e sen barreiras económicas debe ser unha prioridade de calquera goberno.

Nos últimos anos déronse pasos cara á eliminación de determinadas barreiras económicas no acceso aos estudos universitarios, entre elas a gratuidade da primeira matrícula, unha medida que o Partido Socialista viña reclamando desde había tempo. Con todo, este avance é insuficiente se non se acompaña dunha aposta real por garantir que a formación universitaria completa sexa accesible para toda a mocidade. Hoxe, boa parte das profesións cualificadas esixen a obtención dun título de mestrado, moitos deles habilitantes ou imprescindibles para desenvolver unha carreira profesional. Por iso é necesario dar o seguinte paso e asegurar que os mestrados non se convertan nun filtro económico que limite oportunidades.

O custo das matrículas de mestrado continúa sendo un factor de desigualdade que impide ou dificulta o acceso a milleiros de estudantes. Isto penaliza especialmente ás familias con menos recursos, ao estudantado residente en



zonas rurais e ao alumnado que non pode asumir un incremento tan notable de taxas entre os estudos de grao e posgrao.

Avanzar cara á gratuidade das matrículas dos mestrados oficiais supón dar continuidade á aposta por un modelo educativo público que non deixe a ninguén atrás. E ao mesmo tempo debe facerse sen que isto supoña ningún prexuízo económico nin carga financeira adicional para as universidades galegas, que xa operan cun financiamento estrutural insuficiente.

O impulso da gratuidade nos mestrados debe ir acompañado dunha planificación orzamentaria responsable por parte da Xunta de Galicia, garantindo que o custo da medida sexa asumido integramente pola administración autonómica e non polas universidades ou polo estudantado.

A educación pública é un investimento estratéxico para o presente e o futuro de Galicia. E ampliar o dereito á formación superior, facéndoo máis xusto e accesible, é unha decisión política que reforza a igualdade, a cohesión social e a capacidade de Galicia para reter e atraer talento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar nos Orzamentos da Xunta de Galicia unha partida específica e suficiente que cubra o custo total da gratuidade das primeiras matrículas de mestrado, garantindo así a sustentabilidade financeira das universidades e o mantemento das súas funcións docentes, investigadoras e de servizo público.

Santiago de Compostela, a 26 de Novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 26/11/2025 17:20:31

Silvia Longueira Castro na data 26/11/2025 17:20:37

Patricia Iglesias Rey na data 26/11/2025 17:20:45

Elena Espinosa Mangana na data 26/11/2025 17:20:53

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/11/2025 17:20:59



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/11/2025 17:26:04



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 17:26:04**  
**Nº Rexistro: 39400**  
Data envío: 26/11/2025 17:26:04.224

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey e Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

### Exposición de Motivos

A educación pública é unha das ferramentas máis poderosas para garantir a igualdade de oportunidades e a cohesión social. Un país que aposta polo coñecemento e pola formación da súa mocidade é un país que aposta polo seu futuro, pola innovación e pola competitividade económica. Por iso, asegurar o acceso a unha educación superior pública, de calidade e sen barreiras económicas debe ser unha prioridade de calquera goberno.

Nos últimos anos déronse pasos cara á eliminación de determinadas barreiras económicas no acceso aos estudos universitarios, entre elas a gratuidade da primeira matrícula, unha medida que o Partido Socialista viña reclamando desde había tempo. Con todo, este avance é insuficiente se non se acompaña dunha aposta real por garantir que a formación universitaria completa sexa accesible para toda a mocidade. Hoxe, boa parte das profesións cualificadas esixen a obtención dun título de mestrado, moitos deles habilitantes ou imprescindibles para desenvolver unha carreira profesional. Por iso é necesario dar o seguinte paso e asegurar que os mestrados non se convertan nun filtro económico que limite oportunidades.

O custo das matrículas de mestrado continúa sendo un factor de desigualdade que impide ou dificulta o acceso a milleiros de estudantes. Isto penaliza especialmente ás familias con menos recursos, ao estudantado residente en



zonas rurais e ao alumnado que non pode asumir un incremento tan notable de taxas entre os estudos de grao e posgrao.

Avanzar cara á gratuidade das matrículas dos mestrados oficiais supón dar continuidade á aposta por un modelo educativo público que non deixe a ninguén atrás. E ao mesmo tempo debe facerse sen que isto supoña ningún prexuízo económico nin carga financeira adicional para as universidades galegas, que xa operan cun financiamento estrutural insuficiente.

O impulso da gratuidade nos mestrados debe ir acompañado dunha planificación orzamentaria responsable por parte da Xunta de Galicia, garantindo que o custo da medida sexa asumido integramente pola administración autonómica e non polas universidades ou polo estudantado.

A educación pública é un investimento estratéxico para o presente e o futuro de Galicia. E ampliar o dereito á formación superior, facéndoo máis xusto e accesible, é unha decisión política que reforza a igualdade, a cohesión social e a capacidade de Galicia para reter e atraer talento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a presentar perante esta Cámara, no prazo máximo de tres meses, un plan económico e de implantación que detalle o impacto, a previsión de custes e o cronograma para a posta en marcha da gratuidade da primeira matrícula dos mestrados.

Santiago de Compostela, a 26 de Novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 26/11/2025 17:21:07

Silvia Longueira Castro na data 26/11/2025 17:21:17

Patricia Iglesias Rey na data 26/11/2025 17:21:25

Elena Espinosa Mangana na data 26/11/2025 17:21:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/11/2025 17:21:38



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 17:27:08**  
**Nº Rexistro: 39403**  
Data envío: 26/11/2025 17:27:08.019



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/11/2025 17:27:08



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 17:27:08**  
**Nº Rexistro: 39403**  
Data envío: 26/11/2025 17:27:08.019

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

A situación das instalacións do IES Concepción Arenal de Ferrol está a dificultar gravemente o desenvolvemento das actividades académicas do centro. Trátase, ademais, dun dos institutos con maior número de estudantes da cidade de Ferrol, polo que as carencias de infraestruturas teñen un impacto especialmente elevado na organización docente e no dereito do alumnado a unha educación plena e de calidade.

É fundamental subliñar que uns institutos con infraestruturas axeitadas, seguras e modernas son condición imprescindible para garantir unha docencia de calidade. Sen espazos deportivos cubertos, adecuados e suficientes, non é posible desenvolver con normalidade as programacións didácticas nin ofrecer ao alumnado as actividades curriculares que lle corresponden.



A día de hoxe, o incremento das horas de Educación Física combinado coa falta dun espazo axeitado obriga a que esta docencia teña que desenvolverse nunha aula, un espazo que non permite realizar actividades básicas como correr, xogos con balón ou dinámicas de mobilidade. Chegouse incluso á situación de ter que impartir Educación Física nos corredores do instituto, e en días de choiva solábase a actividade de dous ou tres grupos nun mesmo espazo reducido, o que fai imposible desenvolver o currículo nas condicións mínimas necesarias.

Cómpre lembrar, ademais, que existe un compromiso incumplido polo conselleiro de Educación desde o ano 2023, cando anunciou en Ferrol a construción dunha pista cuberta para o IES Concepción Arenal. Porén, a día de hoxe, estando próximo a rematar o ano 2025, a Xunta non levou a cabo ningunha actuación efectiva para facer realidade esta infraestrutura, o que está a prexudicar gravemente ao alumnado e ao desenvolvemento normal da actividade docente.

Por todo isto, resulta imprescindible incorporar unha partida específica nos Orzamentos da Xunta para 2026 que garanta a execución da obra, así como dotar de solucións provisionais inmediatas mentres non se cubre a pista.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Executar de maneira inmediata a construción da pista deportiva cuberta comprometida no IES Concepción Arenal de Ferrol, garantindo a súa posta en marcha con carácter urgente.



2. Habilitar solucións provisionais inmediatas, garantindo espazos cubertos para impartir Educación Física mentres non se execute a infraestrutura definitiva.
3. Informar formal e puntualmente á comunidade educativa do IES Concepción Arenal sobre o estado real do proxecto, incluíndo fases administrativas, previsión orzamentaria e cronograma de execución.

Santiago de Compostela, a 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/11/2025 8:44:03

Silvia Longueira Castro na data 27/11/2025 8:44:10

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2025 8:44:18



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 27/11/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 39441**  
Data envío: 27/11/2025 08:52:06.477

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 8:52:09



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 39441**  
Data envío: 27/11/2025 08:52:06.477

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

A situación das instalacións do IES Concepción Arenal de Ferrol está a dificultar gravemente o desenvolvemento das actividades académicas do centro. Trátase, ademais, dun dos institutos con maior número de estudantes da cidade de Ferrol, polo que as carencias de infraestruturas teñen un impacto especialmente elevado na organización docente e no dereito do alumnado a unha educación plena e de calidade.

É fundamental subliñar que uns institutos con infraestruturas axeitadas, seguras e modernas son condición imprescindible para garantir unha docencia de calidade. Sen espazos deportivos cubertos, adecuados e suficientes, non é posible desenvolver con normalidade as programacións didácticas nin ofrecer ao alumnado as actividades curriculares que lle corresponden.



A día de hoxe, o incremento das horas de Educación Física combinado coa falta dun espazo axeitado obriga a que esta docencia teña que desenvolverse nunha aula, un espazo que non permite realizar actividades básicas como correr, xogos con balón ou dinámicas de mobilidade. Chegouse incluso á situación de ter que impartir Educación Física nos corredores do instituto, e en días de choiva solábase a actividade de dous ou tres grupos nun mesmo espazo reducido, o que fai imposible desenvolver o currículo nas condicións mínimas necesarias.

Cómpre lembrar, ademais, que existe un compromiso incumplido polo conselleiro de Educación desde o ano 2023, cando anunciou en Ferrol a construción dunha pista cuberta para o IES Concepción Arenal. Porén, a día de hoxe, estando próximo a rematar o ano 2025, a Xunta non levou a cabo ningunha actuación efectiva para facer realidade esta infraestrutura, o que está a prexudicar gravemente ao alumnado e ao desenvolvemento normal da actividade docente.

Por todo isto, resulta imprescindible incorporar unha partida específica nos Orzamentos da Xunta para 2026 que garanta a execución da obra, así como dotar de solucións provisionais inmediatas mentres non se cubre a pista.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar unha partida económica específica e suficiente nos Orzamentos Xerais da Xunta destinada á construción da pista cuberta deste centro.

Santiago de Compostela, a 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/11/2025 8:44:28

Silvia Longueira Castro na data 27/11/2025 8:44:34

Patricia Iglesias Rey na data 27/11/2025 8:44:41

Elena Espinosa Mangana na data 27/11/2025 8:44:47

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2025 8:44:56



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 27/11/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 39443**  
Data envío: 27/11/2025 08:53:03,491

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 8:53:04



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 39443**  
Data envío: 27/11/2025 08:53:03,491

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de Dodriño, no concello de Dodro, precisa desde hai anos dunha solución definitiva ás súas necesidades de depuración, xa que o sistema actual presenta limitacións evidentes propias de infraestruturas que quedaron obsoletas ou insuficientes para garantir unha correcta xestión das augas residuais. Esta situación ten impacto tanto na calidade da depuración como na protección do contorno natural, especialmente en áreas ambientalmente sensibles.

Asinado o día 27/11/2025 ás  
09:53  
Por Carlos López Font

Cómpre lembrar que existen proxectos técnicos elaborados polo propio goberno galego desde hai tempo que contemplan alternativas viables para modernizar ou substituír estas instalacións en Dodriño, mais a súa execución continúa pendente.

Porén, a pesar das conversas mantidas ao longo dos últimos anos entre diferentes administracións e da existencia de compromisos públicos sobre a necesidade de avanzar nesta infraestrutura, a realidade é que no caso de Dodriño non se produciu ningún avance efectivo nin existe, a día de hoxe, unha previsión clara para a súa execución. A situación permanece estancada a pesar da evidencia das necesidades da parroquia.

Asinado o día 27/11/2025 ás  
09:53  
Por Aitor Bouza Manso



É imprescindible que o Goberno galego asuma a súa responsabilidade e dea unha resposta inmediata a unha actuación prioritaria para garantir unha depuración axeitada, a protección ambiental e a saúde pública, asegurando un nivel de servizo digno para os veciños e veciñas de Dodriño.

En liña co exposto, resulta fundamental que a Xunta de Galicia incorpore unha partida específica nos Orzamentos do vindeiro ano que permita iniciar esta actuación e desbloquear unha infraestrutura pendente desde hai tempo, evitando que continúe supeditada a decisións políticas ou á falta de planificación por parte do Goberno galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar de maneira inmediata a construción dunha nova EDAR en Dodriño, no Concello de Dodro, garantindo unha instalación moderna, eficiente e acorde ás necesidades actuais da parroquia.

Santiago de Compostela, a 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/11/2025 9:53:14

Carlos López Font na data 27/11/2025 9:53:21

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2025 9:53:30



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:00:50**  
**Nº Rexistro: 39467**  
Data envío: 27/11/2025 10:00:50.902

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:00:50**  
**Nº Rexistro: 39467**  
Data envío: 27/11/2025 10:00:50.902

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 10:00:52

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Carlos López Font, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A parroquia de Dodriño, no concello de Dodro, precisa desde hai anos dunha solución definitiva ás súas necesidades de depuración, xa que o sistema actual presenta limitacións evidentes propias de infraestruturas que quedaron obsoletas ou insuficientes para garantir unha correcta xestión das augas residuais. Esta situación ten impacto tanto na calidade da depuración como na protección do contorno natural, especialmente en áreas ambientalmente sensíbles.

Cómpre lembrar que existen proxectos técnicos elaborados polo propio goberno galego desde hai tempo que contemplan alternativas viábles para modernizar ou substituír estas instalacións en Dodriño, mais a súa execución continúa pendente.

Porén, a pesar das conversas mantidas ao longo dos últimos anos entre diferentes administracións e da existencia de compromisos públicos sobre a necesidade de avanzar nesta infraestrutura, a realidade é que no caso de Dodriño non se produciu ningún avance efectivo nin existe, a día de hoxe, unha previsión clara para a súa execución. A situación permanece estancada a pesar da evidencia das necesidades da parroquia.



É imprescindible que o Goberno galego asuma a súa responsabilidade e dea unha resposta inmediata a unha actuación prioritaria para garantir unha depuración axeitada, a protección ambiental e a saúde pública, asegurando un nivel de servizo digno para os veciños e veciñas de Dodriño.

En liña co exposto, resulta fundamental que a Xunta de Galicia incorpore unha partida específica nos Orzamentos do vindeiro ano que permita iniciar esta actuación e desbloquear unha infraestrutura pendente desde hai tempo, evitando que continúe supeditada a decisións políticas ou á falta de planificación por parte do Goberno galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incluír nos Orzamentos da Comunidade Autónoma unha partida específica destinada ao financiamento da nova EDAR de Dodriño, garantindo así a planificación e execución efectiva desta actuación prioritaria no concello de Dodro.

Santiago de Compostela, a 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/11/2025 9:53:39

Carlos López Font na data 27/11/2025 9:53:50

Patricia Iglesias Rey na data 27/11/2025 9:54:02

Elena Espinosa Mangana na data 27/11/2025 9:54:10

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2025 9:54:18



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:01:38**  
**Nº Rexistro: 39469**  
Data envío: 27/11/2025 10:01:38.156

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 10:01:38

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez**, **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre os núcleos de identidade do litoral previstos no POL.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O **Plan de Ordenación do Litoral (POL) de 2011** inclúe no Título III (Principios xerais) o artigo 42, sobre os “núcleos de identidade do litoral”.

#### *Art. 42.- Núcleos de identidade do litoral*

- a. Aproveitar as vantaxes derivadas da súa posición estratéxica, como porta de acceso territorio e rótula entre a terra e o mar.*
- b. Potenciar a imaxe exterior que se ten, tanto dende o mar e as rías coma dende terra, prestando especial atención á mellora da calidade da súa fachada marítima.*
- c. Completar a fachada marítima como un signo da súa identidade, con especial atención aos seus elementos representativos de carácter tipolóxico, volumétrico, de materiais e texturas.*
- d. Configurar unha fachada marítima de calidade, asegurando unha servidume de tránsito continua, así como o contacto da poboación co mar, todo iso cun tratamento do espazo público axeitado ao carácter e á natureza do núcleo.*
- e. Procurar o “esponxamento” do bordo marítimo como lugar de contacto co mar e as rías e lugar de encontro e cohesión social.*



*f. Mellorar e conservar os elementos naturais que marcan a fachada marítima, establecendo as accións necesarias para o cumprimento das determinacións establecidas no presente Plan (praias, accesos, aparcadoiros, etc.)*

*g. Establecer determinacións con respecto á relación fondo-figura, que permitan unha lectura harmoniosa do núcleo e dos seus elementos identitarios, así como das relacións espaciais e visuais co territorio e os seus elementos singulares.*

*h. Conservar e valorizar o contorno patrimonial e histórico a través de prácticas axeitadas de mantemento e rehabilitación.*

O Título IV (Normas xerais) inclúe un novo artigo dentro do Capítulo de Desenvolvementos Urbanísticos que fai referencia ao planeamento dos “Núcleos de identidade do litoral”.

#### **Art. 69.- Núcleos de identidade do litoral**

*1. Será obxecto do planeamento urbanístico a súa delimitación. Esta terá un carácter atendendo á súa historia, estrutura morfolóxica e relación funcional e visual co mar.*

*2. O planeamento xeral establecerá a figura pola cal se concretará o seu desenvolvemento, conforme aos principios xerais establecidos neste Plan e especialmente no artigo 42.*

O artigo 17, referido aos Asentamentos no litoral refírese aos “asentamentos de carácter fundacional” e aos “núcleos de identidade do litoral”

Para os efectos do presente documento diferenciáronse na cartografía do Plan de Ordenación do Litoral e nas fichas das unidades de paisaxe os seguintes tipos de asentamentos:

#### **1. Asentamento de carácter fundacional.**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

*Recolle aqueles núcleos que, de carácter urbano ou rural, teñan unha orixe ou fundación antiga, ou aqueles cuxa trama responde a esa formación e evolución progresiva no tempo e o espazo. Dentro deste grupo identifícanse os **Núcleos de Identidade do Litoral**, como aqueles asentamentos tradicionais, cuxa localización estratéxica no bordo costeiro e a súa vinculación co mar lles confire unha singularidade que os fai merecedores dun tratamento específico.*

2. Pola súa parte, as **Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)** de 2011 recollen nas súa Determinacións orientativas o seguinte:

*6.4. No litoral de Galicia configúranse un conxunto de núcleos, relacionados no Anexo I, que polas súas características constitúen elementos de identidade cultural do espazo costeiro coa denominación de Núcleos de identidade do litoral. Esa relación ten carácter orientativo e poderá ser ampliada e axustada polos correspondentes instrumentos de planeamento territorial sempre que se xustifique axeitadamente.*

*6.5. Os instrumentos de ordenación de territorio e o planeamento urbanístico deberán ordenar estes núcleos en congruencia co papel que estas DOT lles outorgan para articular o sistema litoral e contribuír á funcionalidade, ao mantemento da calidade ambiental e paisaxística e ao desenvolvemento económico e social de Galicia.*

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a realizar un informe sobre o desenvolvemento e cumprimento da normativa do Plan de Ordenación do Litoral en relación cos ‘Núcleos de identidade do litoral’. Este informe será enviado ao Parlamento no prazo máximo de tres meses”.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 27/11/2025 10:34:00

Alexandra Fernández Gómez na data 27/11/2025 10:34:17

Rosana Pérez Fernández na data 27/11/2025 10:34:27



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:37:59**  
**Nº Rexistro: 39492**  
Data envío: 27/11/2025 10:37:59.329



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:37:59**  
**Nº Rexistro: 39492**  
Data envío: 27/11/2025 10:37:59.329

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 10:37:59

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 27/11/2025 10:40:47  
**Nº Rexistro: 39496**  
Data envío: 27/11/2025 10:40:47.035

Asinado o día 27/11/25  
10:38  
Por Rosana Pérez Fe

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado e das deputadas **Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as actuacións de cooperación e coordinación do Programa de actuacións do Plan de Ordenación do Litoral (POL).

Asinado o día 27/11/2025 ás  
10:38  
Por Alexandra Fernández Gómez

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O título VI do POL “Programa de actuacións” inclúe no apartado 2 as Actuacións de cooperación e coordinación das distintas administracións públicas e entidades con incidencia no litoral:

#### 2. ACTUACIÓNS DE COOPERACIÓN E COORDINACIÓN COAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E ENTIDADES CON INCIDENCIA NO EIDO LITORAL

##### 2.1. Desenvolvemento do **Convenio subscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e a Xunta de Galiza para a xestión integrada do litoral**

- Aprobación dos expedientes de deslinde do dominio público marítimo-terrestre e a súa zona de servidume de protección.
- Subscrición de convenios específicos cos concellos para abordar actuacións complexas para a transformación de ámbitos costeiros, con obxecto de adecuar o dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de servidume aos obxectivos de protección e mellora do litoral, preservando os seus valores ambientais, así como o uso público do

Asinado o día 27/11/2025 ás  
10:38  
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

litoral, realizando unha ordenación e xestión integrada do litoral que asegure a súa sustentabilidade ambiental.

- Delimitación pormenorizada de zonas ambientalmente sensibles e espazos de especial interese paisaxístico.

## 2.2. Para a integración dos recursos aplicados en políticas de desenvolvemento económico e social

- Plan coordinado de actuación para a programación de actuacións no ámbito litoral, tendo en conta as distintas competencias concorrentes.

- Convenio coa Administración xeral do Estado, Deputacións e Concellos para o desenvolvemento do Plan de mobilidade sustentable no litoral.

- Convenio cos Concellos para o impulso e xestión da proposta da Comunidade autónoma para a integración de novos espazos protexidos do litoral na Rede Natura.

## 2.3. Para a transferencia de coñecemento e boas prácticas na xestión das áreas litorais

- Integración na rede nacional e internacional de XIZC (xestión integrada de zonas costeiras).

Transcorridos catorce anos desde a aprobación do POL, é momento de facer balance dos resultados que se acadaron en materia de actuacións de coordinación e cooperación entre administracións.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

“O Parlamento insta o goberno galego a presentar un informe sobre resultados que se acadaron en materia de actuacións de coordinación e cooperación entre administracións no marco das actuacións previstas no Programa de actuacións do POL. Este informe será enviado ao Parlamento no prazo máximo de tres meses.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 27/11/2025 10:38:14

Alexandra Fernández Gómez na data 27/11/2025 10:38:21

Rosana Pérez Fernández na data 27/11/2025 10:38:28



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:40:47**  
**Nº Rexistro: 39496**  
Data envío: 27/11/2025 10:40:47.035



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:40:47**  
**Nº Rexistro: 39496**  
Data envío: 27/11/2025 10:40:47.035

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 10:40:47

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública é un dos alicerces fundamentais do noso Estado do benestar. A Atención Primaria, e moi especialmente a pediatría, constitúe o primeiro nivel asistencial e garante a detección temperá de enfermidades, o acompañamento ás familias e unha correcta protección da saúde da infancia. A perda deste servizo supón un retroceso inasumible na equidade, na calidade asistencial e no dereito das nenas e nenos a unha atención sanitaria próxima e estable.

No Centro de Saúde de Dodro viñan prestándose consultas de pediatría tres días á semana. Coa recente xubilación do profesional responsable, a Xunta de Galicia decidiu non repoñer a praza, deixando ás familias sen este servizo esencial. Esta decisión obriga agora os nenos e nenas a desprazarse a outro concello para recibir atención pediátrica, xerando problemas de mobilidade, cargas adicionais para as familias e un evidente empeoramento da accesibilidade sanitaria.

A ausencia dun pediatra en Dodro non só prexudica a centos de familias, senón que evidencia unha falta de planificación por parte do Goberno galego, que leva anos ignorando as necesidades de persoal nos centros de saúde e desatendendo o reforzo da Atención Primaria. A reposición inmediata desta praza é imprescindible para garantir a continuidade asistencial e para evitar que as cargas recaian sobre profesionais saturados doutras áreas.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 27/11/2025 10:51:14  
**Nº Rexistro: 39504**  
Data envío: 27/11/2025 10:51:14.597

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reposición inmediata da praza de pediatría no Centro de Saúde de Dodro, garantindo a cobertura estable e continua do servizo para a poboación infantil do concello.

Santiago de Compostela, a 27 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

139133

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/11/2025 10:46:42

Elena Espinosa Mangana na data 27/11/2025 10:46:50

Silvia Longueira Castro na data 27/11/2025 10:46:56

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2025 10:47:03



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:51:14**  
**Nº Rexistro: 39504**  
Data envío: 27/11/2025 10:51:14.597

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:51:14**  
**Nº Rexistro: 39504**  
Data envío: 27/11/2025 10:51:14.597

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 10:51:15

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/11/2025 13:16:33  
Nº Rexistro: 39560  
Data envío: 27/11/2025 13:16:33,020

Asinado o día 27/11/2025 ás 13:09  
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

En 1994 créase a Comisión Nacional de Protección da Natureza e, no seu seo, o Comité de Loita contra Incendios Forestais (CLIF), órgano especializado de cooperación e coordinación entre a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas en materia de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais. O Real decreto 1424/2008 consolida esta estrutura e establece a composición e funcións da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, adscribindo ao CLIF como comité especializado para a coordinación dos medios de auxilio, comunicación e medios aéreos, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

Asinado o día 27/11/2025 ás 13:09  
Por Lara Méndez López

A normativa estatal evolucionou de maneira significativa ao longo da última década, especialmente para se adaptar aos novos escenarios de incendios de alta intensidade e comportamento extremo. Así, o Real decreto 893/2013 aprobou a directriz básica de planificación de protección civil por incendios forestais; en 2014 incorporouse o Plan estatal de protección civil para emerxencias por incendios forestais; e en 2022 aprobouse o Real decreto-lei 15/2022, que introduciu reformas clave na Lei de montes e novas obrigas para as comunidades autónomas en materia de planificación, prevención, vixilancia, restauración forestal, reforzo da protección civil e coordinación co Estado.

Asinado o día 27/11/2025 ás 13:09  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Entre esas obrigas destaca especialmente a modificación do artigo 48 da Lei de montes, que establece que os plans anuais de prevención, vixilancia e extinción deben ser aprobados polos órganos competentes das CCAA e publicados antes do 31 de outubro do ano precedente á súa aplicación. Estes

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

139136

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 27/11/2025 13:16:33  
**Nº Rexistro: 39560**  
Data envío: 27/11/2025 13:16:33.020

plans deben considerarse instrumentos preferentes para o conxunto das políticas territoriais e deben integrar criterios de risco que afecten á ordenación do territorio, ao urbanismo, aos plans de áreas protexidas e aos instrumentos de planificación forestal.

Así mesmo, o Real decreto-lei 15/2022 introduciu a obriga de manter actualizados os dispositivos de prevención e extinción e engadiu un novo artigo 50 bis relativo aos traballos de restauración forestal e ambiental, que tamén deben contar cun plan actualizado en materia de prevención e extinción.

Adicionalmente, o 28 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente aprobou as “Orientacións estratéxicas para a xestión de incendios forestais en España”, elaboradas polo CLIF, que inclúen liñas prioritarias como integrar o risco de incendios na planificación territorial e urbanística, desenvolver os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF), reforzar a planificación de defensa, adaptar os dispositivos aos novos escenarios, garantir formación continua do persoal, fomentar a participación mediante mesas do lume e mellorar a educación forestal da cidadanía.

Finalmente, o Real decreto 716/2025, do 26 de agosto, aprobou as directrices e criterios comúns dos plans anuais autonómicos para a prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais, co obxectivo de constituír un marco común que garanta coherencia operativa e coordinación entre administracións. Entre os seus criterios, establece a necesidade de:

- a) Fomentar unha educación forestal básica do conxunto da sociedade.
- b) integrar os incendios nos plans de áreas protexidas,
- c) considerar o risco na planificación urbanística,
- d) incorporar o lume á planificación forestal,
- e) reforzar a prevención desde a protección civil mediante plans de actuación de ámbito local,

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

139137

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 13:16:33**  
**Nº Rexistro: 39560**  
Data envío: 27/11/2025 13:16:33,020

- f) potenciar a resistencia e resiliencia das masas forestais ante o lume
- g) mellorar a xestión das emerxencias,
- h) actualizar os dispositivos de defensa contra incendios,
- i) garantir formación continua para o persoal que traballa no dispositivo de extinción,
- j) promover a investigación en materias sociais e económicas,
- k) crear mesas do lume para participación activa dos colectivos e xestores implicados,
- l) fomentar unha educación forestal básica da sociedade,

Á vista deste marco normativo estatal, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia cumpra estritamente as obrigas legais en materia de prevención, planificación, formación, participación e aprobación en prazo dos seus plans anuais de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais.

Ante a situación descrita, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Aprobar e publicar, antes do 31 de outubro de cada ano, o Plan anual de prevención, vixilancia e Extinción de Incendios Forestais, conforme ao artigo 48 da Lei de montes e ás directrices do Real Decreto 716/2025.
2. Integrar obrigatoriamente o risco de incendios forestais na planificación territorial, urbanística e forestal, incluíndo a actualización dos plans de ordenación dos recursos forestais (PORF), dos plans de áreas protexidas e doutros instrumentos estratéxicos.

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

139138

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 27/11/2025 13:16:33  
**Nº Rexistro: 39560**  
Data envío: 27/11/2025 13:16:33.020

3. Actualizar e modernizar o dispositivo de prevención e extinción, adaptándoo aos novos escenarios de incendios de alta intensidade, reforzando medios materiais, humanos e tecnolóxicos.

4. Establecer un plan anual de formación continua, obrigatoria e acreditable, para todo o persoal dos servizos de prevención e extinción, conforme ás orientacións estratéxicas do CLIF e ao Real decreto 716/2025.

5. Crear e convocar Mesas do Lume comarcais e autonómicas, garantindo a participación activa e directa de concellos, propietarios forestais, organizacións ambientais, sindicatos e persoal técnico.

6. Reforzar a prevención desde o ámbito da protección civil, mediante a elaboración e implantación de plans municipais e comarcais de actuación ante incendios forestais.

7. Incorporar criterios de resiliencia forestal e adaptación ao cambio climático en todos os instrumentos de xestión e planificación forestal.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

139139

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/11/2025 13:09:28

Lara Méndez López na data 27/11/2025 13:09:38

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2025 13:09:45



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 13:16:33**  
**Nº Rexistro: 39560**  
Data envío: 27/11/2025 13:16:33.020

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 13:16:33**  
**Nº Rexistro: 39560**  
Data envío: 27/11/2025 13:16:33.020

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 13:16:33

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nicole Grueira Fernández, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez e Miguel A. Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

O sector primario galego constitúe un pilar fundamental da economía, do equilibrio territorial e da identidade cultural de Galicia. A actividade agraria, gandeira e forestal xera riqueza, emprego e innovación, ao tempo que garante a produción de alimentos, a conservación da paisaxe e o mantemento dun tecido social dinámico en todo o territorio. O rural galego ofrece tamén un espazo de oportunidade para o desenvolvemento de proxectos de vida e para o emprendemento das novas xeracións, que atopan nel un ámbito propicio para innovar e contribuír ao progreso común.

Neste marco, o relevo xeracional configúrase como unha prioridade estratéxica das políticas públicas do goberno galego orientadas ao fortalecemento do sector primario, a continuidade das explotacións, mellora a competitividade do sector e permite incorporar novas visións que impulsan a modernización e a sustentabilidade, garantizando así o futuro do sector.

A incorporación de mozas e mozos ás explotacións e actividades vinculadas ao territorio é esencial para garantir o relevo e así a continuidade das producións, favorecer a diversificación económica e fortalecer a presenza de persoas formadas, motivadas e capaces de incorporar novas tecnoloxías e prácticas sostibles no rural.

Garantir este relevo require actuar con anticipación e cunha visión de longo prazo que permita configurar un sector rural robusto, dotado de infraestruturas

Asinado o día 27/11/2025 ás  
16:27  
Por Alberto Pazos Couñago





PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/11/2025 16:30:00  
**Nº Rexistro: 39589**  
Data envío: 27/11/2025 16:27:19.635

actualizadas, servizos accesibles e condicións de vida atractivas para quen decide desenvolver nel o seu proxecto vital.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Tamén require da colaboración entre administracións, organizacións profesionais, cooperativas, centros de formación e o conxunto da sociedade para articular un modelo de apoio integral que facilite a incorporación da mocidade, impulse a igualdade de oportunidades e fortaleza un rural sustentable e con futuro.

En definitiva, promover e consolidar a remuda xeracional no sector primario galego constitúe, en suma, unha acción prioritaria de interese estratéxico para Galicia, orientada a garantir a continuidade e a modernización dun sector esencial para o desenvolvemento económico, a sustentabilidade ambiental e a cohesión territorial do territorio.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Seguir promovendo todas aquelas actuacións que favorezan a incorporación das novas xeracións ao sector primario, favorecendo a súa formación e incorporación ás actividades agrarias, gandeiras e forestais?
2. Seguir impulsando políticas que fomenten a modernización, innovación e valorización do sector primario e contribúan, así, á incorporación das novas xeracións”.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 27/11/2025 16:27:03



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39589**  
Data envío: 27/11/2025 16:27:19.635

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 16:27:20



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39589**  
Data envío: 27/11/2025 16:27:19.635

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Felisa Rodríguez Carrera, Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, María Encarnación Amigo Díaz, Rubén Lorenzo Gómez, Ángel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez, Borja Verea Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

## Exposición de Motivos

O sector artesanán de Galicia é un dos piares fundamentais da identidade cultural e económica da nosa comunidade. A través da súa ampla diversidade de oficios —desde a cerámica, a xoiería ou o encaixe ata a madeira, o coiro ou o téxtil—, a artesanía galega constitúe un patrimonio vivo que combina tradición, creatividade e innovación. Estes oficios transmiten saberes centenarios, conservando técnicas e estilos propios que forman parte da memoria colectiva do país, ao tempo que se adaptan aos novos tempos mediante o deseño contemporáneo, a sustentabilidade e a incorporación de novas tecnoloxías.

A remuda xeracional constitúe hoxe un dos principais desafíos da artesanía galega. Moitos mestres e mestras artesás atópanse nunha etapa de retirada, e resulta esencial garantir a transmisión dos seus coñecementos a persoas máis novas interesadas en profesionalizarse neste ámbito. Evitar o peche de negocios por falta de remuda xeracional, ao tempo que se facilita que as persoas interesadas en emprender teñan a posibilidade de recoller a testemuña dun negocio viable economicamente, é un dos obxectivos da Xunta de Galicia.

O programa de remuda ofrece axudas económicas a través do Bono Remuda para facilitar a transmisión de negocios tradicionais a novas xeracións de autónomos e empresas na Comunidade Autónoma. Estas subvencións axudan a cubrir parte do custo de adquisición dun negocio xa existente, co obxectivo de manter a súa actividade e fomentar o emprendemento.

O sector comercial galego conta cun papel protagonista no colectivo autónomo, polo que o Goberno galego aposta por un modelo de comercio máis competitivo, moderno e conectado coa sociedade, que garanta a súa continuidade e o seu papel esencial nas vilas e cidades galegas.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego ao desenvolvemento de plans formativos para o noso sector comercial coa finalidade de impulsar a recuperación de oficios tradicionais e potenciar a remuda xeracional no sector artesán.”

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 27/11/2025 17:56:25



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 17:57:04**  
**Nº Rexistro: 39597**  
Data envío: 27/11/2025 17:57:04.813

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 17:57:04**  
**Nº Rexistro: 39597**  
Data envío: 27/11/2025 17:57:04.813

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 17:57:06

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Felisa Rodríguez Carrera, Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, María Encarnación Amigo Díaz, Rubén Lorenzo Gómez, Ángel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez, Borja Vereá Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

### Exposición de Motivos

As prazas de abastos constitúen un elemento esencial da identidade comercial e social de Galicia. Estes espazos, presentes na maioría das vilas e cidades, son moito máis ca simples lugares de compra: representan a tradición do comercio de proximidade, a posta en valor dos produtos locais e o contacto directo entre produtores e consumidores.

Ao longo do tempo, as prazas de abastos convertéronse en motores de dinamización económica e social dos centros urbanos, contribuíndo á cohesión das comunidades e á conservación dos cascos históricos. Ademais, afrontan na actualidade un proceso de modernización que busca combinar o respecto pola súa esencia tradicional coa incorporación de novas fórmulas de xestión, dixitalización e promoción turística.

Para apoiar este proceso, a Xunta de Galicia promove un conxunto de políticas específicas de apoio ás prazas de abastos, destacándose no 2025 a convocatoria de axudas dotadas con máis de 3,2 millóns de euros para a rehabilitación e dinamización de máis de 30 municipios e entidades de prazas de abastos, destinadas á mellora de infraestruturas, accesibilidade, equipamento. Tamén se impulsa a certificación de prazas de abastos como “Mercados Excelentes” para 2030, como parte dunha estratexia máis ampla de comercio local e proximidade, incluída no Plan Estratéxico de Comercio de Galicia (2025-2030), dotado con 320 millóns de euros para modernizar e dar visibilidade ao comercio galego.

Estas políticas non só favorecen a rehabilitación física e funcional das prazas, senón que buscan tamén reforzar o seu rol como espazos de encontro comunitario, de consumo de proximidade, de fixación de poboación no rural e de valorización dos produtos galegos. En definitiva, dende o grupo parlamentario popular consideramos as prazas de abastos como pezas clave dun tecido comercial moderno e sustentable, que conecta orixe, comercio e territorio.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



Asinado o día 27/11/2025 ás  
18:00  
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo iniciativas de apoio ás prazas de abastos poñendo en valor a calidade dos seus produtos e fomentar a súa certificación como Mercados Excelentes mediante a rehabilitación dos seus edificios ou a dinamización das súas instalacións.”

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 27/11/2025 18:00:36



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 18:01:23**  
**Nº Rexistro: 39599**  
Data envío: 27/11/2025 18:01:23.158

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 18:01:23



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 18:01:23**  
**Nº Rexistro: 39599**  
Data envío: 27/11/2025 18:01:23.158

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

### Exposición de Motivos

A produción de oliveira en Galicia está a vivir nos últimos anos unha recuperación notable e un crecemento sostido, froito do esforzo dos produtores locais e da recuperación das variedades autóctonas. Aínda que as cifras actuais non son comparables ás grandes zonas produtoras do Estado —como Xaén, que concentra preto do 50 % da produción española—, o sector galego amosa unha tendencia claramente ascendente e consolidada.

O cultivo da oliveira, que chegou a estar á beira da desaparición nos anos 60, iniciou un proceso de recuperación na década dos 90. Hoxe, esta dinámica intensificouse coa restauración de antigos oliveirais e coa creación de novas plantacións modernas en diferentes puntos da comunidade. Un elemento fundamental deste renacer é a recuperación e valorización das variedades autóctonas, un labor no que organismos como o CSIC desempeñan un papel clave, aportando un valor engadido e diferenciador ao aceite galego.

Entre as zonas máis representativas destaca o Val de Quiroga (Lugo), tradicional referente na produción artesanal grazas ao seu microclima singular. Así mesmo, rexístranse plantacións activas nas provincias de Ourense e A Coruña, consolidando unha presenza territorial crecente deste cultivo.

Un exemplo significativo dos beneficios desta actividade para o rural é a almazara de OlivArnoia, situada no concello de Arnoia (Ourense). A súa experiencia demostra que o cultivo emerxente da oliveira contribúe á diversificación agraria, á ordenación do territorio e ao aproveitamento sostible dun recurso tradicional, reforzando o vínculo coa terra e xerando novas oportunidades económicas no ámbito rural.

Asinado o día 27/11/2025 ás  
18:06  
Por Alberto Pazos Couñago



O potencial deste sector permite constatar que en numerosos concellos galegos a oliveira pode converterse nunha ferramenta eficaz para fixar poboación, crear emprego e fortalecer o sector primario, contribuíndo á dinamización económica e social do territorio.

Neste contexto, a Asociación de Produtores de Aceite e Oliva de Galicia (APAAG), creada en 2014, ten un papel esencial ao agrupar os produtores e garantir unha produción 100 % galega. Entre os seus obxectivos figuran o asesoramento integral ás persoas asociadas, a defensa dos intereses do sector e a promoción da plantación de oliveiras e da produción de aceite galego, sempre de forma coordinada con diversas organizacións e institucións para impulsar as variedades autóctonas.

A produción galega continúa amosando crecemento ano tras ano. A finais de 2024, a APAAG estimou unha colleita superior aos 100.000 kg de oliva, unha cantidade que supera as campañas precedentes. Paralelamente, o sector medra tamén en número de persoas implicadas, con máis de 140 produtores comprometidos coa recuperación e modernización do pasado olivareiro de Galicia.

En resumo, o oliveiral galego constitúe hoxe un sector en expansión, orientado á calidade, á recuperación de variedades locais e á diferenciación do produto, incrementando progresivamente a súa produción total e consolidándose como un nicho produtivo cunha marcada identidade propia no contexto estatal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar apostando polo sector olivareiro, pola súa contribución á posta en valor do territorio e ao fomento e recuperación de terras en estado de abandono ou infrautilización, así como ao impulso das actividades económicas vinculadas ao rural galego”.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 27/11/2025 18:06:22



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 18:07:14**  
**Nº Rexistro: 39601**  
Data envío: 27/11/2025 18:07:14.599

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 18:07:14**  
**Nº Rexistro: 39601**  
Data envío: 27/11/2025 18:07:14.599

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 18:07:15

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

## Exposición de Motivos

A recente creación da Axencia Estatal de Saúde Pública (AESAP) constitúe unha ferramenta clave para o fortalecemento do sistema nacional de saúde, a mellora da coordinación institucional e a protección da saúde de todos os cidadáns. Cómpre agora desenvolver o seu estatuto para o que un dos seus primeiros pasos é a elección da localidade na que se emprazará a súa sede.

Xa no ano 2022, cando se fixo pública a iniciativa para constituír este organismo autónomo, que terá personalidade xurídica propia, patrimonio e autonomía funcional e de xestión, o Partido Popular solicitou que Galicia, en particular a cidade de Lugo, albergue a sede desta nova institución estatal. Esta demanda mantívose no tempo como parte dun compromiso co desenvolvemento desta cidade e co seu potencial para albergar organismos públicos de carácter estratéxico.

De feito, Lugo conta cunha localización privilexiada no noroeste peninsular, ademais dunha calidade de vida destacada e dun ecosistema favorable para o crecemento institucional. Tamén con razóns de oportunidade técnica como unha universidade con traxectoria no ámbito biosanitario, cun referente nacional en materia de saúde e seguridade alimentaria dende 2014 coma é o Laboratorio Central de Saúde Pública, de titularidade autonómica ou con novos servizos sanitarios como o Centro Integral de Saúde ou hospital Lucus Augusti, entre outras instalacións.

Ademais, unha das principais credenciais da nosa comunidade é precisamente a longa tradición en saúde pública que ten Galicia, con exemplos como o programa de cribado neonatal ou o de cancro, cunha adherencia, no caso do de mama, que alcanza o 84,6%.





A descentralización de organismos representa unha oportunidade longamente reivindicada para fomentar a cohesión territorial e ofrecer oportunidades ás cidades da España interior. Neste contexto, resulta imprescindible que o Parlamento de Galicia e o Goberno galego, como xa fixo por unanimidade a Corporación Municipal de Lugo, tomen posición na defensa dos intereses desta cidade e da nosa comunidade, como a súa vontade inequívoca en apoio da candidatura lucense para acoller a sede desta nova axencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia acorda como Resolución manifestar o seu apoio á candidatura da cidade de Lugo como sede da futura Axencia Estatal de Saúde Pública, xa que contribuirá ao desenvolvemento e fortalecemento institucional de Galicia e a consolidar á nosa comunidade e a esta cidade como referente na prevención, control e vixilancia das enfermidades, a protección e promoción da saúde.

Asemade, insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Concello de Lugo e ao Goberno de España para amosar o seu compromiso con esta candidatura”

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 27/11/2025 18:25:34



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 18:26:05**  
**Nº Rexistro: 39609**  
Data envío: 27/11/2025 18:26:05.868

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 18:26:06



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 18:26:05**  
**Nº Rexistro: 39609**  
Data envío: 27/11/2025 18:26:05.868

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 01/12/2025 17:13:26  
**Nº Rexistro: 39889**  
Data envío: 01/12/2025 17:13:26.646

Asinado o día 01/12/25  
16:50  
Por Brais Ruanova Vi

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García, Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas, Ramón Fernández Alfonso** e das deputadas **Carmela González Iglesias e Saleta Chao Rivas** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**, sobre a situación que están a vivir os traballadores e traballadoras da factoría de Sargadelos e as medidas que debe tomar a Xunta de Galiza.

Asinado o día 01/12/2025 ás  
16:50  
Por José Manuel Golpe Acuña

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada diante da situación na que se atopan os traballadores e traballadoras de Sargadelos en Cervo, así como polo futuro da factoría.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 27 de novembro o dono de Sargadelos notificoulle aos representantes do persoal o inicio dun procedemento de regulación temporal de emprego (ERTE) por forza maior con efectos desde ese mesmo día e ata o 15 de decembro e que afecta directamente a un total de 86 persoas.

Ao mesmo tempo o propio dono comunicou ao Xulgado do Mercantil número 2 da Coruña a súa "dimisión como xestor ou CEO" da fábrica de cerámica galega, mentres deixaba na rúa a todo o persoal traballador sen poder acceder á factoría.

Asinado o día 01/12/2025 ás  
16:50  
Por Daniel Castro García



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

De novo, volvemos estar ante unha situación de total indefensión para os traballadores e traballadoras que volven ver como o seu futuro laboral volve pender dun fío, dun xeito que novamente volven falar dunha “tomadura de pelo”.

Ante esta situación tan grave, que afecta a unha comarca que xa sufriu e segue sufrindo unha difícil situación industrial, o goberno galego volve mostrarse coma un goberno inútil incapaz de reconducir a situación e garantir o traballo e o mantemento da histórica factoría de cerámica.

Por estes motivos e ante a continua incerteza que se leva vivindo na factoría situada en Cervo é vital que a Xunta de Galiza tome parte neste asunto e interveña coas medidas que sexan necesarias co obxectivo de garantir a continuidade do emprego e da factoría.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza intervir coas medidas que sexan necesarias na factoría de Sargadelos situada no concello de Cervo co obxectivo de garantir a continuidade do emprego e da fábrica”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 01/12/2025 16:50:01

José Manuel Golpe Acuña na data 01/12/2025 16:50:10

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 01/12/2025 16:50:21

Ramón Fernández Alfonzo na data 01/12/2025 16:50:33

Carmela González Iglesias na data 01/12/2025 16:50:45

Saleta Chao Rivas na data 01/12/2025 16:50:55

Ana Pontón Mondelo na data 01/12/2025 16:52:09



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/12/2025 17:13:28



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/12/2025 17:13:26**  
**Nº Rexistro: 39889**  
Data envío: 01/12/2025 17:13:26.646

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa das súas diputadas, **Lara Méndez López** e **María Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Comisión 7ª**.

A Federación de Asociacións de Veciños de Lugo «*Lucus Augusti*» é un órgano que representa a máis de 20.000 socios agrupados nas case 300 Asociacións de Veciños federadas de toda a Provincia de Lugo, trátase da Federación veciñal mais importante de Galicia; e un 80% destas 300 Asociacións Veciñais pertencen ao rural.

Esta Federación naceu o 29 de setembro do ano 1992 co que xa atesoura máis de 30 anos de movemento veciñal. Traballando nos fins establecidos nos seus estatutos, como o estudo dos problemas comúns das asociacións de veciños e veciñas federadas, buscando a súa resolución tanto no ámbito da vida social coma particular, tanto no medio rural coma no urbano, coa finalidade de mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar a participación veciñal e a cohesión social, contribuíndo a satisfacer as necesidades e aspiracións de toda a poboación.

Son moitas as actividades que realizan ao longo de todo o ano e por todo o territorio sendo algunha destacada, como é o día do veciño. Trátase dun día de encontro entre veciños e veciñas de toda a provincia nun acto de confraternidade e lúdico, que este ano 2025 reuniu a preto de 5.000 veciños e veciñas de toda a provincia, celebrada a súa XXIII edición.



Dende a Xunta de Galicia todos os anos se viña colaborando con esta cita que pon en valor o movemento veciñal a par que se pasa un día de convivencia entre veciños e administracións para escoitar as súas demandas e reivindicacións.

Este ano a Xunta de Galicia non só optou por non colaborar con esta cita logo de 33 anos de celebración, senón que contraprogramou outra para, como ven sendo practica habitual nos últimos anos en Lugo, confrontar e dividir a veciñanza cousa inaudita por parte dunha administración e os seus gobernantes.

O mesmo día e a mesma hora, o partido popular utilizando recursos públicos da xunta de Galicia organizou un evento denominado “*Xuntos Polos Nenos*”. Ese día se desenvolveu coas seguintes actuacións e actos:

- Actuación de Uxía Lambona.
- Actuación vermú a cargo do Grupo Alba.
- Comida gratuíta composta por: Xamón cocido, Churrasco, Chourizos, Empanada e Postre.
- Actuación musical (sen especificar por parte de quen no cartel, logo veuse que foi a cargo de Pili Pampin).
- A maiores instaláronse inchables para os nenos, pintacaras e diversas carpas...

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:



O Parlamento de Galicia, logo de oír as explicacións do Goberno galego, insta a Xunta de Galicia a:

1. Dar conta do por que, logo de máis de trinta anos colaborando coa federación de veciños «*Lucus Augusti*» na celebración do día do veciño, este ano 2025 lles foi retirada dita colaboración por parte da Xunta de Galicia.
2. Que explique por que contraprogramou un acto coincidindo día, hora e case lugar a celebración do día do veciño.
3. Dar conta do coste da celebración do acto denominado “*Xuntos Polos Nenos*” , na que se inclúa o total do coste así como o desglose por cada actuación e polas instalacións e servizos que se puxeron a disposición dos participantes do acto.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 21/11/2025 10:24:01

Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/11/2025 10:24:51

José Ramón Gómez Besteiro na data 21/11/2025 10:25:00



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2025 10:30:10**  
**Nº Rexistro: 39101**  
Data envío: 21/11/2025 10:30:10.700

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2025 10:30:10**  
**Nº Rexistro: 39101**  
Data envío: 21/11/2025 10:30:10.700

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/11/2025 10:30:11

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre as necesidades de profesorado do CEIP Torrente Ballester (Cambre).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Familias do Alumnado do CEIP Torrente Ballester, de Cambre, denuncia que o persoal do centro para atender o alumnado con necesidades especiais é insuficiente. Só contan cun especialista en Pedagogía Terapéutica (PT), unha coidadora, medio orientador e medio especialista en Audición e Linguaxe (AL).

No curso pasado, este centro tiña unha especialista de AL procedente do Plan Acompaña, e media especialista do PT que perdeu o curso pasado. As necesidades actuais do alumnado do centro fan que sexa preciso aumentar a dotación de especialistas no CEIP Torrente Ballester.

A Asociación de Familias do Alumnado deste CEIP iniciou hai unhas semanas unha recollida de sinaturas para demandar profesorado adicional, e xa conta con máis de 2000 sinaturas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a aumentar a dotación de profesionais para atender o alumnado con necesidades especiais do CEIP Torrente Ballester, de Cambre”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 21/11/2025 13:49:15

Cristina Fernández Davila na data 21/11/2025 13:49:21

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2025 13:49:29



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2025 13:50:12**  
**Nº Rexistro: 39130**  
Data envío: 21/11/2025 13:50:12.497

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2025 13:50:12**  
**Nº Rexistro: 39130**  
Data envío: 21/11/2025 13:50:12.497

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/11/2025 13:50:13

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Gonzalo Trenor López, Moisés Rodríguez Pérez, e Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

## Exposición de Motivos

O Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible decidiu impulsar este verán o proxecto da “Variante Oeste de Caldas de Reis e Acceso do Porto de Vilagarcía á AP-9” en torno ás estradas nacionais N-640 e N-550 tras moitos anos nos que tivo sumida esta actuación no esquecemento e o abandono.

A reactivación desta infraestrutura, moi necesaria para a vila de Caldas de Reis e o seu desenvolvemento e tamén, para a comarca do Umia, estase a acometer a través dun estudo informativo con seis propostas de trazado que foron decididas unilateralmente polo Ministerio e/ou pola empresa redactora, sen falar cos veciños e cos concellos afectados.

O PSOE, tanto desde o Ministerio como das administracións galegas nas que ten competencias, está tratando de sacar adiante esta Variante Oeste de Caldas cunha actitude totalmente escurantista, motivo polo cal abriuse a fase de exposición pública para o mes de agosto con nula publicidade tanto dos responsables estatais como do propio Concello de Caldas de Reis.

O Ministerio de Transportes e o Goberno de España limitáronse a revogar a urxencia e ampliar o prazo de exposición pública ata o 5 de novembro –solicitado exclusivamente polo PP de Caldas–, para frear o enorme malestar dos veciños, en vez de atender ás peticións impulsadas polo noso partido e aprobadas por unanimidade nos Plenos do concellos de Caldas de Reis e Portas, e que pasan pola anulación inmediata do actual estudo informativo e o encargo urxente dun novo proxecto que recolla trazados cunha menor afección e impacto sobre estes dous termos municipais.

Asinado o día 21/11/2025 ás  
14:33  
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladar as seguintes demandas:

1. Anular, de xeito inmediato, o actual estudo informativo do proxecto “Variante Oeste de Caldas de Reis e Acceso do Porto de Vilagarcía á AP-9” polas graves afeccións de todos os trazados propostos no mesmo aos territorios de Caldas de Reis e Portas.
2. Iniciar con urxencia a redacción dun novo estudo informativo para a próxima construción da Variante Oeste de Caldas de Reis en torno ás estradas nacionais N-640 e N-550, excluindo o acceso ao Porto de Vilagarcía, que conteña alternativas de trazado que se adapten os acordos unánimes dos Plenos dos concellos de Caldas de Reis e Portas do ano 2008, e que sexan aceptadas pola veciñanza, cunha menor afección e lesividade sobre os termos municipais de Caldas de Reis e Portas.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 21/11/2025 14:33:23



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39140**  
Data envío: 21/11/2025 14:34:48,567

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39140**  
Data envío: 21/11/2025 14:34:48,567

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/11/2025 14:34:49

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Borja Vereas Fraiz, Gonzalo Trenor López, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

## Exposición de Motivos

O pasado 11 de outubro de 2025, tras diversas chamadas aos servizos de emerxencia autonómicos, detectouse un vertido contaminante no río Sar. Augas de Galicia, realizou as medicións e investigacións pertinentes que determinaron que a orixe do vertido estaba na EDAR da Silvouta, depuradora titularidade do Concello de Santiago na que a empresa pública ACUAES, dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, está a acometer obras para a construción dunha nova planta que permitirá mellorar a capacidade de deputación das augas residuais da capital de Galicia.

Como era de agardar, o vertido xerou unha alarma social nos concellos limítrofes e, o máis importante, un dano medioambiental e no ecosistema do río Sar que, dada a súa traxectoria, prexudicou a outros catro concellos, ao río Ulla e á ría de Arousa.

Con todo isto, o goberno local de Santiago de Compostela, do BNG, non compareceu nin deu ningunha información pública que explicase o acontecido. Comportamento que provocou a esixencia de explicacións por parte dos concellos afectados e da propia cidadanía. O goberno nacionalista actuou cunha inexplicable falta de transparencia e irresponsabilidade ao non reaccionar desde o primeiro momento, como titulares da EDAR, para dar as explicacións pertinentes.

Tiveron que pasar 9 días, logo das numerosas esixencias e críticas ao goberno de Goretti Sanmartín, para que se producise unha reunión de emerxencia coa finalidade de diagnosticar o sucedido. Un encontro no que a alcaldesa de Santiago quedou en evidencia ao coñecerse que a administración local non esixira responsabilidades a ACUAES, non se levou a cabo a activación de ningún protocolo e non se puxo en marcha un plan de continxencia para evitar, se fose posible nese momento, os danos da contaminación. En resumidas contas, non se tomaron decisións por parte dun goberno local evidenciando incapacidade de xestión.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



Asinado o día 21/11/2025 ás  
14:38  
Por Alberto Pazos Couñago





Cabe destacar que, grazas á empresa autonómica Augas de Galicia, ás chamadas dos veciños e veciñas e as súas medicións no río Sar, foi a única vía pola que transcendeu o sucedido e, tamén a Xunta promoveu os traballos de investigación para detectar a magnitude do vertido e, por suposto, facer un seguimento e control do río.

Con todo isto, a día de hoxe, aínda non coñecemos cales van ser as medidas a adoptar contra a empresa pública ACUAES, titular da obra, nin se o concello de Santiago puxo en marcha algún procedemento sancionador ante este vertido sen precedentes e, o máis importante, como se ten pensado recuperar o ecosistema do río Sar.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia acorda, como Resolución, reprobar ao goberno local do BNG do concello de Santiago de Compostela pola súa nefasta actuación tras o vertido da depuradora de A Silvouta ao río Sar.

Asemade insta á Xunta de Galicia a:

1º Solicitar ao Concello de Santiago de Compostela un control constante durante o desenvolvemento das obras da depurada para evitar novos e futuros vertidos.

2º Iniciar o procedemento sancionador que proceda contra empresa pública ACUAES, dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico polo vertido producido ao río Sar.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 21/11/2025 14:38:12



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39144**  
Data envío: 21/11/2025 14:38:48,469

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39144**  
Data envío: 21/11/2025 14:38:48,469

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/11/2025 14:38:49**

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela, Galiza

Asinado o día 24/11/2025 ás 09:21  
Por Olalla Rodil Ferné

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a demanda de creación dun centro de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual na cidade da Coruña.

Asinado o día 24/11/2025 ás 09:21  
Por Noa Presas Bergantiños

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O medre e a virulencia da violencia machista require do maior investimento en recursos públicos para previla e para afrontala con diferentes programas específicos unha vez que se produce.

O pasado ano houbo en Galiza un total de 880 delitos coñecidos contra a liberdade sexual, malia a propia Xunta recoller nos seus informes que os programas específicos atenderon en torno ás 130 vítimas.

Os centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual son recursos especializados abertos as 24 horas os 365 días do ano.

Na actualidade están en funcionamento nas cidades de Vigo, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo e Ourense. Mais a Xunta decidiu privatizar este servizo público fundamental e, en consecuencia, precarizalo cunha oferta de servizo de atención infradotado e insuficiente.

Agora que está a piques de se cumprir o primeiro ano da externalización deste servizo, e cunha absoluta falta de transparencia do labor desenvolvido por estes centros e de ocultación dos datos por parte da Xunta, como o número de persoas atendidas polo

Asinado o día 24/11/2025 ás 09:21  
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

servizo, a cifra de vítimas de violencia sexual e de vítimas menores, a cantidade de horas prestadas efectivas de atención psicolóxica, social ou xurídica ou as actividades de sensibilización rexistradas ou derivacións a outros recursos, é hora de a Xunta recuperar para a xestión pública os centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e completar a oferta deste importante servizo noutras cidades galegas que contan cunha elevada densidade demográfica e cunha alta demanda de atención ás mulleres como é o caso da cidade da Coruña que xa supera os 250.000 habitantes.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a crear un centro de crise 24 horas para vítimas da violencia machista na cidade da Coruña de xestión pública directa a cargo da Xunta”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/11/2025 9:21:28

Noa Presas Bergantiños na data 24/11/2025 9:21:34

Olalla Rodil Fernández na data 24/11/2025 9:21:40



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 39153**  
Data envío: 24/11/2025 09:22:37,389

CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 9:22:38



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 39153**  
Data envío: 24/11/2025 09:22:37.389

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 4ª, Educación e Cultura**

### Exposición de Motivos

No marco da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional impulsa diferentes iniciativas para mellorar as competencias do alumnado nesta materia. Entre elas, destaca o programa de Auxiliares de Conversa que favorece a práctica oral e o reforzo das habilidades comunicativas entre o alumnado.

Este programa desenvólvese abeiro dun acordo de colaboración co Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes que é o responsable de convocar e seleccionar ás persoas candidatas en virtude de convenios bilaterais de cooperación asinados entre España e os países participantes e de memorandos de entendemento subscritos con diversos departamentos de Educación de Estados Unidos e Canadá.

O Ministerio é quen determina as condicións de participación e establece o número de prazas mentres que as comunidades xestionan e asumen o financiamento, aínda que sen competencias directas sobre a normativa laboral aplicable. No caso galego, a Xunta de Galicia financia arredor do 95 % dos 545 auxiliares que chegan ao abeiro deste acordo.

Sen embargo, tal como coñecemos hai uns meses, o Ministerio de Traballo e Economía Social, a través da Inspección de Traballo, realizou unha actuación na provincia de Sevilla que cuestiona a figura dos auxiliares tal e como está configurada polo propio Goberno bipartito do Estado. Esta situación pon de manifesto unha falta de coordinación interna cando menos preocupando e, o máis máis grave, pon en risco a continuidade dun programa altamente positivo para o alumnado.

Desde o Grupo Popular consideramos urxente que o Goberno poña xa en marcha as medidas necesarias para garantir a continuidade do programa de Auxiliares de Conversa, que non mire para outro lado, e que a mala xestión e a falta de diálogo entre Ministerios non se traduza nun prexuízo para os estudantes galegos.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a que tome con urxencia as medidas necesarias para garantir a continuidade do Programa de Auxiliares de Conversa, asegurando ao mesmo tempo que a súa aplicación non supoña un prexuízo económico para as comunidades autónomas.”

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/11/2025 10:19:36



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:21:15**  
**Nº Rexistro: 39166**  
Data envío: 24/11/2025 10:21:15.043

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 10:21:15



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:21:15**  
**Nº Rexistro: 39166**  
Data envío: 24/11/2025 10:21:15.043

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/11/2025 10:26:13  
Nº Rexistro: 39169  
Data envío: 24/11/2025 10:26:13.163

Asinado o día 24/11/2025 ás 10:22  
Por Patricia Iglesias F

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3ª**.

Galicia vive hoxe unha emerxencia habitacional que afecta a milleiros de mozos e mozas, familias e persoas traballadoras que non poden acceder a unha vivenda digna a prezos asumibles. O rexistro único de demandantes non deixa de medrar ano tras ano, ao tempo que a Xunta do Sr. Rueda continúa acumulando baixas taxas de execución orzamentaria nas partidas destinadas á vivenda, limitando a capacidade real de resposta ante esta situación.

Asinado o día 24/11/2025 ás 10:22  
Por Elena Espinosa Mangana

A recente oportunidade aberta pola Comisión Europea, que permite reorientar antes do 31 de decembro os fondos FEDER non executados, supón un mecanismo extraordinario para impulsar políticas eficaces de vivenda pública. Esta posibilidade pode marcar a diferenza entre actuar con determinación fronte á emerxencia habitacional ou, pola contra, perder unha oportunidade histórica para reforzar un dereito básico como é o acceso á vivenda.

Dende o Partido Socialista comprobamos, a través dos contactos institucionais que mantivo o noso voceiro parlamentario, José Ramón Gómez Besteiro, en Bruxelas, que as e os responsables comunitarios sinalan con claridade a importancia de que os territorios aproveiten esta xanela de oportunidade. Nesas xuntanzas abordouse a necesidade de avanzar non só na execución de nova vivenda social, senón tamén en reforzar as políticas de rehabilitación e en poñer en marcha un Banco de Alugueiro que permita mobilizar vivenda baleira, frear as infravivendas e combater a especulación inmobiliaria.

Asinado o día 24/11/2025 ás 10:22  
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

139192

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:26:13**  
**Nº Rexistro: 39169**  
Data envío: 24/11/2025 10:26:13.163

Así mesmo, ponse o foco na necesidade de incrementar de maneira substancial os fondos europeos destinados á vivenda pública, asegurando que as novas promocións se manteñan de forma permanente no parque público e contribúan a ampliar a oferta dispoñible a prezos asumibles.

No entanto, para que Galicia poida aproveitar esta xanela de oportunidade, a Xunta debe actuar con urxencia, dotándose dun plan claro de reprogramación dos fondos europeos non executados e orientándoos ás áreas prioritarias, como a construción de vivenda pública, a mobilización de vivendas baleiras, a rehabilitación e eficiencia enerxética, o reforzo dun parque público estable de alugueiro e o impulso de iniciativas que permitan baixar os prezos e ampliar as oportunidades de emancipación xuvenil.

Nun contexto no que medran os demandantes de vivenda e diminúe a capacidade executiva do Goberno galego en materia residencial, non é aceptable deixar perder recursos europeos que poderían contribuír a ofrecer respostas reais nun momento crítico.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reprogramar de maneira inmediata os fondos FEDER non executados antes do 31 de decembro, segundo permite a Comisión Europea, destinándoos especificamente a reforzar as políticas públicas de vivenda en Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

139193

**28071 Madrid**

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/11/2025 10:22:23

Elena Espinosa Mangana na data 24/11/2025 10:22:30

Patricia Iglesias Rey na data 24/11/2025 10:22:39

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 10:22:47



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 10:26:13



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:26:13**  
**Nº Rexistro: 39169**  
Data envío: 24/11/2025 10:26:13.163

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/11/2025 10:27:03  
Nº Rexistro: 39170  
Data envío: 24/11/2025 10:27:03,610

Asinado o día 24/11/2025 ás 10:21  
Por Patricia Iglesias F

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do seu deputado, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3ª**.

Galicia vive hoxe unha emerxencia habitacional que afecta a milleiros de mozos e mozas, familias e persoas traballadoras que non poden acceder a unha vivenda digna a prezos asumibles. O rexistro único de demandantes non deixa de medrar ano tras ano, ao tempo que a Xunta do Sr. Rueda continúa acumulando baixas taxas de execución orzamentaria nas partidas destinadas á vivenda, limitando a capacidade real de resposta ante esta situación.

Asinado o día 24/11/2025 ás 10:21  
Por Elena Espinosa Mangana

A recente oportunidade aberta pola Comisión Europea, que permite reorientar antes do 31 de decembro os fondos FEDER non executados, supón un mecanismo extraordinario para impulsar políticas eficaces de vivenda pública. Esta posibilidade pode marcar a diferenza entre actuar con determinación fronte á emerxencia habitacional ou, pola contra, perder unha oportunidade histórica para reforzar un dereito básico como é o acceso á vivenda.

Dende o Partido Socialista comprobamos, a través dos contactos institucionais que mantivo o noso voceiro parlamentario, José Ramón Gómez Besteiro, en Bruxelas, que as e os responsables comunitarios sinalan con claridade a importancia de que os territorios aproveiten esta xanela de oportunidade. Nesas xuntanzas abordouse a necesidade de avanzar non só na execución de nova vivenda social, senón tamén en reforzar as políticas de rehabilitación e en poñer en marcha un Banco de Alugueiro que permita mobilizar vivenda baleira, frear as infravivendas e combater a especulación inmobiliaria.

Asinado o día 24/11/2025 ás 10:21  
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

139196

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/11/2025 10:27:03  
**Nº Rexistro: 39170**  
Data envío: 24/11/2025 10:27:03.610

Así mesmo, ponse o foco na necesidade de incrementar de maneira substancial os fondos europeos destinados á vivenda pública, asegurando que as novas promocións se manteñan de forma permanente no parque público e contribúan a ampliar a oferta dispoñible a prezos asumibles.

No entanto, para que Galicia poida aproveitar esta xanela de oportunidade, a Xunta debe actuar con urxencia, dotándose dun plan claro de reprogramación dos fondos europeos non executados e orientándoos ás áreas prioritarias, como a construción de vivenda pública, a mobilización de vivendas baleiras, a rehabilitación e eficiencia enerxética, o reforzo dun parque público estable de alugueiro e o impulso de iniciativas que permitan baixar os prezos e ampliar as oportunidades de emancipación xuvenil.

Nun contexto no que medran os demandantes de vivenda e diminúe a capacidade executiva do Goberno galego en materia residencial, non é aceptable deixar perder recursos europeos que poderían contribuír a ofrecer respostas reais nun momento crítico.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar no prazo de 1 mes un plan detallado de reprogramación, no que se concreten os importes dispoñibles, o destino destes fondos e os proxectos prioritarios para incrementar o parque público de vivenda e mellorar a accesibilidade á mesma.
2. Garantir que os recursos europeos se destinen a vivenda pública de carácter permanente, evitando calquera privatización futura ou saída ao mercado libre.

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

139197

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:27:03**  
**Nº Rexistro: 39170**  
Data envío: 24/11/2025 10:27:03.610

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)



**981.55.15.30**

139198

**28071 Madrid**

**@PSdeG**



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/11/2025 10:21:16

Elena Espinosa Mangana na data 24/11/2025 10:21:30

Patricia Iglesias Rey na data 24/11/2025 10:21:38

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 10:21:45



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:27:03**  
**Nº Rexistro: 39170**  
Data envío: 24/11/2025 10:27:03.610

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 10:27:04



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:27:03**  
**Nº Rexistro: 39170**  
Data envío: 24/11/2025 10:27:03.610

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/11/2025 10:27:25  
Nº Rexistro: 39171  
Data envío: 24/11/2025 10:27:25.595

Asinado o día 24/11/25  
10:22  
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

Galicia vive hoxe unha emerxencia habitacional que afecta a milleiros de mozos e mozas, familias e persoas traballadoras que non poden acceder a unha vivenda digna a prezos asumibles. O rexistro único de demandantes non deixa de medrar ano tras ano, ao tempo que a Xunta do Sr. Rueda continúa acumulando baixas taxas de execución orzamentaria nas partidas destinadas á vivenda, limitando a capacidade real de resposta ante esta situación.

A recente oportunidade aberta pola Comisión Europea, que permite reorientar antes do 31 de decembro os fondos FEDER non executados, supón un mecanismo extraordinario para impulsar políticas eficaces de vivenda pública. Esta posibilidade pode marcar a diferenza entre actuar con determinación fronte á emerxencia habitacional ou, pola contra, perder unha oportunidade histórica para reforzar un dereito básico como é o acceso á vivenda.

Dende o Partido Socialista comprobamos, a través dos contactos institucionais que mantivo o noso voceiro parlamentario, José Ramón Gómez Besteiro, en Bruxelas, que as e os responsables comunitarios sinalan con claridade a importancia de que os territorios aproveiten esta xanela de oportunidade. Nesas xuntanzas abordouse a necesidade de avanzar non só na execución de nova vivenda social, senón tamén en reforzar as políticas de rehabilitación e en poñer en marcha un Banco de Alugueiro que permita mobilizar vivenda baleira, frear as infravivendas e combater a especulación inmobiliaria.

Asinado o día 24/11/2025 ás  
10:22  
Por Carlos López Font

Asinado o día 24/11/2025 ás  
10:21  
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

139201

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/11/2025 10:27:25  
**Nº Rexistro: 39171**  
Data envío: 24/11/2025 10:27:25.595

Así mesmo, ponse o foco na necesidade de incrementar de maneira substancial os fondos europeos destinados á vivenda pública, asegurando que as novas promocións se manteñan de forma permanente no parque público e contribúan a ampliar a oferta dispoñible a prezos asumibles.

No entanto, para que Galicia poida aproveitar esta xanela de oportunidade, a Xunta debe actuar con urxencia, dotándose dun plan claro de reprogramación dos fondos europeos non executados e orientándoos ás áreas prioritarias, como a construción de vivenda pública, a mobilización de vivendas baleiras, a rehabilitación e eficiencia enerxética, o reforzo dun parque público estable de alugueiro e o impulso de iniciativas que permitan baixar os prezos e ampliar as oportunidades de emancipación xuvenil.

Nun contexto no que medran os demandantes de vivenda e diminúe a capacidade executiva do Goberno galego en materia residencial, non é aceptable deixar perder recursos europeos que poderían contribuír a ofrecer respostas reais nun momento crítico.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar no prazo de 1 mes un plan detallado de reprogramación, no que se concreten os importes dispoñibles, o destino destes fondos e os proxectos prioritarios para incrementar o parque público de vivenda e mellorar a accesibilidade á mesma.
2. Garantir que os recursos europeos se destinen a vivenda pública de carácter permanente, evitando calquera privatización futura ou saída ao mercado libre.





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:27:25**  
**Nº Rexistro: 39171**  
Data envío: 24/11/2025 10:27:25.595

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)



**981.55.15.30**

**28071 Madrid**

139203

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/11/2025 10:21:57

Carlos López Font na data 24/11/2025 10:22:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 10:22:11



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:27:25**  
**Nº Rexistro: 39171**  
Data envío: 24/11/2025 10:27:25.595

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 10:27:26



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:27:25**  
**Nº Rexistro: 39171**  
Data envío: 24/11/2025 10:27:25.595

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/11/2025 10:27:49  
Nº Rexistro: 39172  
Data envío: 24/11/2025 10:27:49.016

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

Galicia vive hoxe unha emerxencia habitacional que afecta a milleiros de mozos e mozas, familias e persoas traballadoras que non poden acceder a unha vivenda digna a prezos asumibles. O rexistro único de demandantes non deixa de medrar ano tras ano, ao tempo que a Xunta do Sr. Rueda continúa acumulando baixas taxas de execución orzamentaria nas partidas destinadas á vivenda, limitando a capacidade real de resposta ante esta situación.

A recente oportunidade aberta pola Comisión Europea, que permite reorientar antes do 31 de decembro os fondos FEDER non executados, supón un mecanismo extraordinario para impulsar políticas eficaces de vivenda pública. Esta posibilidade pode marcar a diferenza entre actuar con determinación fronte á emerxencia habitacional ou, pola contra, perder unha oportunidade histórica para reforzar un dereito básico como é o acceso á vivenda.

Dende o Partido Socialista comprobamos, a través dos contactos institucionais que mantivo o noso voceiro parlamentario, José Ramón Gómez Besteiro, en Bruxelas, que as e os responsables comunitarios sinalan con claridade a importancia de que os territorios aproveiten esta xanela de oportunidade. Nesas xuntanzas abordouse a necesidade de avanzar non só na execución de nova vivenda social, senón tamén en reforzar as políticas de rehabilitación e en poñer en marcha un Banco de Alugueiro que permita mobilizar vivenda baleira, frear as infravivendas e combater a especulación inmobiliaria.

Asinado o día 24/11/2025 ás  
10:21  
Por Carlos López Font

Asinado o día 24/11/2025 ás  
10:20  
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

139206

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:27:49**  
**Nº Rexistro: 39172**  
Data envío: 24/11/2025 10:27:49.016

Así mesmo, ponse o foco na necesidade de incrementar de maneira substancial os fondos europeos destinados á vivenda pública, asegurando que as novas promocións se manteñan de forma permanente no parque público e contribúan a ampliar a oferta dispoñible a prezos asumibles.

No entanto, para que Galicia poida aproveitar esta xanela de oportunidade, a Xunta debe actuar con urxencia, dotándose dun plan claro de reprogramación dos fondos europeos non executados e orientándoos ás áreas prioritarias, como a construción de vivenda pública, a mobilización de vivendas baleiras, a rehabilitación e eficiencia enerxética, o reforzo dun parque público estable de alugueiro e o impulso de iniciativas que permitan baixar os prezos e ampliar as oportunidades de emancipación xuvenil.

Nun contexto no que medran os demandantes de vivenda e diminúe a capacidade executiva do Goberno galego en materia residencial, non é aceptable deixar perder recursos europeos que poderían contribuír a ofrecer respostas reais nun momento crítico.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reprogramar de maneira inmediata os fondos FEDER non executados antes do 31 de decembro, segundo permite a Comisión Europea, destinándoos especificamente a reforzar as políticas públicas de vivenda en Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

139207

**28071 Madrid**

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/11/2025 10:20:56

Carlos López Font na data 24/11/2025 10:21:05



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:27:49**  
**Nº Rexistro: 39172**  
Data envío: 24/11/2025 10:27:49.016

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 10:27:49



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:27:49**  
**Nº Rexistro: 39172**  
Data envío: 24/11/2025 10:27:49.016

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Óscar Insua Lema** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de solicitar as competencias ao Estado para xestionar a cobertura de prazas de funcionarios habilitados do Estado nos concellos galegos.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo as últimas informacións publicadas, existen 53 concellos galegos afectados pola falla de cobertura de prazas de Secretario/a, interventor/a ou tesoureiro/a, todos elas prazas do corpo de funcionarios habilitados de carácter estatal. Dos 563 postos que existen para estes funcionarios nas entidades locais galegas, hai arredor de 166 que seguen sen cubrirse de forma definitiva, namentres que a última convocatoria da Administración Xeral do Estado lanzou unha convocatoria de 1.000 prazas, mais só 31 corresponden a prazas a cubrir en Galiza. Unha medida que non soluciona un problema que preocupa moito aos alcaldes e alcaldesas do noso país, pois estes funcionarios son a garantía do cumprimento da legalidade e de dar fe pública, do asesoramento legal preceptivo, do control e fiscalización interna da xestión económica-financeira e orzamentaria e a función de contabilidade e de tesourería e recadación.

Outros territorios do Estado optaron por solicitar as competencias para seleccionar, formar, nomear, asignar e convocar prazas en procesos de provisión vacantes de secretarios, tesoureiros e interventores municipais nas comisións bilaterais e nas comisións mixtas de transferencias, como no caso de Catalunya, que as solicitou en



febreiro deste mesmo ano e xa no mes de xuño foron quen de publicar a convocatoria dos procesos selectivos, o que supuxo dar unha solución inmediata e eficaz para paliar a lentitude coa que se resolve dende o ministerio en Madrid.

Un exemplo da necesidade de descentralizar estas funcións do Estado, é o que se vén desenvolvendo dende o ano 2017 pola Xunta de Galiza, dende outra perspectiva pero coa mesma finalidade, coa creación e xestión dunha bolsa de persoal interino co fin de cubrir estas prazas vacantes que tardan anos e anos sen que alguén tome posesión delas de forma definitiva. O carácter provisional que posúe esta iniciativa, na práctica convértese en permanente no tempo en moitos dos casos, o que significa que moitos destes funcionarios interinos acaban exercendo as mesmas funcións e nos mesmos termos e cos mesmos efectos que os que faría calquera funcionario habilitado, polo que de facto, é difícil de crer que o goberno da Xunta de Galiza se negue a pedir esta competencia de levar a cabo a xestión da selección e nomeamento deste persoal, por considerala inconstitucional cando o está a facer igualmente, cuasi nos mesmos termos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a solicitar ao goberno do Estado a transferencia a Galiza das competencias para seleccionar, formar, nomear, asignar e convocar prazas en procesos de provisión vacantes de secretarios, tesoureiros e interventores nos concellos galegos”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 24/11/2025 10:26:03

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/11/2025 10:26:11

Ana Pontón Mondelo na data 24/11/2025 10:26:22



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:28:30**  
**Nº Rexistro: 39176**  
Data envío: 24/11/2025 10:28:30,783

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 10:28:31



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 10:28:30**  
**Nº Rexistro: 39176**  
Data envío: 24/11/2025 10:28:30.783

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

O Observatorio estatal da infancia e a adolescencia foi creado o ano 1.999 para ser un espazo dedicado á promoción e defensa dos dereitos da infancia e a adolescencia en España. O obxectivo do Observatorio é vixiar e facer seguimento do benestar e a calidade de vida da poboación infantil e adolescente, así como das políticas públicas que afectan á infancia e á adolescencia en relación ao seu desenvolvemento, implantación e efectos das mesmas neste grupo de poboación.

O regulamento do Observatorio sinala que o pleno está composto por un/ha presidente/a, vicepresidencia 1ª, vicepresidencia 2ª e corenta e cinco vogais entre os cales se atopan un representante de cada unha das Comunidades Autónomas con rango mínimo de Director/a Xeneral designado polo Conselleiro/a responsable da protección á infancia a súa composición.

Fai uns días coñecemos que o borrador de proxecto de Real Decreto do Goberno central pretende reducir a representatividade das comunidades autónomas no Observatorio Estatal da Infancia e a Adolescencia, pasando das 17 actuais a tan só seis. Esta diminución suporía, na práctica, a expulsión de Galicia e doutros territorios que exercen de maneira exclusiva a competencia no ámbito da protección de menores.

Esta expulsión non se xustifica en ningún caso por unha maior eficiencia no funcionamento do Observatorio, toda vez que se amplía a representación da

Asinado o día 24/11/2025 ás  
12:38  
Por Alberto Pazos Couñago



Administración central ata acadar os 20 membros. É dicir, con esta decisión do Executivo central redúcese a presenza das comunidades ao tempo que se aumenta a do Estado.

Ademais, esta medida – inxustificada- é contraria ao propio borrador do Real Decreto, que fixa entre os fins deste Observatorio favorecer o diálogo e a intercomunicación entre as distintas Administracións públicas e os axentes sociais.

O obxectivo deste órgano non é consecuente cunha representación tan descompensada entre as distintas Administracións como a que se levaría a cabo a través desta modificación, principalmente cando o groso das competencias nesta materia pertencen ao ámbito autonómico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que:

- 1.- Paralice a tramitación deste proxecto de Real Decreto.
- 2.- Que calquera reforma do regulamento do Observatorio se promova desde este órgano e de maneira consensuada coas comunidades autónomas e co resto dos seus membros, garantindo así a presenza de todas as CCAA”.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/11/2025 12:38:00



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 12:38:16**  
**Nº Rexistro: 39196**  
Data envío: 24/11/2025 12:38:16.551

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 12:38:16**  
**Nº Rexistro: 39196**  
Data envío: 24/11/2025 12:38:16.551

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 12:38:17**

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de motivos

Nas últimas semanas, diversas organizacións do sector pesqueiro e marisqueiro veñen alertando, a través dos medios de comunicación, dunha crecente actividade ilegal nas rías de Pontevedra, Arousa e Vigo. Tripulantes, armadores e mariscadores coinciden en que determinadas prácticas, como os excesos dos topes autorizados, captura de individuos de tamaño antirreglamentario ou en épocas de veda ou paro biolóxico, captura fóra de horario, o uso indebido de permisos, o emprego de artes non autorizadas ou a extracción en zonas prohibidas— están a provocar perdas económicas significativas e unha clara competencia desleal fronte aos profesionais que cumpren de forma rigorosa coa normativa.

O propio sector recoñece o esforzo da Consellería do Mar e o reforzo da actividade de Gardacostas, pero reclama avanzar cara a unha “man dura real”, lembrando que as sancións económicas non están a ser suficientes para deter aos infractores reincidentes. Entre as medidas solicitadas destacan o bloqueo dos permisos utilizados para exercer ilegalmente a actividade e a inmovilización das embarcacións implicadas.

Estas peticións prodúcense nun contexto de especial sensibilidade social e económica para as confrarías e para a cadea de valor do sector, que precisa seguridade xurídica, igualdade competitiva e garantía de que quen incumpre non poida seguir prexudicando aos demais. A protección dos recursos mariños e da sustentabilidade das pesqueiras esixe unha resposta firme e proporcional.



Por todo iso, considérase necesario reforzar os mecanismos de control e avanzar en medidas sancionadoras máis efectivas, garantindo que a legalidade sexa sempre un valor protexido e que o esforzo da maioría do sector non se vexa ameazado por comportamentos irresponsables e reiterados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Reforzar os medios materiais e humanos do Servizo de Gardacostas de Galicia, especialmente nas rías de Pontevedra, Arousa e Vigo, para intensificar a vixilancia e o control fronte ás prácticas de pesca ilegal e o intrusismo profesional.
- 2.- Inhabilitación temporal ou definitiva para o exercicio ou desenvolvemento de actividades pesqueiras, marisqueiras, de mergullo profesional ou de formación náutica de recreo, para as persoas responsables de infraccións graves e moi graves, retirando o permex e a posibilidade de ir enrolado nun buque de pesca ou auxiliar de acuicultura ou pesca. Conxuntamente, de selo caso, incautación mediante a retención en porto da embarcación ou buque, tamén vehículos ou artefactos, cos que se cometeron as infraccións.
- 3.- Avanzar na aplicación de medidas sancionadoras máis contundentes, realizando os cambios legislativos necesarios, con unha gradación obxectiva das mesmas, de maneira que as distintas instrucións dos procedementos sancionadores actúen de xeito uniforme.
- 4.- Incremento das contías das sancións de tipo pecuniario, xa que na actualidade non causan os efectos requiridos.
- 5.- Pór en marcha campañas específicas de control coordinado entre Gardacostas, confrarías, lonxas e entidades do sector para detectar o uso indebido de permisos profesionais, a venda irregular de produto e a ocupación de zonas prohibidas.





- 6.- Impulsar accións de sensibilización e información ao sector, có fin de reforzar a importancia da legalidade, da trazabilidade e do cumprimento normativo para a sustentabilidade dos recursos e a defensa da imaxe do produto pesqueiro galego”.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/11/2025 12:43:56



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 12:44:10**  
**Nº Rexistro: 39200**  
Data envío: 24/11/2025 12:44:10.712

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 12:44:11



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 12:44:10**  
**Nº Rexistro: 39200**  
Data envío: 24/11/2025 12:44:10.712

CSV: BOPGDSPG-fUpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39222**  
Data envío: 24/11/2025 14:12:03,316

Asinado o día 24/11/2025 ás 14:08  
Por Silvia Longueira (

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López, Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) é unha institución pública de referencia na investigación científica e tecnolóxica aplicada ao sector agrogandeiro galego.

Con máis de cen anos de historia, o CIAM destacou polo seu traballo pioneiro en mellora xenética de cultivos e razas autóctonas, pastos e forraxes, sistemas sostíbeis de produción de leite e carne, conservación de recursos xenéticos vexetais e animais, e pola súa función esencial de transferencia de coñecemento ao sector produtivo galego.

O CIAM constitúe, así, un pilar fundamental da investigación pública agraria galega, un motor de innovación e modernización do medio rural e un elemento clave na resposta aos retos do cambio climático, a sustentabilidade e a soberanía alimentaria.

Porén, nos últimos anos, e especialmente nos últimos meses, o centro vén sufrindo un grave deterioro institucional, material e humano, que se fixo evidente coa saída de sete investigadores no mes de outubro de 2025, seis deles de maneira “voluntaria”, segundo informaron publicamente, debido á situación insostible do centro.

Asinado o día 24/11/2025 ás 14:08  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 24/11/2025 ás 14:08  
Por Lara Méndez López

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

139223

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



No comunicado publicado polo persoal investigador, que tivo ampla repercusión nos medios de comunicación, denunciáronse cuestións de gran gravidade, entre as que destacan:

- A falta crónica de cobertura de prazas e a desaparición das xefaturas de departamento, que impiden consolidar liñas de investigación estables.
- O deterioro das condicións de traballo, coa necesidade de asumir tarefas de campo por falta de persoal.
- O estado obsoleto e inseguro da maquinaria e das instalacións, con equipos precintados e infraestruturas de máis de trinta anos.
- A situación crítica das fincas experimentais e das explotacións animais, con deficiencias que poden afectar ao benestar animal.
- Unha xestión autoritaria e opaca por parte do AGACAL, sen diálogo nin planificación participada.
- A negativa a prorrogar o contrato dunha investigadora destacada, baseándose en informes despectivos e inxustos, xerando un clima laboral de desmotivación e perda de talento.

A isto súmanse dúbidas sobre o destino e a execución dos investimentos anunciados pola Consellería do Medio Rural, como o caso do Banco de Xermoplasma, inaugurado en xaneiro de 2024 sen estar rematado nin operativo, e o proxecto dun laboratorio de bioseguridade nivel 3, cuxo custo e finalidade non foron consensuados co persoal investigador do centro.

Tampouco existe a día de hoxe un contrato de xestión actualizado da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), que garanta unha planificación transparente dos recursos e obxectivos, estando caducado o último (2021–2024).

A suma destas deficiencias evidencia unha crise estrutural de xestión, de investimento e de gobernanza, que pon en risco a continuidade da



investigación agraria pública en Galicia e o aproveitamento dun patrimonio científico e técnico de valor incalculable.

É necesario, polo tanto, un compromiso político e orzamentario decidido da Xunta de Galicia, que recupere o sentido público, científico e estratéxico do CIAM, asegurando o seu futuro como centro de excelencia ao servizo do país e do sector agrogandeiro galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

1. Elaborar e aprobar con carácter urxente un plan de recuperación e fortalecemento do CIAM, que inclúa:
  - A cobertura inmediata das prazas vacantes de persoal investigador, técnico e de campo, garantindo equipos estables e multidisciplinares.
  - A modernización das instalacións, fincas e explotacións experimentais, adaptándoas ás condicións de seguridade, sustentabilidade e benestar animal.
  - A renovación e posta en funcionamento efectiva do Banco de Xermoplasma, garantindo o cumprimento dos estándares técnicos de conservación.
2. Dotar de recursos económicos suficientes para manter mellorar e potenciar este centro de referencia a nivel nacional e internacional para que siga sendo un referente e para que siga a contribuír no sector agrogandeiro galego.





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39222**  
Data envío: 24/11/2025 14:12:03.316

3. Garantir un modelo de gobernanza participativa e transparente no CIAM, no que participe o persoal investigador na definición de prioridades de investimento e nas convocatorias de proxectos e infraestruturas.

Santiago de Compostela, a 24 de novembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

**28071 Madrid**

139226

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 24/11/2025 14:08:38

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/11/2025 14:08:44

Silvia Longueira Castro na data 24/11/2025 14:08:50

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 14:08:57



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/11/2025 16:30:00  
**Nº Rexistro: 39222**  
Data envío: 24/11/2025 14:12:03,316

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 14:12:03



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39222**  
Data envío: 24/11/2025 14:12:03,316

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estación de autobuses de Ferrol leva anos presentando numerosas deficiencias estruturais, funcionais e de mantemento, afectando de maneira directa ás persoas usuarias e ao conxunto da comarca. Ao longo dos últimos anos, a Xunta de Galicia incorporou de maneira reiterada partidas orzamentarias específicas para a mellora desta infraestrutura en sucesivos Orzamentos autonómicos, mais esas previsións non se teñen traducido en intervencións reais nin visibles.

A persistencia desta situación, xunto coa falta de información detallada sobre as actuacións efectivamente executadas, esixe unha clarificación inmediata por parte do Goberno galego. Nun servizo público esencial como o transporte interurbano, resulta imprescindible garantir infraestruturas adecuadas, seguras e dignas que dean resposta ás necesidades da cidadanía e ao desenvolvemento socioeconómico da cidade de Ferrol e da súa área de influencia.

Por todo isto, considérase imprescindible que a Xunta concrete cal foi o destino das partidas consignadas e que detalle, con absoluta transparencia, cales foron as obras realizadas nos últimos dez anos.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar perante a Cámara galega no prazo dun mes un informe completo no que se detalle, ano por ano, todas as actuacións, investimentos, obras ou melloras executadas pola Xunta de Galicia na estación de autobuses de Ferrol durante os últimos dez anos, incluíndo, cando menos:

- a) A identificación das partidas orzamentarias consignadas en cada exercicio.
- b) Grao de execución real de cada unha delas.
- c) A descrición técnica das obras ou intervencións realizadas, se as houbera.
- d) A relación de contratos, empresas adxudicatarias e importes correspondentes.

Santiago de Compostela, a 24 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/11/2025 15:55:10

Carlos López Font na data 24/11/2025 15:55:16

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 15:55:23



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/11/2025 16:30:00  
**Nº Rexistro: 39230**  
Data envío: 24/11/2025 16:14:07,790

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 16:14:08



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39230**  
Data envío: 24/11/2025 16:14:07.790

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estación de autobuses de Ferrol é unha infraestrutura estratéxica para a mobilidade da comarca e para as comunicacións interurbanas e autonómicas en toda a área de Ferrolterra. Porén, a realidade actual das instalacións é absolutamente insuficiente e incompatible cun servizo público digno: filtracións, deterioro estrutural, deficiencias na accesibilidade, falta de mantemento básico e un evidente estado de abandono que leva anos xerando queixas continuas dos usuarios e usuarias.

Este deterioro afecta directamente á calidade do servizo, ás condicións de espera das persoas usuarias, moitas delas persoas maiores, estudantes ou persoas traballadoras que utilizan diariamente o transporte público, e á imaxe mesma da cidade de Ferrol como nodo de comunicacións.

Ademais, cómpre lembrar que a competencia directa para garantir o mantemento e modernización das estacións de autobuses é da Xunta de Galicia. Malia isto, a situación arrástrase ano tras ano sen que exista un plan serio, dotado de recursos, para acometer unha rehabilitación integral que poña fin a unha precariedade impropia dunha infraestrutura pública fundamental.

Por todo o exposto, é imprescindible que o Goberno galego asuma a súa responsabilidade e execute de inmediato unha actuación integral que devolva á



estación de autobuses de Ferrol unhas condicións dignas, seguras e acordes ás necesidades da cidadanía. Así mesmo, é necesario que os Orzamentos da Xunta incorporen unha partida específica suficiente para garantir a execución destas obras sen máis atrasos nin escusas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acometer de maneira inmediata unha rehabilitación integral da estación de autobuses de Ferrol, incluíndo melloras estruturais, de accesibilidade, de confort, de iluminación, de seguridade e de servizos para as persoas usuarias.

Santiago de Compostela, a 24 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/11/2025 16:10:23

Carlos López Font na data 24/11/2025 16:10:28

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 16:10:34



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39242**  
Data envío: 24/11/2025 16:17:22.131

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39242**  
Data envío: 24/11/2025 16:17:22.131

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 16:17:22

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estación de autobuses de Ferrol é unha infraestrutura estratéxica para a mobilidade da comarca e para as comunicacións interurbanas e autonómicas en toda a área de Ferrolterra. Porén, a realidade actual das instalacións é absolutamente insuficiente e incompatible cun servizo público digno: filtracións, deterioro estrutural, deficiencias na accesibilidade, falta de mantemento básico e un evidente estado de abandono que leva anos xerando queixas continuas dos usuarios e usuarias.

Este deterioro afecta directamente á calidade do servizo, ás condicións de espera das persoas usuarias, moitas delas persoas maiores, estudantes ou persoas traballadoras que utilizan diariamente o transporte público, e á imaxe mesma da cidade de Ferrol como nodo de comunicacións.

Ademais, cómpre lembrar que a competencia directa para garantir o mantemento e modernización das estacións de autobuses é da Xunta de Galicia. Malia isto, a situación arrástrase ano tras ano sen que exista un plan serio, dotado de recursos, para acometer unha rehabilitación integral que poña fin a unha precariedade impropia dunha infraestrutura pública fundamental.

Por todo o exposto, é imprescindible que o Goberno galego asuma a súa responsabilidade e execute de inmediato unha actuación integral que devolva á



estación de autobuses de Ferrol unhas condicións dignas, seguras e acordes ás necesidades da cidadanía. Así mesmo, é necesario que os Orzamentos da Xunta incorporen unha partida específica suficiente para garantir a execución destas obras sen máis atrasos nin escusas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aumentar a partida contemplada nos Orzamentos da Xunta de Galicia para que sexa unha dotación económica suficiente e específica, destinada á execución das obras de rehabilitación integral da estación de autobuses de Ferrol, garantindo así a súa realización efectiva no menor prazo posible.

Santiago de Compostela, a 24 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/11/2025 16:10:43

Carlos López Font na data 24/11/2025 16:10:48

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 16:10:54



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39244**  
Data envío: 24/11/2025 16:17:55.472

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39244**  
Data envío: 24/11/2025 16:17:55,472

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 16:17:56

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/11/2025 17:31:49  
Nº Rexistro: 39275  
Data envío: 24/11/2025 17:31:49.601

Asinado o día 24/11/2025 ás 17:27  
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

A mobilidade é un dereito básico que garante a igualdade de oportunidades, a cohesión territorial e o acceso aos servizos públicos esenciais. Con todo, na comarca do Ortegal, e moi singularmente no concello de Cariño, a situación do transporte interurbano continúa a ser moi deficiente, cunha oferta de servizos claramente insuficiente e descoordenada.

O transporte público é unha peza esencial para asegurar que toda a cidadanía, viva onde viva, poida exercer plenamente os seus dereitos. Dispor de conexións dignas e regulares non é só unha cuestión de comodidade: é un requisito fundamental para acceder á sanidade, á educación, ao emprego, aos servizos administrativos e á participación social. Sen transporte público adecuado, a veciñanza ve limitadas as súas oportunidades, aumenta a desigualdade territorial e prodúcese un illamento que prexudica directamente a súa calidade de vida.

Os horarios actuais evidencian graves limitacións na mobilidade da veciñanza de Cariño, cunha oferta que non permite garantir necesidades básicas como o acceso ao seu hospital de referencia, a asistencia educativa en Cedeira en horario compatible, onde se atopa o IES de referencia comarcal e o centro con maior oferta de Formación Profesional do Ortegal; nin a conexión con Ferrol, Narón ou cos principais polígonos industriais da contorna. A falta de coordinación entre servizos, a ausencia de ligazóns funcionais e a inexistencia dun sistema comarcal de transporte público impiden articular un modelo de

Asinado o día 24/11/2025 ás 17:27  
Por Carlos López Font

Asinado o día 24/11/2025 ás 17:26  
Por Carlos López Font

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

139241

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



mobilidade vertebrado nun territorio marcado pola dispersión e pola alta dependencia dos servizos públicos de transporte.

Esta realidade provoca un efecto claro: a veciñanza de Cariño está illada dentro da súa propia comarca, sen poder exercer en condicións de igualdade dereitos tan básicos como estudar, acudir ao seu hospital de referencia, traballar ou realizar xestións cotiás. A Xunta de Galicia leva anos prometendo melloras nos contratos do transporte público, mais a situación permanece estancada e sen dar resposta ás necesidades reais da cidadanía.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Articular un sistema comarcal de transporte no Ortegal, con liñas e horarios coordinados entre Cariño, Mera, Cedeira, Ortigueira, Ferrol e Narón, que inclúa:
  - a) Ligazóns efectivas cos polígonos industriais.
  - b) Coordinación entre operadores para garantir transbordos útiles.
  - c) Servizos suficientes nas fins de semana nas franxas básicas
2. Garantir unha conexión axeitada entre Cariño e Cedeira que permita ao alumnado chegar ao inicio das clases en horarios compatibles co horario escolar, evitando chegadas excesivamente anticipadas.
3. Incorporar estas melloras no novo marco contractual do transporte público de Galicia, así como na planificación orzamentaria correspondente ao exercicio 2026.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Carlos López Font na data 24/11/2025 17:26:39,24/11/2025 17:27:06

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 17:27:13



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 17:31:49**  
**Nº Rexistro: 39275**  
Data envío: 24/11/2025 17:31:49.601

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 17:31:50



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2025 17:31:49**  
**Nº Rexistro: 39275**  
Data envío: 24/11/2025 17:31:49.601

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso**, **Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro no disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

O Regulamento do Parlamento de Galicia no seu artigo 157 regula como mecanismo de control ao goberno galego coa posibilidade de formular preguntas para a súa resposta por escrito. Estas preguntas formuladas polas deputadas e deputados do Parlamento galego deben ser respondidas de maneira directa, completa e motivada ao tratarse dunha iniciativa de control.

A democracia parlamentaria baséase, entre outras cousas, na rendición de contas, na transparencia e no respecto institucional entre poderes. Cando o Goberno responde, non o fai a título voluntario: faino porque así o obriga a normativa aplicable e porque así o esixe o funcionamento normal do control entre poderes.

No entanto, na resposta remitida pola Xunta á pregunta escrita nº 34988 —sobre a baixa execución do programa 451B de acceso á vivenda no segundo trimestre de 2025, as medidas para acelerala e os prazos para cubrir as necesidades de vivenda en Galicia— o Goberno do Sr. Rueda limítase unicamente a derivar a contestación a un vídeo relativo á resposta dunha pregunta oral na Comisión 2ª, sen achegar ningún dato, información concreta nin explicación escrita que dea cumprimento á obriga regulamentaria. Non existen cifras de execución, nin previsións, nin compromisos, nin aclaración algunha sobre unha área tan sensible como é o acceso á vivenda.



Unha resposta destas características non só dificulta o labor parlamentario, senón que merma a capacidade de control democrático da Cámara. No marco dun Parlamento democrático, unha resposta que se reduce a unha ligazón a un vídeo sen desenvolver por escrito nin un só elemento da pregunta formulada non pode considerarse unha actuación normal nin respectuosa coa institución, poñendo en cuestión o respecto debido aos deputados e deputadas e á propia Cámara.

A cidadanía galega merece un Goberno que responda con rigor, con datos e con transparencia; e moi especialmente en materia de vivenda, onde hai miles de persoas agardando solucións. Derivar unha resposta parlamentaria a un vídeo supón eludir a responsabilidade política, impedir unha fiscalización efectiva e empobrecer o debate democrático.

Por todo isto, para preservar o funcionamento digno do Parlamento de Galicia, resulta imprescindible que a Xunta rectifique esta práctica e dea resposta completa e por escrito, tal e como establece o Regulamento e tal e como corresponde a un Goberno que debe render contas.



Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir que todas as respostas ás preguntas escritas formuladas polos deputados e deputadas se realicen por escrito, de forma completa e motivada, evitando derivacións xenéricas a vídeos ou contidos externos que non constitúen resposta suficiente.
2. Rectificar a resposta remitida á pregunta nº 34988, enviando unha contestación escrita, detallada e con datos actualizados sobre a execución do programa 451B de acceso á vivenda no segundo trimestre de 2025, as medidas previstas para melloralala e os prazos estimados para cubrir as necesidades de vivenda en Galicia.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/11/2025 11:25:10

Paloma Castro Rey na data 25/11/2025 11:25:24

Patricia Iglesias Rey na data 25/11/2025 11:25:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/11/2025 11:25:41



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 11:27:18**  
**Nº Rexistro: 39295**  
Data envío: 25/11/2025 11:27:18.635

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 11:27:18**  
**Nº Rexistro: 39295**  
Data envío: 25/11/2025 11:27:18.635

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 11:27:19

CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro no disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

O Regulamento do Parlamento de Galicia no seu artigo 157 regula como mecanismo de control ao goberno galego coa posibilidade de formular preguntas para a súa resposta por escrito. Estas preguntas formuladas polas deputadas e deputados do Parlamento galego deben ser respondidas de maneira directa, completa e motivada ao tratarse dunha iniciativa de control.

A democracia parlamentaria baséase, entre outras cousas, na rendición de contas, na transparencia e no respecto institucional entre poderes. Cando o Goberno responde, non o fai a título voluntario: faino porque así o obriga a normativa aplicable e porque así o esixe o funcionamento normal do control entre poderes.

No entanto, na resposta remitida pola Xunta á pregunta escrita nº 34988 —sobre a baixa execución do programa 451B de acceso á vivenda no segundo trimestre de 2025, as medidas para acelerala e os prazos para cubrir as necesidades de vivenda en Galicia— o Goberno do Sr. Rueda limítase unicamente a derivar a contestación a un vídeo relativo á resposta dunha pregunta oral na Comisión 2ª, sen achegar ningún dato, información concreta nin explicación escrita que dea cumprimento á obriga regulamentaria. Non existen cifras de execución, nin previsións, nin compromisos, nin aclaración algunha sobre unha área tan sensible como é o acceso á vivenda.



Unha resposta destas características non só dificulta o labor parlamentario, senón que merma a capacidade de control democrático da Cámara. No marco dun Parlamento democrático, unha resposta que se reduce a unha ligazón a un vídeo sen desenvolver por escrito nin un só elemento da pregunta formulada non pode considerarse unha actuación normal nin respectuosa coa institución, poñendo en cuestión o respecto debido aos deputados e deputadas e á propia Cámara.

A cidadanía galega merece un Goberno que responda con rigor, con datos e con transparencia; e moi especialmente en materia de vivenda, onde hai miles de persoas agardando solucións. Derivar unha resposta parlamentaria a un vídeo supón eludir a responsabilidade política, impedir unha fiscalización efectiva e empobrecer o debate democrático.

Por todo isto, para preservar o funcionamento digno do Parlamento de Galicia, resulta imprescindible que a Xunta rectifique esta práctica e dea resposta completa e por escrito, tal e como establece o Regulamento e tal e como corresponde a un Goberno que debe render contas.



Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir que todas as respostas ás preguntas escritas formuladas polos deputados e deputadas se realicen por escrito, de forma completa e motivada, evitando derivacións xenéricas a vídeos ou contidos externos que non constitúen resposta suficiente.
2. Rectificar a resposta remitida á pregunta nº 34988, enviando unha contestación escrita, detallada e con datos actualizados sobre a execución do programa 451B de acceso á vivenda no segundo trimestre de 2025, as medidas previstas para melloralala e os prazos estimados para cubrir as necesidades de vivenda en Galicia.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2025





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/11/2025 11:25:56

Carlos López Font na data 25/11/2025 11:26:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/11/2025 11:26:10



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 11:27:50**  
**Nº Rexistro: 39296**  
Data envío: 25/11/2025 11:27:50.600

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 11:27:51

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/11/2025 13:39:18  
**Nº Rexistro: 39301**  
Data envío: 25/11/2025 13:39:18.410

Asinado o día 25/11/2025 ás 13:38  
Por Paulo Ríos Santo

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa doa deputados **Oscar Insua Lema, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de acometer obras de mellora nas travesías urbanas no municipio de Cee.

Asinado o día 25/11/2025 ás 13:38  
Por Luis Bará Torres

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai anos son continuos os accidentes de tráfico de atropelo de peóns nas distintas travesías no concello de Cee e non é a primeira vez que este grupo político trae unha iniciativa ao parlamento para darlle unha solución inmediata as malas condicións das mesmas e que en gran parte é competencia da Xunta de Galiza.

Dende hai catro anos, faleceron xa dúas persoas como consecuencia de atropelos en pasos de peóns en Cee, unha o 19 de novembro de 2021 na avda. Fernando Blanco e outra este mesmo ano na Avda de Fisterra, o 6 de outubro, mais producíronse outros accidentes sen resultado de morte.

O 21 de novembro de 2023 houbo un atropelo dunha moza na Avda. Fernando Blanco, o 22 de abril de 2024 atropelaron a un pai e a súa filla nun paso de peóns na travesía de Camiños Chans, e o 31 de xullo de 2024 houbo outro atropelo dun home na Ameixenda, na AC-550. E este ano, ademais do atropelo con resultado de falecemento xa mencionado, tamén tivemos outros dous atropelos, un grave o 3 de febreiro de 2025, na AC-552, na travesía da Avda. de Fisterra, dunha muller nun paso de peóns, e outro dun operario de estradas o 7 de outubro na parroquia de Pereiriña.

Asinado o día 25/11/2025 ás 13:37  
Por Oscar Insua Lema



De todos é sabido, que en Cee conflúen dúas estradas de titularidade autonómica, e polo tanto dependentes da Xunta de Galiza: a C-552 e a C-550: a primeira comunica Cee con A Coruña, mentres a segunda, sae desta mesma vía con dirección a Muros. As dúas estradas constitúen as principais arterias de comunicación no municipio, e ao seu paso polo centro urbano coñécense coma a Avenida de Fisterra e a Avenida Fernando Blanco, respectivamente. Nestas dúas travesías urbanas é onde se produciron a gran maioría dos accidentes que anteriormente sinalamos, sobre todo nos pasos de peóns que neles se instalaron.

Uns pasos de peóns que precisan de melloras inmediatas, porque as condicións de visibilidade das marcas horizontais son malas, son difíciles de ver tanto de día, como de noite, porque non están alumeados, pero tamén os sinais verticais que informan da súa existencia, que non se ven, porque os ocultan os vehículos estacionados. Ademais faltan beirarrúas nalgún dos tramos da travesía, unha circunstancia que pon en perigo a circulación dos ciclistas e dos que hai tempo que se queixan, entre outros problemas de seguridade viaria.

É imprescindible que por parte das administracións competentes se adopten as medidas necesarias para frear o número de accidentes e as mortes por atropelo. Só a través dunha actuación integral nestas dúas vías se acadará reducir o número de accidentes e atropelos, con medidas que obriguen a reducir a velocidade, que iluminen mellor todas as travesías, que executen novas beirarrúas, que melloren os pasos peonís e introduzan sistemas de calmado de tráfico.

Hai determinadas actuacións, que polo seu ámbito competencial, lle corresponden ao Concello, e por iso dende o Bloque Nacionalista Galego de Cee se lle ten esixido ao goberno local a adopción dalgunhas medidas, como poden ser a mellora da iluminación das vías para eliminar zonas escuras e favorecer unha maior visibilidade, a anulación nas dúas avenidas das prazas de aparcamento máis próximas aos paso de peóns ou a





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

sinalización lumínica dos mesmos. Pero o resto de medidas dependen de quen ten a competencia destas dúas estradas, da Xunta de Galiza, que debe tomar medidas inmediatas para intentar solucionar un problema persistente que se repite cada pouco tempo.

Xa hai tempo que levamos escoitando que dende o goberno galego hai un compromiso de redactar os proxectos de mellora das travesías e de executalas, mais todo é fume porque nada se sabe destas promesas, a pesar de que estas actuacións son necesarias e vitais para mellorar a seguridade vial e facer destas dúas vías, ao seu paso polo centro de Cee, un espazo menos perigoso e hostil para os peóns.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Rematar canto antes a redacción dos proxecto de urbanización das travesías na C-552 e na AC-550 no municipio de Cee e licitar a súa execución.
- Incluír neses proxecto a mellora e construción de espazos peonís alí onde non existan e nomeadamente no lugar de Bazarra (nas zonas dos supermercados e da gasolineira).
- Mellorar a sinalización nas estradas de competencia galega ao seu paso por Cee.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 25/11/2025 13:37:55

Luis Bará Torres na data 25/11/2025 13:38:01

Paulo Ríos Santomé na data 25/11/2025 13:38:09



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 13:39:18**  
**Nº Rexistro: 39301**  
Data envío: 25/11/2025 13:39:18,410

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 13:39:19



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 13:39:18**  
**Nº Rexistro: 39301**  
Data envío: 25/11/2025 13:39:18.410

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López e María Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

No informe sobre axudas a proxectos de investimento en actividades non agrícolas 2025 se reflicte unha realidade que se repite no tempo, a demanda é maior que oferta. Isto pon de manifesto a necesidade pero tamén a oportunidade para impulsar o investimento no rural galego.

En cada convocatoria vemos como se atrae a emprendedores, autónomos e pequenas empresas que buscan e contribúen a diversificar a actividade económica, xerar emprego e fixar poboación no territorio, así como a dar servizos as persoas que viven no rural e ao sector primario.

Dende a convocatoria do ano 2016 vemos como foi flutuando o crédito dedicado para este fin e como o que se dedica no ano 2025 é menor que o consignado no 2016. Isto redunda na mesma dos proxectos que se poden acoller a estas axudas e polo tanto tamén vai en detrimento da creación de emprego e riqueza no medio rural.

A Galicia rural do presente pero sobre todo do futuro precisa dunha aposta firme, sostida e ambiciosa para apostar de xeito decidido polo rural. Dedicando máis recursos, máis capacidade, maior planificación que recoñeza a importancia desta inversión como unha peza crave para garantir o equilibrio territorial, cohesión territorial e o desenvolvemento económico.

O rural galego leva moito tempo facendo máis con menos, as persoas emprendedoras demostran compromiso, iniciativa, capacidade. A xunta ten que



estar a altura das necesidades non pode mirar para outro lado mentres recorta os instrumentos que fan posible abrir novos negocios e manter os existentes para crear emprego e garantir a vida nos concellos.

Hai que escapar da política de mínimos e apostar por unha visión ambiciosa e con capacidade transformadora. Non podemos permitir que ningún negocio quede sen materializarse por falla de compromiso e vontade da Xunta de Galicia.

Dende o goberno autonómico débese avanzar cara un orzamento que axuste a demanda real, onde non queden fora proxectos solventes e de clara utilidade pública por falla de fondos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar a dotación económica das axudas para proxectos de investimento en actividades empresarias non agrícolas.
2. Establecer un compromiso plurianual que dea estabilidade as convocatorias e permita as persoas emprendedoras planificara o investimento a medio prazo.
3. Elaborar un plan de diversificación económica no rural, integrando estas axudas como ferramenta central para combater o despoboamento, favorecer a igualdade de oportunidades e promover unha economía verde, circular, de proximidade e unha economía rural moderna e sostible.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 25/11/2025 15:57:09

Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/11/2025 16:00:51

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/11/2025 16:01:39



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39306**  
Data envío: 25/11/2025 16:17:43,920

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 16:17:44



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39306**  
Data envío: 25/11/2025 16:17:43,920

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/11/2025 16:30:00  
Nº Rexistro: 39311  
Data envío: 25/11/2025 16:24:11.764

Asinado o día 25/11/2025 ás 11:46  
Por Carlos López For

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **na Comisión 8ª**.

A maioría dos bancos permanecen pechados ou sen actividade real na Costa da Morte. A Xunta continúa sen exercer de maneira eficaz as súas competencias exclusivas en marisqueo, pese a presumir reiteradamente de autogoberno. Esa inacción está a comprometer o futuro dun sector do que dependen milleiros de familias, especialmente mulleres que atopan no marisqueo o seu principal medio de vida.

Asinado o día 25/11/2025 ás 11:46  
Por Paloma Castro Rey

Tal e como reflicten os datos oficiais, as capturas e a facturación caeron arredor dun 70% no último ano. Nas zonas da Costa da Morte, Barbanza e Muros-Noia a redución chega ao 76 % nos primeiros meses do ano respecto ao mesmo período de 2023, e a facturación baixou un 73 %. O prezo medio do berberecho aumentou, pero este incremento non compensa a caída da produción nin a falta de ingresos das mariscadoras.

O estuario do Anllóns —principal fornecedor de berberecho— tamén sufriu unha redución drástica: apenas 9.631 quilos comercializados desde xaneiro fronte aos máis de 38.000 do ano anterior. A situación confirma que non se está a producir a rexeneración natural necesaria, nin se están a aplicar medidas eficaces para aseguralo.

Asinado o día 25/11/2025 ás 11:46  
Por Patricia Iglesias Rey

Esta problemática foi trasladada ao Parlamento polo Grupo Socialista en numerosas ocasións. Porén, a Xunta continúa negando a gravidade da

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

139264

28071 Madrid





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/11/2025 16:30:00  
**Nº Rexistro: 39311**  
Data envío: 25/11/2025 16:24:11.764

situación, acusando de alarmismo tanto ao sector como ás organizacións que denuncian a falta de resposta institucional.

A situación é crítica, no caso da ría de Camariñas, a situación é especialmente dramática. Preto de 120 profesionais —na súa inmensa maioría mulleres— levan desde finais do pasado ano sen ingresos, debido á desaparición de ameixa e berberecho e á ausencia de rexeneración natural. O sector reclama axudas urxentes e, sobre todo, semente para permitir a recuperación dos bancos, pero a Xunta non ofreceu respostas suficientes nin actuou con rapidez.

A continuidade da actividade marisqueira en Camariñas depende dunha actuación inmediata, planificada e dotada de recursos, que teña en conta o coñecemento do sector e a evidencia científica sobre o estado ecolóxico das rías.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Recoñecer formalmente a situación crítica da produción marisqueira en Galicia, abandonando a estratexia de negación da realidade que vén mantendo e asumindo a responsabilidade de aplicar medidas urxentes e estruturais para recuperar os bancos marisqueiros.
2. Pór en marcha con carácter inmediato un plan integral de recuperación da produción marisqueira nas rías galegas, especialmente na Costa da Morte, que inclúa:
  - a) Estudos de diagnóstico actualizados sobre o estado ambiental e produtivo das rías;

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

139265

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/11/2025 16:30:00  
**Nº Rexistro: 39311**  
Data envío: 25/11/2025 16:24:11.764

- b) Reforzo dos programas de rexeneración natural;
  - c) Medidas de adaptación ao cambio climático e mellora da calidade das augas.
3. Atender de forma prioritaria as demandas da ría de Camariñas, garantindo:
- a) A concesión de semente suficiente;
  - b) Apoio técnico e económico para a rexeneración dos bancos;
  - c) Un plan específico de acompañamento ás máis de 120 mariscadoras afectadas pola falta de ingresos.

Parlamento de Galicia, 25 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

139266

**28071 Madrid**

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 25/11/2025 11:46:07

Paloma Castro Rey na data 25/11/2025 11:46:22

Carlos López Font na data 25/11/2025 11:46:29



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39311**  
Data envío: 25/11/2025 16:24:11.764

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39311**  
Data envío: 25/11/2025 16:24:11.764

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 16:24:12

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/11/2025 16:40:26  
**Nº Rexistro: 39317**  
Data envío: 25/11/2025 16:40:26.204

Asinado o día 25/11/25  
16:39  
Por Luis Bará Torres

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Iria Taibo Corsanego, Paulo Ríos Santomé e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o servizo de transporte metropolitano por autobús na comarca da Coruña.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas usuarias das liñas de autobús metropolitano con máis viaxeiros levan meses a vivir as graves deficiencias deste servizo de transporte. Un dos maiores problemas ten que ver coa masificación e coa falta de espazo para os viaxeiros e viaxeiras, que acaba por facer que este servizo non sirva para a súa finalidade, xa que son moitas as ocasións nas que a falta de adecuación do servizo ás necesidades reais fan que numerosas persoas sexan rexeitadas polos condutores dos vehículos.

Concretamente, e por poñer só un exemplo, nas liñas que pasan por Santa Cruz e Santa Cristina é moi frecuente que os condutores non admitan novos pasaxeiros por estar o autobús cheo, ou mesmo que non se fagan as últimas paradas antes da Ponte da Pasaxe.

Alén disto, é especialmente grave o trato ás persoas con mobilidade reducida. Recibimos numerosas queixas de usuarios e usuarias que nos informan de que persoas en cadeira de rodas ou familias con carriños de bebé son abandonadas nas paradas, entendemos que polo espazo adicional que ocupan, mais nunha actitude que é diametralmente oposta a como se debería actuar con este tipo de usuarias. En todo caso, se as frecuencias e horarios estivesen axeitadas á realidade das necesidades da cidadanía,

Asinado o día 25/11/2025 ás  
16:39  
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 25/11/2025 ás  
16:38  
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

non sería preciso que os condutores e condutoras tivesen que facer unha selección de pasaxeiros, que vai ser sempre inxusta e arbitraria.

Alén disto, lembramos que se hai usuarios e usuarias que non poden ser acollidos no autobús por falta de espazo é porque xa hai un importante número de persoas de pé no coche.

Estas graves deficiencias do servizo son negadas reiteradamente polo goberno galego, mais a realidade é que son denunciadas e existen demandas de melloras desde moi diferentes ámbitos: hai posicionamentos de diferentes plenos municipais da comarca, a Plataforma pola Defensa do Transporte Público de Sada recolleu sinaturas e remitiu queixas á Valedora do Pobo, houbo diferentes iniciativas no Parlamento Galego peticións no parlamento, declaracións dos alcaldes, reunións dos diferentes concellos co goberno galego para demandar melloras neste mesmo servizo...

Alén de todas as deficiencias que detectamos e denunciámos en relación co transporte público na área metropolitana da Coruña, seguimos a constatar que a diversidade, e o propio transporte público, non son prioritarios para o goberno galego. As empresas concesionarias non deben actuar deste xeito, discriminatorio e arbitrario, sen que o goberno galego actúe en defensa da cidadanía, e do propio servizo público.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Corrixir as graves eivas de horarios, frecuencias e traxectos das liñas de transporte metropolitano na comarca da Coruña.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2. Inspeccionar e actuar, no seu caso, contra as empresas concesionarias en relación coa discriminación da que son vítimas as persoas con mobilidade reducida no transporte metropolitano da área da Coruña.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 25/11/2025 16:38:59

Mercedes Queixas Zas na data 25/11/2025 16:39:05

Luis Bará Torres na data 25/11/2025 16:39:13

Paulo Ríos Santomé na data 25/11/2025 16:39:21



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 16:40:26**  
**Nº Rexistro: 39317**  
Data envío: 25/11/2025 16:40:26.204

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 16:40:26



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 16:40:26**  
**Nº Rexistro: 39317**  
Data envío: 25/11/2025 16:40:26.204

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A seguridade viaria é unha prioridade esencial en todas aquelas estradas autonómicas que atravesan núcleos de poboación. Garantir unha mobilidade segura das persoas, especialmente das máis vulnerables, require infraestruturas adecuadas que permitan desprazamentos a pé sen riscos innecesarios.

Asinado o día 25/11/2025 ás 14:05  
Por Carlos López Font

A AC-300 é unha vía que xa conta con treitos humanizados con beirarrúas e pasos de peóns no concello de Brión, así como no polígono da Picaraña, no municipio de Padrón, onde enlaza coa N-550. Estes tramos responden á necesidade de compatibilizar o tráfico rodado coa mobilidade peonil e melloran de maneira evidente a seguridade viaria.

Porén, existe unha excepción salientable e preocupante: o núcleo do Sisto, no concello de Rois, que é a única poboación de dimensión significativa ao longo da AC-300 que carece completamente de beirarrúas e pasos de peóns. No Sisto conviven un núcleo rural consolidado e dúas urbanizacións cunha elevada densidade residencial, o que multiplica os desprazamentos a pé e require obrigatoriamente unha infraestrutura segura.

Asinado o día 25/11/2025 ás 14:05  
Por Aitor Bouza Manso

A ausencia de beirarrúas obriga ás persoas a circular por beiravías estreitas ou mesmo pola calzada, nunha travesía con circulación continua de vehículos. Trátase dun treito onde existe unha clara percepción social de risco, evidenciada



pola preocupación recorrente da veciñanza e pola presenza frecuente de mecanismos de vixilancia do tráfico, o que confirma que estamos ante unha zona que require medidas estruturais de mellora urxentes.

Dado que os demais núcleos do trazado da AC-300 contan xa con actuacións de humanización, resulta inxustificable que o Sisto continúe sendo unha excepción, malia tratarse dun dos lugares con maior concentración de poboación do percorrido.

Por todo isto, é imprescindible que a Xunta de Galicia acometa unha actuación inmediata para garantir unha mobilidade segura nesta travesía e que incorpore unha partida específica nos Orzamentos da Comunidade Autónoma, asegurando a súa pronta execución.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a executar de maneira inmediata un proxecto integral de creación de beirarrúas e pasos de peóns na travesía da AC-300 ao seu paso polo Sisto no concello de Rois, garantindo unha mobilidade segura e accesible para a cidadanía.

Santiago de Compostela, a 25 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/11/2025 14:05:47

Carlos López Font na data 25/11/2025 14:05:53

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/11/2025 14:05:59



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 17:14:18**  
**Nº Rexistro: 39322**  
Data envío: 25/11/2025 17:14:18.160

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 17:14:18**  
**Nº Rexistro: 39322**  
Data envío: 25/11/2025 17:14:18.160

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 17:14:18

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A seguridade viaria é unha prioridade esencial en todas aquelas estradas autonómicas que atravesan núcleos de poboación. Garantir unha mobilidade segura das persoas, especialmente das máis vulnerables, require infraestruturas adecuadas que permitan desprazamentos a pé sen riscos innecesarios.

A AC-300 é unha vía que xa conta con treitos humanizados con beirarrúas e pasos de peóns no concello de Brión, así como no polígono da Picaraña, no municipio de Padrón, onde enlaza coa N-550. Estes tramos responden á necesidade de compatibilizar o tráfico rodado coa mobilidade peonil e melloran de maneira evidente a seguridade viaria.

Porén, existe unha excepción salientable e preocupante: o núcleo do Sisto, no concello de Rois, que é a única poboación de dimensión significativa ao longo da AC-300 que carece completamente de beirarrúas e pasos de peóns. No Sisto conviven un núcleo rural consolidado e dúas urbanizacións cunha elevada densidade residencial, o que multiplica os desprazamentos a pé e require obrigatoriamente unha infraestrutura segura.

A ausencia de beirarrúas obriga ás persoas a circular por beiravías estreitas ou mesmo pola calzada, nunha travesía con circulación continua de vehículos. Trátase dun treito onde existe unha clara percepción social de risco, evidenciada



pola preocupación recorrente da veciñanza e pola presenza frecuente de mecanismos de vixilancia do tráfico, o que confirma que estamos ante unha zona que require medidas estruturais de mellora urxentes.

Dado que os demais núcleos do trazado da AC-300 contan xa con actuacións de humanización, resulta inxustificable que o Sisto continúe sendo unha excepción, malia tratarse dun dos lugares con maior concentración de poboación do percorrido.

Por todo isto, é imprescindible que a Xunta de Galicia acometa unha actuación inmediata para garantir unha mobilidade segura nesta travesía e que incorpore unha partida específica nos Orzamentos da Comunidade Autónoma, asegurando a súa pronta execución.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar nos Orzamentos da Xunta de Galicia unha partida económica suficiente para executar as actuacións de mellora e humanización deste treito da AC-300 ao seu paso polo Sisto no concello de Rois.

Santiago de Compostela, a 25 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/11/2025 14:06:08

Carlos López Font na data 25/11/2025 14:06:13

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/11/2025 14:06:22



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 17:16:00**  
**Nº Rexistro: 39324**  
Data envío: 25/11/2025 17:16:00,899

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 17:16:01



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 17:16:00**  
**Nº Rexistro: 39324**  
Data envío: 25/11/2025 17:16:00,899

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e deputado, **Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 1ª**.

A mobilidade voluntaria do persoal funcionario é un dereito recoñecido no Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e constitúe unha ferramenta esencial para favorecer a conciliación da vida laboral e persoal, o desenvolvemento profesional e a racionalización da organización administrativa.

Porén, na Administración autonómica galega, a xestión dos concursos de traslados, tanto dos corpos xerais como dos corpos e escalas especiais, caracterízase pola falta de periodicidade, o atraso na resolución e a ausencia de procedementos abertos e continuos. En moitos casos, transcorran varios anos entre unha convocatoria e outra, o que impide a mobilidade real do persoal e xera malestar e desmotivación entre os empregados e empregadas públicas.

Esta situación contrasta co modelo de concursos permanentes e abertos que xa funcionan con éxito no Servizo Galego de Saúde (Sergas) e na Administración Xeral do Estado, onde o persoal pode solicitar prazas dispoñibles ao longo de todo o ano, con resolucións periódicas e con sistemas informáticos eficaces e transparentes.

A realidade da función pública autonómica galega amosa, pola contra, unha notable carencia de medios humanos e técnicos na dirección xeral competente en materia de función pública, o que provoca retrasos reiterados tanto nos concursos de traslados como noutros procedementos (ofertas de emprego público, promoción interna, bolsas, etc.).



Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma un compromiso real coa modernización e co dereito á mobilidade do persoal público, mediante a convocatoria recorrente e aberta dos concursos, a mellora dos medios informáticos e o reforzo do persoal técnico destinado á súa tramitación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Implantar un sistema de concursos de traslados recorrentes e abertos durante todo o ano para o persoal funcionario dos corpos xerais e especiais da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo o modelo existente no Sergas e na Administración Xeral do Estado.
2. Reforzar os medios materiais e os aplicativos informáticos empregados nos procedementos de mobilidade e provisión de postos, co fin de garantir a súa axilidade, transparencia e tramitación dixital completa.
3. Incrementar os medios persoais destinados ao órgano directivo competente en materia de función pública, dotándoo do persoal técnico necesario para asumir con eficacia e celeridade as convocatorias e resolucións dos concursos de traslados e outros procesos de xestión do emprego público.

Santiago de Compostela, a 25 de Novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 25/11/2025 17:23:49

Paloma Castro Rey na data 25/11/2025 17:24:05

Carlos López Font na data 25/11/2025 17:24:12

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/11/2025 17:24:20



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 17:37:11**  
**Nº Rexistro: 39343**  
Data envío: 25/11/2025 17:37:11.781

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 17:37:12



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 17:37:11**  
**Nº Rexistro: 39343**  
Data envío: 25/11/2025 17:37:11.781

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/11/2025 17:44:46  
**Nº Rexistro: 39345**  
Data envío: 25/11/2025 17:44:46.632

Asinado o día 25/11/2025 ás 17:43  
Por Ana Pontón Mont

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre o compromiso da Xunta coa promoción e transmisión da música e do baile tradicional de Galiza.

Asinado o día 25/11/2025 ás 17:43  
Por Daniel Castro García

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O *Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza* (2006), editado pola Fundación Sondeseu e no que participou a Asociación de Gaiteiros Galegos, chegou, por primeira vez, unha panorámica que deu a coñecer a dimensión dunha actividade con pouca visualización social, pero cun tremendo potencial socioeconómico no sector cultural.

O documento contabilizou, hai xa case 20 anos, máis de 20.000 estudantes e case 1.400 actividades estudadas, 640 profesores entrevistados en case 700 centros de ensino de perto de 250 concellos, relacionados coa transmisión do baile e música tradicional.

Realizando unha estimación e adaptándoa ao total de actividades recollidas, o orzamento anual de todas as clases de música e baile tradicionais situábase en torno a 3 ou 3,5 millóns de euros, dos cales arredor dun 39% eran achegas da administración pública, sendo o resto costeadado por cotas, actividades e rendemento escénico do aprendido polo alumnado das asociacións.

Unhas cifras que, malia estaren pendentes do necesario seguimento e actualización, é sabido que medraron nos últimos anos pola alta incidencia social e

Asinado o día 25/11/2025 ás 17:42  
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cultural que verteбра o mundo asociativo no noso país e mais polo conexión das novas xeracións coa música e o baile tradicionais e que quedaron ben evidenciadas ao longo deste 2025 coa dedicación do Día das Letras Galegas ás cantareiras por parte da Real Academia Galega que converteu Galiza nunha sucesión de foliadas.

Na actualidade, o movemento asociativo de base calcula que máis de 35.000 persoas participan das actividades de formación e divulgación da música e o baile tradicional que, ao tempo, representa un motor indispensable sen o cal o sector profesionalizado da cultura sería moito menor.

Porén, trátase dun sector con grandes debilidades dentro do entramado socioeconómico da cultura galega, o que foi ben notorio en 2020 co gallo da pandemia.

As asociacións víronse obrigadas a paralizaren a actividade presencial, tanto aulas regulares como actividades esporádicas, as actividades remuneradas coas que completan os seus fondos destinados a cubrir gastos fixos e salarios de mestres tamén estiveron canceladas ou adiadas, o que provoca que gran parte das asociacións cancelasen os salarios do seu profesorado, deixando estes nunha situación de desamparo, ao tempo que algunhas quedaron no camiño para sempre.

Avanzar na profesionalidade e dignificación do colectivo de ensinantes de música e baile tradicional é precisamente unha demanda da Asociación do Ensino Profesional da Música e Baile Tradicional desde a súa fundación en 2021 coa que concordamos desde o grupo parlamentario do BNG.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:



- Realizar un novo estudo que permita actualizar os datos do *Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza* como punto de partida para a aplicación das necesarias accións de reforzo na formación e transmisión da música e do baile tradicional.
- Impulsar a creación dunha certificación profesional que avale o recoñecemento da formación dos docentes de música e baile tradicional.
- Crear un plan de axudas destinado a apoiar a contratación de profesorado de música e baile tradicional por parte das asociacións culturais de base que permita a regularización da situación laboral deste colectivo de traballadoras e traballadores.
- Activar unha liña de axudas á investigación, creación e produción de proxectos centrados na visibilización do patrimonio cultural galego ligado á expresión musical e dancística.
- Incluír a oferta do traballo asociativo de base centrado na formación e divulgación do baile e na música tradicional na Rede de Teatros e Auditorios.
- Activar accións encamiñadas a apoiar economicamente a representación da música e do baile tradicional galego no exterior en festivais internacionais.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 25/11/2025 17:42:53

Daniel Castro García na data 25/11/2025 17:43:00

Ana Pontón Mondelo na data 25/11/2025 17:43:10



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 17:44:46**  
**Nº Rexistro: 39345**  
Data envío: 25/11/2025 17:44:46,632

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2025 17:44:46**  
**Nº Rexistro: 39345**  
Data envío: 25/11/2025 17:44:46.632

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/11/2025 17:44:47**

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/11/2025 12:04:28  
**Nº Rexistro: 39358**  
Data envío: 26/11/2025 12:04:28.265

Asinado o día 26/11/2025  
12:03  
Por Luis Bará Torres

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputado **Ariadna Fernández González** e **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a concentración parcelaria no concello de Lalín..

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes leva sendo un referente en canto ás producións gandeiras ao longo da nosa historia, cunha localización privilexiada para favorecer e fomentar estes sectores produtivos que, sen embargo, non parece ser abonda para conservar esta actividade no territorio.

No caso particular do concello de Lalín, o sector gandeiro é un exemplo en distintas producións sendo destacable o sector do porcino e a avicultura, ao igual que a produción de carne de vacún ou de leite, esta última cun potencial que se sitúa entre a realidade das pequenas e medianas explotacións de gando frisón e as de maior tamaño, onde a tecnoloxía e a tradición se mesturan para situarnos na vangarda dentro e fóra das nosas fronteiras.

As cifras do concello lalinense resúmense en máis de 500 explotacións gandeiras que dan lugar, segundo os últimos datos que achega o IGE, a case 600 empresas dedicadas á agricultura que, en termos de afiliacións á SS. Esta parte da nosa economía aporta case 900 afiliados, polo que se trata dun eixo vertebrador fundamental, tanto do rural e da súa continuidade do xeito en que o coñecemos, coma da nosa actividade económica, que resulta un piar imprescindible, tanto para os titulares das propias explotacións coma para

Asinado o día 26/11/2025 ás 12:03  
Por Secundino Fernández  
Fernández

Asinado o día 26/11/2025 ás  
12:03  
Por Ariadna Fernández González





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/11/2025 12:04:28  
**Nº Rexistro: 39358**  
Data envío: 26/11/2025 12:04:28.265

o resto de empresas relacionadas co sector e que se desenvolven ao redor das necesidades deste.

A incapacidade para influír sobre o devalo do rural é manifesta, sen termos unha política de desenvolvemento do mesmo, con resultados tanxibles que amosen os seus efectos positivos no presente, nin unhas políticas agrogandeiras que fixen poboación, aumenten a rendibilidade das nosas explotacións e manteña vivas polo menos as xa presentes no territorio. Exemplos desta fenda entre o goberno e a poboación é a incapacidade para favorecer unha das actividades económicas chave no concello de Lalín, onde os procedementos de concentración parcelaria son lentos e moi burocratizados, onde non se favorece a implantación de industrias transformadoras que lle dean vida e maior rendibilidade ao sector a través dos seus produtos derivados, ou onde os servizos do rural se sitúan moi lonxe dos que existen na nosa zona urbana.

O pouco interese sobre o desenvolvemento rural e o aproveitamento das súas posibilidades, ao igual que as políticas agrogandeiras instaladas nun sector que evolucionou a moita maior velocidade que a administración, non favorecen en absoluto ao sector gandeiro lalinense, que perde granxas a un ritmo moi elevado e que deixa atrás o territorio, implicando un grave risco para a proliferación das vagas de lumes, co que iso implica a nivel medioambiental, económico e social.

Os datos dos procedementos de concentración parcelaria de Lalín son alarmantes con algo menos de 900 hectáreas co proceso rematado fronte a máis de 10.000 incluídas durante anos nos distintos estadios da ordenación territorial sen seren finalizadas nas distintas parroquias, moitas delas con grande implantación da gandería.

Entre o 92% das hectáreas que están neste momento nalgún dos pasos da concentración, encóntranse Vilatuxe ou Santa Baia de Losón, agardando no primeiro caso dende hai máis dunha década pola entrega dos títulos de propiedade, que chegan agora despois de seren decretadas o 20 de setembro do 2001, co que iso implica á hora de dispoñer dos terreos e ter seguridade xurídica por parte dos propietarios/as. Sitúase así o





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 12:04:28**  
**Nº Rexistro: 39358**  
Data envío: 26/11/2025 12:04:28.265

concello con 8 parcelarias en desenvolvemento, algunhas comezadas fai 25 anos, sen que se invista o necesario nelas e non acaben de resolverse.

A necesidade de terra agraria coarta a actividade e o futuro das granxas, condena aos labregos á dependencia de insumos externos e polo tanto reduce a capacidade de evolucionar de moitas granxas. Dende o goberno non se lle aportou ao sector primario lalinense as ferramentas para traballar de xeito cómodo e o máis rendible posible, sen solucións a curto nin a longo prazo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar os procesos de concentración parcelaria do concello de Lalín, comprometéndose a investir 5 millóns de euros nos orzamentos vindeiros que favorezan especialmente o remate das xa comezadas.

2. Dotar a Lalín da oferta do Ciclo Superior de Gandería e Asistencia en Sanidade Animal, do Ciclo Medio de Producción Agropecuaria e do Ciclo Medio de Producción Agroecolóxica, cubrindo a demanda de toda a comarca e favorecendo a continuidade das explotacións agrogandeiras.

3. Elaborar un informe sobre o estado destas concentracións e a evolución ao longo da última década que nos permita avaliar se os gandeiros son beneficiarios destes procesos, con comparativas entre distintas zonas do concello e a súa evolución en canto á presenza de explotacións economicamente viables e con relevo xeracional e datos concretos sobre a superficie agraria útil media coa que contan os nosos gandeiros e gandeiras.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 26/11/2025 12:03:04

Secundino Fernández Fernández na data 26/11/2025 12:03:13

Luis Bará Torres na data 26/11/2025 12:03:19



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 12:04:28**  
**Nº Rexistro: 39358**  
Data envío: 26/11/2025 12:04:28.265

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/11/2025 12:04:28



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 12:04:28**  
**Nº Rexistro: 39358**  
Data envío: 26/11/2025 12:04:28.265

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o atraso na implantación do servizo de hemodiálise no concello da Estrada.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os doentes da Estrada e áreas limítrofes que viaxan de xeito recorrente a Santiago pola falla da implantación do servizo de hemodiálise no seu concello continúan madrugando e con viaxes que se alongan durante horas para seren atendidos. Malia a promesa de que o servizo de hemodiálise intermedia estaría dispoñible na localidade da Estrada no pasado mes de xuño, a realidade é que nada se sabe dos avances da súa implantación nin de cando será a data da súa posta en funcionamento con case medio ano de atraso dende que se fixo público o compromiso.

Fronte á recollida de máis de 6000 sinaturas por parte de doentes que viven o sistema, día si e día tamén, a Consellería de Sanidade negou a necesidade de dotar deste servizo ao concello da Estrada, aínda sabendo que estes pasan 8 horas no traxecto de ida e volta para recibir a atención no Hospital Clínico de Santiago, con agardas polo transporte e viaxes que, para unha persoa que acaba de recibir o tratamento se fan moi longas e pesadas pola debilidade que estas persoas presentan nas horas posteriores. Non entanto, tras o debate na comisión 5 de Sanidade das iniciativas ao respecto presentadas polo BNG, o SERGAS anunciou a que ía ser a pronta instalación no centro de saúde da Estrada dun proxecto piloto, o sistema de diálise intermedia, que se desenvolvería entre





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

o centro de saúde e o domicilio do paciente nos casos que for posible, cuns requisitos determinados.

Arestora nada se coñece sobre os avances deste proxecto, que xa nace con medio ano de atraso no caso de comezar no que resta de 2025, tampouco se sabe da existencia do material e as instalacións precisas para desenvolvelo, incumpríndose amplamente a promesa, sen que apareza de xeito explícito tampouco nos orzamentos do vindeiro 2026, polo que a previsión non é alentadora. Tras o compromiso do Conselleiro de Sanidade, que visitou o centro de saúde da Estrada en xaneiro acompañado da Directora Xeral de Planificación e reforma Sanitaria, non se volveu ter novas sobre este servizo, imprescindible na vida de moitos veciños e veciñas e cuxa chegada foi tan só unha promesa do PP que ficou incumprida.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Poñer en marcha o servizo de hemodiálise da Estrada con data límite no primeiro trimestre de 2025.
2. Remitir os informes, estudos e investimentos feitos ate o día de hoxe por parte da Consellería de Sanidade para a posta en marcha do servizo de hemodiálise da Estrada.”

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 26/11/2025 13:26:04

María Montserrat Prado Cores na data 26/11/2025 13:26:11

Olalla Rodil Fernández na data 26/11/2025 13:26:19



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 13:27:33**  
**Nº Rexistro: 39362**  
Data envío: 26/11/2025 13:27:33.051

CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/11/2025 13:27:33



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 13:27:33**  
**Nº Rexistro: 39362**  
Data envío: 26/11/2025 13:27:33.051

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 26/11/2025  
13:30  
Por Mercedes Queixa

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e do deputado **Iria Taibo Corsanego, Cristina Fernández Davila, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a exclusión da lingua galega na avaliación dos riscos laborais do profesorado.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas, o profesorado está a recibir a comunicación da avaliación dos riscos laborais dos seus postos unicamente en castelán. Esta documentación está a ser elaborada e entregada por unha empresa externa, mais loxicamente con diñeiro público.

Entre os obxectivos para a área de Ensino, o Plan Xeral para a Normalización da Lingua galega inclúe:

“Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa”.

O Decreto do plurilingüismo dispón, no seu Artigo 3:

- “1. Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarse o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente”.

Asinado o día 26/11/2025 ás  
13:30  
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 26/11/2025 ás  
13:29  
Por Iria Taibo Corsanego





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

- “3. Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes indicados no punto 1 deste artigo, como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común”.

O goberno galego está a incumprir toda a lexislación lingüística con esta comunicación, polo que demandamos unha corrección urxente.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Implantar as medidas que correspondan para garantir o uso do galego por parte das empresas ás que subcontrata servizos.

2.- Corrixir a exclusión do galego da avaliación dos riscos laborais do profesorado.”

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 26/11/2025 13:29:47

Ana Pontón Mondelo na data 26/11/2025 13:30:15

Mercedes Queixas Zas na data 26/11/2025 13:30:29

Daniel Castro García na data 26/11/2025 13:31:03

Cristina Fernández Davila na data 26/11/2025 13:31:14



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 13:32:26**  
**Nº Rexistro: 39367**  
Data envío: 26/11/2025 13:32:26.403



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 13:32:26**  
**Nº Rexistro: 39367**  
Data envío: 26/11/2025 13:32:26.403

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/11/2025 13:32:27

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso**, **Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do seu portavoz e ao abeiro no disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Nos últimos días produciuse unha situación totalmente inadmisíbel no Centro de Saúde Fontenla Maristany, en Ferrol: máis de trinta persoas tiveron que agardar baixo unha choiva intensa para realizar unha simple extracción analítica, sen ningún espazo cuberto nin protección fronte ás inclemencias meteorolóxicas.

Falamos dun servizo sanitario público que debería garantir dignidade, seguridade e organización, non exposición á intemperie nin esperas masificadas e desordenadas. Esta incidencia, que non é un caso illado no sistema sanitario galego, evidencia unha vez máis as graves deficiencias de planificación, recursos e atención á cidadanía por parte do Goberno galego.



A Atención Primaria, que debería ser a columna vertebral do sistema, está infrafinanciada e saturada. Episodios como o vivido en Fontenla Maristany son a consecuencia directa dun modelo que non pon ás persoas no centro e que non reforza os recursos nin as infraestruturas necesarias.

É imprescindible que o Sergas e a Xerencia da Área Sanitaria de Ferrol actúen de inmediato para evitar que situacións indignas como esta volvan repetirse.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Habilitar de maneira inmediata espazos cubertos, resgardos ou zonas interiores adecuadas para as colas de espera das extraccións analíticas no Centro de Saúde Fontenla Maristany de Ferrol, garantindo protección fronte ás condicións meteorolóxicas adversas.
2. Mellorar a organización das citas e do fluxo de pacientes, co fin de evitar aglomeracións e tempos de espera prolongados nas extraccións e noutros servizos de Atención Primaria do centro.
3. Adoptar protocolos de atención que aseguren a dignidade, seguridade e confort das persoas usuarias, priorizando especialmente ás persoas maiores, con mobilidade reducida ou con patoloxías sensibles ao frío ou á humidade.
4. Avaliar as necesidades estruturais do centro e establecer un plan de melloras que permita garantir un servizo sanitario público de calidade á cidadanía de Ferrol.

Santiago de Compostela, a 26 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 26/11/2025 16:17:40

Elena Espinosa Mangana na data 26/11/2025 16:17:57

Silvia Longueira Castro na data 26/11/2025 16:18:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/11/2025 16:18:09



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39376**  
Data envío: 26/11/2025 16:29:53.803

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/11/2025 16:29:54



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39376**  
Data envío: 26/11/2025 16:29:53.803

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey e Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura.**

### Exposición de Motivos

A educación pública é unha das ferramentas máis poderosas para garantir a igualdade de oportunidades e a cohesión social. Un país que aposta polo coñecemento e pola formación da súa mocidade é un país que aposta polo seu futuro, pola innovación e pola competitividade económica. Por iso, asegurar o acceso a unha educación superior pública, de calidade e sen barreiras económicas debe ser unha prioridade de calquera goberno.

Nos últimos anos déronse pasos cara á eliminación de determinadas barreiras económicas no acceso aos estudos universitarios, entre elas a gratuidade da primeira matrícula, unha medida que o Partido Socialista viña reclamando desde había tempo. Con todo, este avance é insuficiente se non se acompaña dunha aposta real por garantir que a formación universitaria completa sexa accesible para toda a mocidade. Hoxe, boa parte das profesións cualificadas esixen a obtención dun título de mestrado, moitos deles habilitantes ou imprescindibles para desenvolver unha carreira profesional. Por iso é necesario dar o seguinte paso e asegurar que os mestrados non se convertan nun filtro económico que limite oportunidades.



O custo das matrículas de mestrado continúa sendo un factor de desigualdade que impide ou dificulta o acceso a milleiros de estudantes. Isto penaliza especialmente ás familias con menos recursos, ao estudantado residente en

zonas rurais e ao alumnado que non pode asumir un incremento tan notable de taxas entre os estudos de grao e posgrao.

Avanzar cara á gratuidade das matrículas dos mestrados oficiais supón dar continuidade á aposta por un modelo educativo público que non deixe a ninguén atrás. E ao mesmo tempo debe facerse sen que isto supoña ningún prexuízo económico nin carga financeira adicional para as universidades galegas, que xa operan cun financiamento estrutural insuficiente.

O impulso da gratuidade nos mestrados debe ir acompañado dunha planificación orzamentaria responsable por parte da Xunta de Galicia, garantindo que o custo da medida sexa asumido integramente pola administración autonómica e non polas universidades ou polo estudantado.

A educación pública é un investimento estratéxico para o presente e o futuro de Galicia. E ampliar o dereito á formación superior, facéndoo máis xusto e accesible, é unha decisión política que reforza a igualdade, a cohesión social e a capacidade de Galicia para reter e atraer talento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Implantar a gratuidade das primeiras matrículas de todos os estudos de mestrado oficiais impartidos polas universidades públicas galegas.



2. Garantir que esta medida non supoña en ningún caso un incremento de custos para as universidades públicas, asumindo integramente a Xunta de Galicia a financiación necesaria.

3. Abrir un proceso de diálogo co Sistema Universitario de Galicia para avaliar o impacto da medida e asegurar unha implantación ordenada, realista e respectuosa coa autonomía universitaria.

Santiago de Compostela, a 26 de Novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 26/11/2025 17:17:28

Silvia Longueira Castro na data 26/11/2025 17:17:37

Patricia Iglesias Rey na data 26/11/2025 17:17:44

Elena Espinosa Mangana na data 26/11/2025 17:17:51

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/11/2025 17:17:57



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/11/2025 17:25:48



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 17:25:47**  
**Nº Rexistro: 39399**  
Data envío: 26/11/2025 17:25:47,404

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey e Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**.

### Exposición de Motivos

A educación pública é unha das ferramentas máis poderosas para garantir a igualdade de oportunidades e a cohesión social. Un país que aposta polo coñecemento e pola formación da súa mocidade é un país que aposta polo seu futuro, pola innovación e pola competitividade económica. Por iso, asegurar o acceso a unha educación superior pública, de calidade e sen barreiras económicas debe ser unha prioridade de calquera goberno.

Nos últimos anos déronse pasos cara á eliminación de determinadas barreiras económicas no acceso aos estudos universitarios, entre elas a gratuidade da primeira matrícula, unha medida que o Partido Socialista viña reclamando desde había tempo. Con todo, este avance é insuficiente se non se acompaña dunha aposta real por garantir que a formación universitaria completa sexa accesible para toda a mocidade. Hoxe, boa parte das profesións cualificadas esixen a obtención dun título de mestrado, moitos deles habilitantes ou imprescindibles para desenvolver unha carreira profesional. Por iso é necesario dar o seguinte paso e asegurar que os mestrados non se convertan nun filtro económico que limite oportunidades.



O custo das matrículas de mestrado continúa sendo un factor de desigualdade que impide ou dificulta o acceso a milleiros de estudantes. Isto penaliza especialmente ás familias con menos recursos, ao estudantado residente en

zonas rurais e ao alumnado que non pode asumir un incremento tan notable de taxas entre os estudos de grao e posgrao.

Avanzar cara á gratuidade das matrículas dos mestrados oficiais supón dar continuidade á aposta por un modelo educativo público que non deixe a ninguén atrás. E ao mesmo tempo debe facerse sen que isto supoña ningún prexuízo económico nin carga financeira adicional para as universidades galegas, que xa operan cun financiamento estrutural insuficiente.

O impulso da gratuidade nos mestrados debe ir acompañado dunha planificación orzamentaria responsable por parte da Xunta de Galicia, garantindo que o custo da medida sexa asumido integramente pola administración autonómica e non polas universidades ou polo estudantado.

A educación pública é un investimento estratéxico para o presente e o futuro de Galicia. E ampliar o dereito á formación superior, facéndoo máis xusto e accesible, é unha decisión política que reforza a igualdade, a cohesión social e a capacidade de Galicia para reter e atraer talento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar nos Orzamentos da Xunta de Galicia unha partida específica e suficiente que cubra o custo total da gratuidade das primeiras matrículas de mestrado, garantindo así a sustentabilidade financeira das universidades e o mantemento das súas funcións docentes, investigadoras e de servizo público.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 17:26:27**  
**Nº Rexistro: 39401**  
Data envío: 26/11/2025 17:26:27.419

Santiago de Compostela, a 26 de Novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

139315

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 26/11/2025 17:18:07

Silvia Longueira Castro na data 26/11/2025 17:18:13

Patricia Iglesias Rey na data 26/11/2025 17:18:19

Elena Espinosa Mangana na data 26/11/2025 17:18:28

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/11/2025 17:18:34



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/11/2025 17:26:28



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 17:26:27**  
**Nº Rexistro: 39401**  
Data envío: 26/11/2025 17:26:27.419

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey e Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

### Exposición de Motivos

A educación pública é unha das ferramentas máis poderosas para garantir a igualdade de oportunidades e a cohesión social. Un país que aposta polo coñecemento e pola formación da súa mocidade é un país que aposta polo seu futuro, pola innovación e pola competitividade económica. Por iso, asegurar o acceso a unha educación superior pública, de calidade e sen barreiras económicas debe ser unha prioridade de calquera goberno.

Nos últimos anos déronse pasos cara á eliminación de determinadas barreiras económicas no acceso aos estudos universitarios, entre elas a gratuidade da primeira matrícula, unha medida que o Partido Socialista viña reclamando desde había tempo. Con todo, este avance é insuficiente se non se acompaña dunha aposta real por garantir que a formación universitaria completa sexa accesible para toda a mocidade. Hoxe, boa parte das profesións cualificadas esixen a obtención dun título de mestrado, moitos deles habilitantes ou imprescindibles para desenvolver unha carreira profesional. Por iso é necesario dar o seguinte paso e asegurar que os mestrados non se convertan nun filtro económico que limite oportunidades.



O custo das matrículas de mestrado continúa sendo un factor de desigualdade que impide ou dificulta o acceso a milleiros de estudantes. Isto penaliza especialmente ás familias con menos recursos, ao estudantado residente en

zonas rurais e ao alumnado que non pode asumir un incremento tan notable de taxas entre os estudos de grao e posgrao.

Avanzar cara á gratuidade das matrículas dos mestrados oficiais supón dar continuidade á aposta por un modelo educativo público que non deixe a ninguén atrás. E ao mesmo tempo debe facerse sen que isto supoña ningún prexuízo económico nin carga financeira adicional para as universidades galegas, que xa operan cun financiamento estrutural insuficiente.

O impulso da gratuidade nos mestrados debe ir acompañado dunha planificación orzamentaria responsable por parte da Xunta de Galicia, garantindo que o custo da medida sexa asumido integramente pola administración autonómica e non polas universidades ou polo estudantado.

A educación pública é un investimento estratéxico para o presente e o futuro de Galicia. E ampliar o dereito á formación superior, facéndoo máis xusto e accesible, é unha decisión política que reforza a igualdade, a cohesión social e a capacidade de Galicia para reter e atraer talento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar nos Orzamentos da Xunta de Galicia unha partida específica e suficiente que cubra o custo total da gratuidade das primeiras matrículas de mestrado, garantindo así a sustentabilidade financeira das universidades e o mantemento das súas funcións docentes, investigadoras e de servizo público.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 17:26:46**  
**Nº Rexistro: 39402**  
Data envío: 26/11/2025 17:26:46.171

Santiago de Compostela, a 26 de Novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

139320

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 26/11/2025 17:18:43

Silvia Longueira Castro na data 26/11/2025 17:18:49

Patricia Iglesias Rey na data 26/11/2025 17:18:58

Elena Espinosa Mangana na data 26/11/2025 17:19:07

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/11/2025 17:19:13



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/11/2025 17:26:46  
**Nº Rexistro: 39402**  
Data envío: 26/11/2025 17:26:46.171

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 17:26:46**  
**Nº Rexistro: 39402**  
Data envío: 26/11/2025 17:26:46.171

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/11/2025 17:26:46

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso**, **Silvia Longueira Castro**, **Patricia Iglesias Rey** e **Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

### Exposición de Motivos

A educación pública é unha das ferramentas máis poderosas para garantir a igualdade de oportunidades e a cohesión social. Un país que aposta polo coñecemento e pola formación da súa mocidade é un país que aposta polo seu futuro, pola innovación e pola competitividade económica. Por iso, asegurar o acceso a unha educación superior pública, de calidade e sen barreiras económicas debe ser unha prioridade de calquera goberno.

Nos últimos anos déronse pasos cara á eliminación de determinadas barreiras económicas no acceso aos estudos universitarios, entre elas a gratuidade da primeira matrícula, unha medida que o Partido Socialista viña reclamando desde había tempo. Con todo, este avance é insuficiente se non se acompaña dunha aposta real por garantir que a formación universitaria completa sexa accesible para toda a mocidade. Hoxe, boa parte das profesións cualificadas esixen a obtención dun título de mestrado, moitos deles habilitantes ou imprescindibles para desenvolver unha carreira profesional. Por iso é necesario dar o seguinte paso e asegurar que os mestrados non se convertan nun filtro económico que limite oportunidades.



O custo das matrículas de mestrado continúa sendo un factor de desigualdade que impide ou dificulta o acceso a milleiros de estudantes. Isto penaliza especialmente ás familias con menos recursos, ao estudantado residente en

zonas rurais e ao alumnado que non pode asumir un incremento tan notable de taxas entre os estudos de grao e posgrao.

Avanzar cara á gratuidade das matrículas dos mestrados oficiais supón dar continuidade á aposta por un modelo educativo público que non deixe a ninguén atrás. E ao mesmo tempo debe facerse sen que isto supoña ningún prexuízo económico nin carga financeira adicional para as universidades galegas, que xa operan cun financiamento estrutural insuficiente.

O impulso da gratuidade nos mestrados debe ir acompañado dunha planificación orzamentaria responsable por parte da Xunta de Galicia, garantindo que o custo da medida sexa asumido integramente pola administración autonómica e non polas universidades ou polo estudantado.

A educación pública é un investimento estratéxico para o presente e o futuro de Galicia. E ampliar o dereito á formación superior, facéndoo máis xusto e accesible, é unha decisión política que reforza a igualdade, a cohesión social e a capacidade de Galicia para reter e atraer talento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a presentar perante esta Cámara, no prazo máximo de tres meses, un plan económico e de implantación que detalle o impacto, a previsión de custes e o cronograma para a posta en marcha da gratuidade da primeira matrícula dos mestrados.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 17:27:28**  
**Nº Rexistro: 39404**  
Data envío: 26/11/2025 17:27:28.389

Santiago de Compostela, a 26 de Novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

139325

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 26/11/2025 17:19:21

Silvia Longueira Castro na data 26/11/2025 17:19:27

Patricia Iglesias Rey na data 26/11/2025 17:19:33

Elena Espinosa Mangana na data 26/11/2025 17:19:40

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/11/2025 17:19:46



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/11/2025 17:27:28  
**Nº Rexistro: 39404**  
Data envío: 26/11/2025 17:27:28.389

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/11/2025 17:27:28



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/11/2025 17:27:28**  
**Nº Rexistro: 39404**  
Data envío: 26/11/2025 17:27:28.389

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

A situación das instalacións do IES Concepción Arenal de Ferrol está a dificultar gravemente o desenvolvemento das actividades académicas do centro. Trátase, ademais, dun dos institutos con maior número de estudantes da cidade de Ferrol, polo que as carencias de infraestruturas teñen un impacto especialmente elevado na organización docente e no dereito do alumnado a unha educación plena e de calidade.

É fundamental subliñar que uns institutos con infraestruturas axeitadas, seguras e modernas son condición imprescindible para garantir unha docencia de calidade. Sen espazos deportivos cubertos, adecuados e suficientes, non é posible desenvolver con normalidade as programacións didácticas nin ofrecer ao alumnado as actividades curriculares que lle corresponden.



A día de hoxe, o incremento das horas de Educación Física combinado coa falta dun espazo axeitado obriga a que esta docencia teña que desenvolverse nunha aula, un espazo que non permite realizar actividades básicas como correr, xogos con balón ou dinámicas de mobilidade. Chegouse incluso á situación de ter que impartir Educación Física nos corredores do instituto, e en días de choiva solábase a actividade de dous ou tres grupos nun mesmo espazo reducido, o que fai imposible desenvolver o currículo nas condicións mínimas necesarias.

Cómpre lembrar, ademais, que existe un compromiso incumplido polo conselleiro de Educación desde o ano 2023, cando anunciou en Ferrol a construción dunha pista cuberta para o IES Concepción Arenal. Porén, a día de hoxe, estando próximo a rematar o ano 2025, a Xunta non levou a cabo ningunha actuación efectiva para facer realidade esta infraestrutura, o que está a prexudicar gravemente ao alumnado e ao desenvolvemento normal da actividade docente.

Por todo isto, resulta imprescindible incorporar unha partida específica nos Orzamentos da Xunta para 2026 que garanta a execución da obra, así como dotar de solucións provisionais inmediatas mentres non se cubre a pista.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Executar de maneira inmediata a construción da pista deportiva cuberta comprometida no IES Concepción Arenal de Ferrol, garantindo a súa posta en marcha con carácter urgente.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 27/11/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 39442**  
Data envío: 27/11/2025 08:52:38,494

2. Habilitar solucións provisionais inmediatas, garantindo espazos cubertos para impartir Educación Física mentres non se execute a infraestrutura definitiva.
3. Informar formal e puntualmente á comunidade educativa do IES Concepción Arenal sobre o estado real do proxecto, incluíndo fases administrativas, previsión orzamentaria e cronograma de execución.

Santiago de Compostela, a 27 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

139330

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/11/2025 8:42:26

Silvia Longueira Castro na data 27/11/2025 8:42:32

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2025 8:42:39



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 39442**  
Data envío: 27/11/2025 08:52:38,494

CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 8:52:39



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 39442**  
Data envío: 27/11/2025 08:52:38,494

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

A situación das instalacións do IES Concepción Arenal de Ferrol está a dificultar gravemente o desenvolvemento das actividades académicas do centro. Trátase, ademais, dun dos institutos con maior número de estudantes da cidade de Ferrol, polo que as carencias de infraestruturas teñen un impacto especialmente elevado na organización docente e no dereito do alumnado a unha educación plena e de calidade.

É fundamental subliñar que uns institutos con infraestruturas axeitadas, seguras e modernas son condición imprescindible para garantir unha docencia de calidade. Sen espazos deportivos cubertos, adecuados e suficientes, non é posible desenvolver con normalidade as programacións didácticas nin ofrecer ao alumnado as actividades curriculares que lle corresponden.



A día de hoxe, o incremento das horas de Educación Física combinado coa falta dun espazo axeitado obriga a que esta docencia teña que desenvolverse nunha aula, un espazo que non permite realizar actividades básicas como correr, xogos con balón ou dinámicas de mobilidade. Chegouse incluso á situación de ter que impartir Educación Física nos corredores do instituto, e en días de choiva solápanse a actividade de dous ou tres grupos nun mesmo espazo reducido, o que fai imposible desenvolver o currículo nas condicións mínimas necesarias.

Cómpre lembrar, ademais, que existe un compromiso incumplido polo conselleiro de Educación desde o ano 2023, cando anunciou en Ferrol a construción dunha pista cuberta para o IES Concepción Arenal. Porén, a día de hoxe, estando próximo a rematar o ano 2025, a Xunta non levou a cabo ningunha actuación efectiva para facer realidade esta infraestrutura, o que está a prexudicar gravemente ao alumnado e ao desenvolvemento normal da actividade docente.

Por todo isto, resulta imprescindible incorporar unha partida específica nos Orzamentos da Xunta para 2026 que garanta a execución da obra, así como dotar de solucións provisionais inmediatas mentres non se cubre a pista.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar unha partida económica específica e suficiente nos Orzamentos Xerais da Xunta destinada á construción da pista cuberta deste centro.

Santiago de Compostela, a 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/11/2025 8:42:48

Silvia Longueira Castro na data 27/11/2025 8:42:54

Patricia Iglesias Rey na data 27/11/2025 8:43:01

Elena Espinosa Mangana na data 27/11/2025 8:43:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2025 8:43:15



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 27/11/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 39444**  
Data envío: 27/11/2025 08:53:28.102

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 8:53:28



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 39444**  
Data envío: 27/11/2025 08:53:28.102

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

A situación das instalacións do IES Concepción Arenal de Ferrol está a dificultar gravemente o desenvolvemento das actividades académicas do centro. Trátase, ademais, dun dos institutos con maior número de estudantes da cidade de Ferrol, polo que as carencias de infraestruturas teñen un impacto especialmente elevado na organización docente e no dereito do alumnado a unha educación plena e de calidade.

É fundamental subliñar que uns institutos con infraestruturas axeitadas, seguras e modernas son condición imprescindible para garantir unha docencia de calidade. Sen espazos deportivos cubertos, adecuados e suficientes, non é posible desenvolver con normalidade as programacións didácticas nin ofrecer ao alumnado as actividades curriculares que lle corresponden.



A día de hoxe, o incremento das horas de Educación Física combinado coa falta dun espazo axeitado obriga a que esta docencia teña que desenvolverse nunha aula, un espazo que non permite realizar actividades básicas como correr, xogos con balón ou dinámicas de mobilidade. Chegouse incluso á situación de ter que impartir Educación Física nos corredores do instituto, e en días de choiva solábase a actividade de dous ou tres grupos nun mesmo espazo reducido, o que fai imposible desenvolver o currículo nas condicións mínimas necesarias.

Cómpre lembrar, ademais, que existe un compromiso incumplido polo conselleiro de Educación desde o ano 2023, cando anunciou en Ferrol a construción dunha pista cuberta para o IES Concepción Arenal. Porén, a día de hoxe, estando próximo a rematar o ano 2025, a Xunta non levou a cabo ningunha actuación efectiva para facer realidade esta infraestrutura, o que está a prexudicar gravemente ao alumnado e ao desenvolvemento normal da actividade docente.

Por todo isto, resulta imprescindible incorporar unha partida específica nos Orzamentos da Xunta para 2026 que garanta a execución da obra, así como dotar de solucións provisionais inmediatas mentres non se cubre a pista.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar unha partida económica específica e suficiente nos Orzamentos Xerais da Xunta destinada á construción da pista cuberta deste centro.

Santiago de Compostela, a 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/11/2025 8:43:24

Silvia Longueira Castro na data 27/11/2025 8:43:30

Patricia Iglesias Rey na data 27/11/2025 8:43:40

Elena Espinosa Mangana na data 27/11/2025 8:43:47

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2025 8:43:54



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 39445**  
Data envío: 27/11/2025 08:53:45,180

CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 8:53:45



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 39445**  
Data envío: 27/11/2025 08:53:45,180

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de Dodriño, no concello de Dodro, precisa desde hai anos dunha solución definitiva ás súas necesidades de depuración, xa que o sistema actual presenta limitacións evidentes propias de infraestruturas que quedaron obsoletas ou insuficientes para garantir unha correcta xestión das augas residuais. Esta situación ten impacto tanto na calidade da depuración como na protección do contorno natural, especialmente en áreas ambientalmente sensibles.

Cómpre lembrar que existen proxectos técnicos elaborados polo propio goberno galego desde hai tempo que contemplan alternativas viables para modernizar ou substituír estas instalacións en Dodriño, mais a súa execución continúa pendente.

Porén, a pesar das conversas mantidas ao longo dos últimos anos entre diferentes administracións e da existencia de compromisos públicos sobre a necesidade de avanzar nesta infraestrutura, a realidade é que no caso de Dodriño non se produciu ningún avance efectivo nin existe, a día de hoxe, unha previsión clara para a súa execución. A situación permanece estancada a pesar da evidencia das necesidades da parroquia.



É imprescindible que o Goberno galego asuma a súa responsabilidade e dea unha resposta inmediata a unha actuación prioritaria para garantir unha depuración axeitada, a protección ambiental e a saúde pública, asegurando un nivel de servizo digno para os veciños e veciñas de Dodriño.

En liña co exposto, resulta fundamental que a Xunta de Galicia incorpore unha partida específica nos Orzamentos do vindeiro ano que permita iniciar esta actuación e desbloquear unha infraestrutura pendente desde hai tempo, evitando que continúe supeditada a decisións políticas ou á falta de planificación por parte do Goberno galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar de maneira inmediata a construción dunha nova EDAR en Dodriño, no Concello de Dodro, garantindo unha instalación moderna, eficiente e acorde ás necesidades actuais da parroquia.

Santiago de Compostela, a 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/11/2025 9:51:35

Carlos López Font na data 27/11/2025 9:51:42

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2025 9:51:50



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:01:18**  
**Nº Rexistro: 39468**  
Data envío: 27/11/2025 10:01:18.223

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 10:01:18



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:01:18**  
**Nº Rexistro: 39468**  
Data envío: 27/11/2025 10:01:18.223

CSV: BOPGDSPG-fUpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Carlos López Font, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de Dodriño, no concello de Dodro, precisa desde hai anos dunha solución definitiva ás súas necesidades de depuración, xa que o sistema actual presenta limitacións evidentes propias de infraestruturas que quedaron obsoletas ou insuficientes para garantir unha correcta xestión das augas residuais. Esta situación ten impacto tanto na calidade da depuración como na protección do contorno natural, especialmente en áreas ambientalmente sensibles.

Cómpre lembrar que existen proxectos técnicos elaborados polo propio goberno galego desde hai tempo que contemplan alternativas viables para modernizar ou substituír estas instalacións en Dodriño, mais a súa execución continúa pendente.

Porén, a pesar das conversas mantidas ao longo dos últimos anos entre diferentes administracións e da existencia de compromisos públicos sobre a necesidade de avanzar nesta infraestrutura, a realidade é que no caso de Dodriño non se produciu ningún avance efectivo nin existe, a día de hoxe, unha previsión clara para a súa execución. A situación permanece estancada a pesar da evidencia das necesidades da parroquia.



É imprescindible que o Goberno galego asuma a súa responsabilidade e dea unha resposta inmediata a unha actuación prioritaria para garantir unha depuración axeitada, a protección ambiental e a saúde pública, asegurando un nivel de servizo digno para os veciños e veciñas de Dodriño.

En liña co exposto, resulta fundamental que a Xunta de Galicia incorpore unha partida específica nos Orzamentos do vindeiro ano que permita iniciar esta actuación e desbloquear unha infraestrutura pendente desde hai tempo, evitando que continúe supeditada a decisións políticas ou á falta de planificación por parte do Goberno galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incluír nos Orzamentos da Comunidade Autónoma unha partida específica destinada ao financiamento da nova EDAR de Dodriño, garantindo así a planificación e execución efectiva desta actuación prioritaria no concello de Dodro.

Santiago de Compostela, a 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/11/2025 9:52:02

Carlos López Font na data 27/11/2025 9:52:08

Patricia Iglesias Rey na data 27/11/2025 9:52:16

Elena Espinosa Mangana na data 27/11/2025 9:52:23

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2025 9:52:30



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:01:59**  
**Nº Rexistro: 39470**  
Data envío: 27/11/2025 10:01:59.264

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 10:01:59

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Carlos López Font, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de Dodriño, no concello de Dodro, precisa desde hai anos dunha solución definitiva ás súas necesidades de depuración, xa que o sistema actual presenta limitacións evidentes propias de infraestruturas que quedaron obsoletas ou insuficientes para garantir unha correcta xestión das augas residuais. Esta situación ten impacto tanto na calidade da depuración como na protección do contorno natural, especialmente en áreas ambientalmente sensibles.

Cómpre lembrar que existen proxectos técnicos elaborados polo propio goberno galego desde hai tempo que contemplan alternativas viables para modernizar ou substituír estas instalacións en Dodriño, mais a súa execución continúa pendente.

Porén, a pesar das conversas mantidas ao longo dos últimos anos entre diferentes administracións e da existencia de compromisos públicos sobre a necesidade de avanzar nesta infraestrutura, a realidade é que no caso de Dodriño non se produciu ningún avance efectivo nin existe, a día de hoxe, unha previsión clara para a súa execución. A situación permanece estancada a pesar da evidencia das necesidades da parroquia.



É imprescindible que o Goberno galego asuma a súa responsabilidade e dea unha resposta inmediata a unha actuación prioritaria para garantir unha depuración axeitada, a protección ambiental e a saúde pública, asegurando un nivel de servizo digno para os veciños e veciñas de Dodriño.

En liña co exposto, resulta fundamental que a Xunta de Galicia incorpore unha partida específica nos Orzamentos do vindeiro ano que permita iniciar esta actuación e desbloquear unha infraestrutura pendente desde hai tempo, evitando que continúe supeditada a decisións políticas ou á falta de planificación por parte do Goberno galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incluír nos Orzamentos da Comunidade Autónoma unha partida específica destinada ao financiamento da nova EDAR de Dodriño, garantindo así a planificación e execución efectiva desta actuación prioritaria no concello de Dodro.

Santiago de Compostela, a 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/11/2025 9:52:39

Carlos López Font na data 27/11/2025 9:52:44

Patricia Iglesias Rey na data 27/11/2025 9:52:52

Elena Espinosa Mangana na data 27/11/2025 9:52:58

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2025 9:53:05



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 10:02:18



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:02:17**  
**Nº Rexistro: 39471**  
Data envío: 27/11/2025 10:02:17.765

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa das súas diputadas, **Lara Méndez López** e **María Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

A aparición e expansión de casos de dermatose nodular contaxiosa bovina (Lumpy Skin Disease) en distintas zonas do Estado e a súa proximidade ao territorio galego están a xerar unha situación de alarma, medo e incerteza no sector gandeiro da nosa comunidade.

Trátase dunha enfermidade vírica de declaración obrigatoria, de alta capacidade de propagación entre o gando bovino, con importantes consecuencias sanitarias, produtivas e económicas. Aínda que non afecta ás persoas, a súa presenza pode provocar restricións comerciais, peches de movemento e perdas directas e indirectas significativas para as explotacións.

A Xunta de Galicia adoptou algunhas medidas preventivas, entre elas a suspensión temporal das feiras e concentracións de gando, mais estas actuacións resultan insuficientes para afrontar a magnitude e as implicacións potenciais da enfermidade.

O sector gandeiro galego, especialmente o vacún de carne e de leite, vive esta situación con profunda preocupación. Reclámase maior coordinación institucional, información transparente e medidas económicas compensatorias ante o incremento de custes derivado das restricións e do impacto produtivo.

A suspensión de feiras e mercados, xunto coas limitacións ao movemento de animais, está a provocar perdas económicas, desaxustes comerciais e aumento



de gastos en alimentación e mantemento dos animais, que recaen directamente sobre as explotacións.

A realidade actual require máis implicación pública, máis planificación e máis comunicación. Galicia, como unha gran potencia gandeira do Estado, precisa unha resposta firme, coordinada e previsible que dea seguridade sanitaria e económica aos produtores e confianza á cidadanía. Galicia non pode limitarse so a unha resposta pasiva nin restrinxida á prohibición de feiras. Cómpre unha estratexia integral, transparente e planificada, que combine prevención sanitaria con apoio económico e social ao sector gandeiro.

A protección da sanidade animal é tamén protección do tecido produtivo galego, da economía rural e da soberanía alimentaria. Unha política pública progresista debe anticipar riscos, acompañar ao sector e garantir que ninguén quede atrás fronte a unha crise sanitaria que ameaza un dos piares fundamentais da economía galega.

A Xunta de Galicia debe actuar con liderado, previsión e compromiso, reforzando a súa presenza e capacidade de resposta ante a dermatose nodular contaxiosa.

A Xunta de Galicia debe actuar con liderado, previsión e compromiso, reforzando a súa presenza e capacidade de resposta ante a dermatose nodular contaxiosa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:



1. Reforzar de maneira inmediata a comunicación e información pública dirixida ás explotacións gandeiras, cooperativas, asociacións profesionais e servizos veterinarios, establecendo canles directas e transparentes de difusión de datos e medidas preventivas.
2. Incrementar os controis sanitarios e as medidas de bioseguridade nas fronteiras interiores e exteriores da comunidade, incluíndo a restrición temporal de entrada de animais procedentes doutras comunidades autónomas afectadas ou en risco, así como o reforzo da vixilancia veterinaria nos movementos internos.
3. Poñer en marcha un fondo extraordinario de compensación para indemnizar as perdas derivadas da suspensión de feiras e mercados gandeiros, para apoiar os custes adicionais de alimentación e mantemento do gando retido nas explotacións así como as perdas por sacrificio ou morte de animais afectados.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 27/11/2025 10:03:55

Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/11/2025 10:04:04

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2025 10:04:12



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:06:57**  
**Nº Rexistro: 39484**  
Data envío: 27/11/2025 10:06:57.866

CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 10:06:58



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:06:57**  
**Nº Rexistro: 39484**  
Data envío: 27/11/2025 10:06:57.866

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez**, **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre os núcleos de identidade do litoral previstos no POL.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O **Plan de Ordenación do Litoral (POL) de 2011** inclúe no Título III (Principios xerais) o artigo 42, sobre os “núcleos de identidade do litoral”.

#### *Art. 42.- Núcleos de identidade do litoral*

*a. Aproveitar as vantaxes derivadas da súa posición estratéxica, como porta de acceso territorio e rótula entre a terra e o mar.*

*b. Potenciar a imaxe exterior que se ten, tanto dende o mar e as rías coma dende terra, prestando especial atención á mellora da calidade da súa fachada marítima.*

*c. Completar a fachada marítima como un signo da súa identidade, con especial atención aos seus elementos representativos de carácter tipolóxico, volumétrico, de materiais e texturas.*

*d. Configurar unha fachada marítima de calidade, asegurando unha servidume de tránsito continua, así como o contacto da poboación co mar, todo iso cun tratamento do espazo público axeitado ao carácter e á natureza do núcleo.*

*e. Procurar o “esponxamento” do bordo marítimo como lugar de contacto co mar e as rías e lugar de encontro e cohesión social.*





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*f. Mellorar e conservar os elementos naturais que marcan a fachada marítima, establecendo as accións necesarias para o cumprimento das determinacións establecidas no presente Plan (praias, accesos, aparcadoiros, etc.)*

*g. Establecer determinacións con respecto á relación fondo-figura, que permitan unha lectura harmoniosa do núcleo e dos seus elementos identitarios, así como das relacións espaciais e visuais co territorio e os seus elementos singulares.*

*h. Conservar e valorizar o contorno patrimonial e histórico a través de prácticas axeitadas de mantemento e rehabilitación.*

O Título IV (Normas xerais) inclúe un novo artigo dentro do Capítulo de Desenvolvementos Urbanísticos que fai referencia ao planeamento dos “Núcleos de identidade do litoral”.

#### **Art. 69.- Núcleos de identidade do litoral**

*1. Será obxecto do planeamento urbanístico a súa delimitación. Esta terá un carácter atendendo á súa historia, estrutura morfolóxica e relación funcional e visual co mar.*

*2. O planeamento xeral establecerá a figura pola cal se concretará o seu desenvolvemento, conforme aos principios xerais establecidos neste Plan e especialmente no artigo 42.*

O artigo 17, referido aos Asentamentos no litoral refírese aos “asentamentos de carácter fundacional” e aos “núcleos de identidade do litoral”

Para os efectos do presente documento diferenciáronse na cartografía do Plan de Ordenación do Litoral e nas fichas das unidades de paisaxe os seguintes tipos de asentamentos:

#### **1. Asentamento de carácter fundacional.**



*Recolle aqueles núcleos que, de carácter urbano ou rural, teñan unha orixe ou fundación antiga, ou aqueles cuxa trama responde a esa formación e evolución progresiva no tempo e o espazo. Dentro deste grupo identifícanse os **Núcleos de Identidade do Litoral**, como aqueles asentamentos tradicionais, cuxa localización estratéxica no bordo costeiro e a súa vinculación co mar lles confire unha singularidade que os fai merecedores dun tratamento específico.*

2. Pola súa parte, as **Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)** de 2011 recollen nas súa Determinacións orientativas o seguinte:

*6.4. No litoral de Galicia configúranse un conxunto de núcleos, relacionados no Anexo I, que polas súas características constitúen elementos de identidade cultural do espazo costeiro coa denominación de Núcleos de identidade do litoral. Esa relación ten carácter orientativo e poderá ser ampliada e axustada polos correspondentes instrumentos de planeamento territorial sempre que se xustifique axeitadamente.*

*6.5. Os instrumentos de ordenación de territorio e o planeamento urbanístico deberán ordenar estes núcleos en congruencia co papel que estas DOT lles outorgan para articular o sistema litoral e contribuír á funcionalidade, ao mantemento da calidade ambiental e paisaxística e ao desenvolvemento económico e social de Galicia.*

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a realizar un informe sobre o desenvolvemento e cumprimento da normativa do Plan de Ordenación do Litoral en relación cos ‘Núcleos de identidade do litoral’. Este informe será enviado ao Parlamento no prazo máximo de tres meses”.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 27/11/2025 10:33:30

Alexandra Fernández Gómez na data 27/11/2025 10:33:38

Rosana Pérez Fernández na data 27/11/2025 10:33:52



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:37:41**  
**Nº Rexistro: 39491**  
Data envío: 27/11/2025 10:37:41.109

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:37:41**  
**Nº Rexistro: 39491**  
Data envío: 27/11/2025 10:37:41.109

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 10:37:41

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 27/11/2025 ás 10:38  
Por Rosana Pérez Fe

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado e das deputadas **Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre as actuacións de cooperación e coordinación do Programa de actuacións do Plan de Ordenación do Litoral (POL).

Asinado o día 27/11/2025 ás 10:38  
Por Alexandra Fernández Gómez

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O título VI do POL “Programa de actuacións” inclúe no apartado 2 as Actuacións de cooperación e coordinación das distintas administracións públicas e entidades con incidencia no litoral:

#### 2. ACTUACIÓNS DE COOPERACIÓN E COORDINACIÓN COAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E ENTIDADES CON INCIDENCIA NO EIDO LITORAL

##### 2.1. Desenvolvemento do **Convenio subscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e a Xunta de Galiza para a xestión integrada do litoral**

- Aprobación dos expedientes de deslinde do dominio público marítimo-terrestre e a súa zona de servidume de protección.
- Subscrición de convenios específicos cos concellos para abordar actuacións complexas para a transformación de ámbitos costeiros, con obxecto de adecuar o dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de servidume aos obxectivos de protección e mellora do litoral, preservando os seus valores ambientais, así como o uso público do

Asinado o día 27/11/2025 ás 10:38  
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

litoral, realizando unha ordenación e xestión integrada do litoral que asegure a súa sustentabilidade ambiental.

- Delimitación pormenorizada de zonas ambientalmente sensibles e espazos de especial interese paisaxístico.

## 2.2. Para a integración dos recursos aplicados en políticas de desenvolvemento económico e social

- Plan coordinado de actuación para a programación de actuacións no ámbito litoral, tendo en conta as distintas competencias concorrentes.

- Convenio coa Administración xeral do Estado, Deputacións e Concellos para o desenvolvemento do Plan de mobilidade sustentable no litoral.

- Convenio cos Concellos para o impulso e xestión da proposta da Comunidade autónoma para a integración de novos espazos protexidos do litoral na Rede Natura.

## 2.3. Para a transferencia de coñecemento e boas prácticas na xestión das áreas litorais

- Integración na rede nacional e internacional de XIZC (xestión integrada de zonas costeiras).

Transcorridos catorce anos desde a aprobación do POL, é momento de facer balance dos resultados que se acadaron en materia de actuacións de coordinación e cooperación entre administracións.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

“O Parlamento insta o goberno galego a presentar un informe sobre resultados que se acadaron en materia de actuacións de coordinación e cooperación entre administracións no marco das actuacións previstas no Programa de actuacións do POL. Este informe será enviado ao Parlamento no prazo máximo de tres meses.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 27/11/2025 10:38:35

Alexandra Fernández Gómez na data 27/11/2025 10:38:44

Rosana Pérez Fernández na data 27/11/2025 10:38:53



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:41:07**  
**Nº Rexistro: 39497**  
Data envío: 27/11/2025 10:41:07.441

CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 10:41:08



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:41:07**  
**Nº Rexistro: 39497**  
Data envío: 27/11/2025 10:41:07.441

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública é un dos alicerces fundamentais do noso Estado do benestar. A Atención Primaria, e moi especialmente a pediatría, constitúe o primeiro nivel asistencial e garante a detección temperá de enfermidades, o acompañamento ás familias e unha correcta protección da saúde da infancia. A perda deste servizo supón un retroceso inasumible na equidade, na calidade asistencial e no dereito das nenas e nenos a unha atención sanitaria próxima e estable.

No Centro de Saúde de Dodro viñan prestándose consultas de pediatría tres días á semana. Coa recente xubilación do profesional responsable, a Xunta de Galicia decidiu non repoñer a praza, deixando ás familias sen este servizo esencial. Esta decisión obriga agora os nenos e nenas a desprazarse a outro concello para recibir atención pediátrica, xerando problemas de mobilidade, cargas adicionais para as familias e un evidente empeoramento da accesibilidade sanitaria.

A ausencia dun pediatra en Dodro non só prexudica a centos de familias, senón que evidencia unha falta de planificación por parte do Goberno galego, que leva anos ignorando as necesidades de persoal nos centros de saúde e desatendendo o reforzo da Atención Primaria. A reposición inmediata desta praza é imprescindible para garantir a continuidade asistencial e para evitar que as cargas recaian sobre profesionais saturados doutras áreas.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 27/11/2025 10:51:36  
**Nº Rexistro: 39505**  
Data envío: 27/11/2025 10:51:36.426

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reposición inmediata da praza de pediatría no Centro de Saúde de Dodro, garantindo a cobertura estable e continua do servizo para a poboación infantil do concello.

Santiago de Compostela, a 27 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

139370

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/11/2025 10:46:07

Elena Espinosa Mangana na data 27/11/2025 10:46:14

Silvia Longueira Castro na data 27/11/2025 10:46:20

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2025 10:46:33



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:51:36**  
**Nº Rexistro: 39505**  
Data envío: 27/11/2025 10:51:36.426

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 10:51:36**  
**Nº Rexistro: 39505**  
Data envío: 27/11/2025 10:51:36.426

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 10:51:37**

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/11/2025 13:16:09  
Nº Rexistro: 39559  
Data envío: 27/11/2025 13:16:09.843

Asinado o día 27/11/2025 ás 13:09  
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

En 1994 créase a Comisión Nacional de Protección da Natureza e, no seu seo, o Comité de Loita contra Incendios Forestais (CLIF), órgano especializado de cooperación e coordinación entre a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas en materia de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais. O Real decreto 1424/2008 consolida esta estrutura e establece a composición e funcións da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, adscribindo ao CLIF como comité especializado para a coordinación dos medios de auxilio, comunicación e medios aéreos, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

Asinado o día 27/11/2025 ás 13:09  
Por Lara Méndez López

A normativa estatal evolucionou de maneira significativa ao longo da última década, especialmente para se adaptar aos novos escenarios de incendios de alta intensidade e comportamento extremo. Así, o Real decreto 893/2013 aprobou a directriz básica de planificación de protección civil por incendios forestais; en 2014 incorporouse o Plan estatal de protección civil para emerxencias por incendios forestais; e en 2022 aprobouse o Real decreto-lei 15/2022, que introduciu reformas clave na Lei de montes e novas obrigas para as comunidades autónomas en materia de planificación, prevención, vixilancia, restauración forestal, reforzo da protección civil e coordinación co Estado.

Asinado o día 27/11/2025 ás 13:08  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Entre esas obrigas destaca especialmente a modificación do artigo 48 da Lei de montes, que establece que os plans anuais de prevención, vixilancia e extinción deben ser aprobados polos órganos competentes das CCAA e publicados antes do 31 de outubro do ano precedente á súa aplicación. Estes

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

139373

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 27/11/2025 13:16:09  
**Nº Rexistro: 39559**  
Data envío: 27/11/2025 13:16:09.843

plans deben considerarse instrumentos preferentes para o conxunto das políticas territoriais e deben integrar criterios de risco que afecten á ordenación do territorio, ao urbanismo, aos plans de áreas protexidas e aos instrumentos de planificación forestal.

Así mesmo, o Real decreto-lei 15/2022 introduciu a obriga de manter actualizados os dispositivos de prevención e extinción e engadiu un novo artigo 50 bis relativo aos traballos de restauración forestal e ambiental, que tamén deben contar cun plan actualizado en materia de prevención e extinción.

Adicionalmente, o 28 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente aprobou as “Orientacións estratéxicas para a xestión de incendios forestais en España”, elaboradas polo CLIF, que inclúen liñas prioritarias como integrar o risco de incendios na planificación territorial e urbanística, desenvolver os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF), reforzar a planificación de defensa, adaptar os dispositivos aos novos escenarios, garantir formación continua do persoal, fomentar a participación mediante mesas do lume e mellorar a educación forestal da cidadanía.

Finalmente, o Real decreto 716/2025, do 26 de agosto, aprobou as directrices e criterios comúns dos plans anuais autonómicos para a prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais, co obxectivo de constituír un marco común que garanta coherencia operativa e coordinación entre administracións. Entre os seus criterios, establece a necesidade de:

- a) Fomentar unha educación forestal básica do conxunto da sociedade.
- b) integrar os incendios nos plans de áreas protexidas,
- c) considerar o risco na planificación urbanística,
- d) incorporar o lume á planificación forestal,
- e) reforzar a prevención desde a protección civil mediante plans de actuación de ámbito local,

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

139374

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 27/11/2025 13:16:09  
**Nº Rexistro: 39559**  
Data envío: 27/11/2025 13:16:09.843

- f) potenciar a resistencia e resiliencia das masas forestais ante o lume
- g) mellorar a xestión das emerxencias,
- h) actualizar os dispositivos de defensa contra incendios,
- i) garantir formación continua para o persoal que traballa no dispositivo de extinción,
- j) promover a investigación en materias sociais e económicas,
- k) crear mesas do lume para participación activa dos colectivos e xestores implicados,
- l) fomentar unha educación forestal básica da sociedade,

Á vista deste marco normativo estatal, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia cumpra estritamente as obrigas legais en materia de prevención, planificación, formación, participación e aprobación en prazo dos seus plans anuais de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais.

Ante a situación descrita, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Aprobar e publicar, antes do 31 de outubro de cada ano, o Plan anual de prevención, vixilancia e Extinción de Incendios Forestais, conforme ao artigo 48 da Lei de montes e ás directrices do Real Decreto 716/2025.
2. Integrar obrigatoriamente o risco de incendios forestais na planificación territorial, urbanística e forestal, incluíndo a actualización dos plans de ordenación dos recursos forestais (PORF), dos plans de áreas protexidas e doutros instrumentos estratéxicos.

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

139375

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 27/11/2025 13:16:09  
**Nº Rexistro: 39559**  
Data envío: 27/11/2025 13:16:09.843

3. Actualizar e modernizar o dispositivo de prevención e extinción, adaptándoo aos novos escenarios de incendios de alta intensidade, reforzando medios materiais, humanos e tecnolóxicos.

4. Establecer un plan anual de formación continua, obrigatoria e acreditable, para todo o persoal dos servizos de prevención e extinción, conforme ás orientacións estratéxicas do CLIF e ao Real decreto 716/2025.

5. Crear e convocar Mesas do Lume comarcais e autonómicas, garantindo a participación activa e directa de concellos, propietarios forestais, organizacións ambientais, sindicatos e persoal técnico.

6. Reforzar a prevención desde o ámbito da protección civil, mediante a elaboración e implantación de plans municipais e comarcais de actuación ante incendios forestais.

7. Incorporar criterios de resiliencia forestal e adaptación ao cambio climático en todos os instrumentos de xestión e planificación forestal.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

139376

**28071 Madrid**

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/11/2025 13:08:59

Lara Méndez López na data 27/11/2025 13:09:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2025 13:09:18



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 13:16:09**  
**Nº Rexistro: 39559**  
Data envío: 27/11/2025 13:16:09.843

CSV: BOPGDSPG-fpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 13:16:09**  
**Nº Rexistro: 39559**  
Data envío: 27/11/2025 13:16:09.843

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 13:16:10

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nicole Grueira Fernández, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez e Miguel A. Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

## Exposición de motivos

O sector primario galego constitúe un pilar fundamental da economía, do equilibrio territorial e da identidade cultural de Galicia. A actividade agraria, gandeira e forestal xera riqueza, emprego e innovación, ao tempo que garante a produción de alimentos, a conservación da paisaxe e o mantemento dun tecido social dinámico en todo o territorio. O rural galego ofrece tamén un espazo de oportunidade para o desenvolvemento de proxectos de vida e para o emprendemento das novas xeracións, que atopan nel un ámbito propicio para innovar e contribuír ao progreso común.

Neste marco, o relevo xeracional configúrase como unha prioridade estratéxica das políticas públicas do goberno galego orientadas ao fortalecemento do sector primario, a continuidade das explotacións, mellora a competitividade do sector e permite incorporar novas visións que impulsan a modernización e a sustentabilidade, garantizando así o futuro do sector.

A incorporación de mozas e mozos ás explotacións e actividades vinculadas ao territorio é esencial para garantir o relevo e así a continuidade das producións, favorecer a diversificación económica e fortalecer a presenza de persoas formadas, motivadas e capaces de incorporar novas tecnoloxías e prácticas sostibles no rural.

Garantir este relevo require actuar con anticipación e cunha visión de longo prazo que permita configurar un sector rural robusto, dotado de infraestruturas



actualizadas, servizos accesibles e condicións de vida atractivas para quen decide desenvolver nel o seu proxecto vital.

Tamén require da colaboración entre administracións, organizacións profesionais, cooperativas, centros de formación e o conxunto da sociedade para articular un modelo de apoio integral que facilite a incorporación da mocidade, impulse a igualdade de oportunidades e fortaleza un rural sustentable e con futuro.

En definitiva, promover e consolidar a remuda xeracional no sector primario galego constitúe, en suma, unha acción prioritaria de interese estratéxico para Galicia, orientada a garantir a continuidade e a modernización dun sector esencial para o desenvolvemento económico, a sustentabilidade ambiental e a cohesión territorial do territorio.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Seguir promovendo todas aquelas actuacións que favorezan a incorporación das novas xeracións ao sector primario, favorecendo a súa formación e incorporación ás actividades agrarias, gandeiras e forestais?
2. Seguir impulsando políticas que fomenten a modernización, innovación e valorización do sector primario e contribúan, así, á incorporación das novas xeracións”.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 27/11/2025 16:25:22



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39588**  
Data envío: 27/11/2025 16:25:36.568

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 39588**  
Data envío: 27/11/2025 16:25:36.568

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 16:25:37

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Felisa Rodríguez Carrera, Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, María Encarnación Amigo Díaz, Rubén Lorenzo Gómez, Ángel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez, Borja Vereá Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

## Exposición de Motivos

O sector artesan de Galicia é un dos piares fundamentais da identidade cultural e económica da nosa comunidade. A través da súa ampla diversidade de oficios —desde a cerámica, a xoiería ou o encaixe ata a madeira, o coiro ou o téxtil—, a artesanía galega constitúe un patrimonio vivo que combina tradición, creatividade e innovación. Estes oficios transmiten saberes centenarios, conservando técnicas e estilos propios que forman parte da memoria colectiva do país, ao tempo que se adaptan aos novos tempos mediante o deseño contemporáneo, a sustentabilidade e a incorporación de novas tecnoloxías.

A remuda xeracional constitúe hoxe un dos principais desafíos da artesanía galega. Moitos mestres e mestras artesás atópanse nunha etapa de retirada, e resulta esencial garantir a transmisión dos seus coñecementos a persoas máis novas interesadas en profesionalizarse neste ámbito. Evitar o peche de negocios por falta de remuda xeracional, ao tempo que se facilita que as persoas interesadas en emprender teñan a posibilidade de recoller a testemuña dun negocio viable economicamente, é un dos obxectivos da Xunta de Galicia.

O programa de remuda ofrece axudas económicas a través do Bono Remuda para facilitar a transmisión de negocios tradicionais a novas xeracións de autónomos e empresas na Comunidade Autónoma. Estas subvencións axudan a cubrir parte do custo de adquisición dun negocio xa existente, co obxectivo de manter a súa actividade e fomentar o emprendemento.

O sector comercial galego conta cun papel protagonista no colectivo autónomo, polo que o Goberno galego aposta por un modelo de comercio máis competitivo, moderno e conectado coa sociedade, que garanta a súa continuidade e o seu papel esencial nas vilas e cidades galegas.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego ao desenvolvemento de plans formativos para o noso sector comercial coa finalidade de impulsar a recuperación de oficios tradicionais e potenciar a remuda xeracional no sector artesán.”

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 27/11/2025 17:56:47



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 17:57:41**  
**Nº Rexistro: 39598**  
Data envío: 27/11/2025 17:57:41.878

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 17:57:41**  
**Nº Rexistro: 39598**  
Data envío: 27/11/2025 17:57:41.878

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 17:57:42

CSV: BOPGDSPG-fjPDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Felisa Rodríguez Carrera, Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, María Encarnación Amigo Díaz, Rubén Lorenzo Gómez, Ángel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez, Borja Vereá Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

## Exposición de Motivos

As prazas de abastos constitúen un elemento esencial da identidade comercial e social de Galicia. Estes espazos, presentes na maioría das vilas e cidades, son moito máis ca simples lugares de compra: representan a tradición do comercio de proximidade, a posta en valor dos produtos locais e o contacto directo entre produtores e consumidores.

Ao longo do tempo, as prazas de abastos convertéronse en motores de dinamización económica e social dos centros urbanos, contribuíndo á cohesión das comunidades e á conservación dos cascos históricos. Ademais, afrontan na actualidade un proceso de modernización que busca combinar o respecto pola súa esencia tradicional coa incorporación de novas fórmulas de xestión, dixitalización e promoción turística.

Para apoiar este proceso, a Xunta de Galicia promove un conxunto de políticas específicas de apoio ás prazas de abastos, destacándose no 2025 a convocatoria de axudas dotadas con máis de 3,2 millóns de euros para a rehabilitación e dinamización de máis de 30 municipios e entidades de prazas de abastos, destinadas á mellora de infraestruturas, accesibilidade, equipamento. Tamén se impulsa a certificación de prazas de abastos como “Mercados Excelentes” para 2030, como parte dunha estratexia máis ampla de comercio local e proximidade, incluída no Plan Estratéxico de Comercio de Galicia (2025-2030), dotado con 320 millóns de euros para modernizar e dar visibilidade ao comercio galego.

Estas políticas non só favorecen a rehabilitación física e funcional das prazas, senón que buscan tamén reforzar o seu rol como espazos de encontro comunitario, de consumo de proximidade, de fixación de poboación no rural e de valorización dos produtos galegos. En definitiva, dende o grupo parlamentario popular consideramos as prazas de abastos como pezas clave dun tecido comercial moderno e sustentable, que conecta orixe, comercio e territorio.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo iniciativas de apoio ás prazas de abastos poñendo en valor a calidade dos seus produtos e fomentar a súa certificación como Mercados Excelentes mediante a rehabilitación dos seus edificios ou a dinamización das súas instalacións.”

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 27/11/2025 18:00:55



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 18:01:52**  
**Nº Rexistro: 39600**  
Data envío: 27/11/2025 18:01:52.729

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 18:01:53



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 18:01:52**  
**Nº Rexistro: 39600**  
Data envío: 27/11/2025 18:01:52.729

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

## Exposición de Motivos

A produción de oliveira en Galicia está a vivir nos últimos anos unha recuperación notable e un crecemento sostido, froito do esforzo dos produtores locais e da recuperación das variedades autóctonas. Aínda que as cifras actuais non son comparables ás grandes zonas produtoras do Estado —como Xaén, que concentra preto do 50 % da produción española—, o sector galego amosa unha tendencia claramente ascendente e consolidada.

O cultivo da oliveira, que chegou a estar á beira da desaparición nos anos 60, iniciou un proceso de recuperación na década dos 90. Hoxe, esta dinámica intensificouse coa restauración de antigos oliveirais e coa creación de novas plantacións modernas en diferentes puntos da comunidade. Un elemento fundamental deste renacer é a recuperación e valorización das variedades autóctonas, un labor no que organismos como o CSIC desempeñan un papel clave, aportando un valor engadido e diferenciador ao aceite galego.

Entre as zonas máis representativas destaca o Val de Quiroga (Lugo), tradicional referente na produción artesanal grazas ao seu microclima singular. Así mesmo, rexístranse plantacións activas nas provincias de Ourense e A Coruña, consolidando unha presenza territorial crecente deste cultivo.

Un exemplo significativo dos beneficios desta actividade para o rural é a almazara de OlivArnoia, situada no concello de Arnoia (Ourense). A súa experiencia demostra que o cultivo emerxente da oliveira contribúe á diversificación agraria, á ordenación do territorio e ao aproveitamento sostible dun recurso tradicional, reforzando o vínculo coa terra e xerando novas oportunidades económicas no ámbito rural.

Asinado o día 27/11/2025 ás  
18:06  
Por Alberto Pazos Couñago



O potencial deste sector permite constatar que en numerosos concellos galegos a oliveira pode converterse nunha ferramenta eficaz para fixar poboación, crear emprego e fortalecer o sector primario, contribuíndo á dinamización económica e social do territorio.

Neste contexto, a Asociación de Produtores de Aceite e Oliva de Galicia (APAAG), creada en 2014, ten un papel esencial ao agrupar os produtores e garantir unha produción 100 % galega. Entre os seus obxectivos figuran o asesoramento integral ás persoas asociadas, a defensa dos intereses do sector e a promoción da plantación de oliveiras e da produción de aceite galego, sempre de forma coordinada con diversas organizacións e institucións para impulsar as variedades autóctonas.

A produción galega continúa amosando crecemento ano tras ano. A finais de 2024, a APAAG estimou unha colleita superior aos 100.000 kg de oliva, unha cantidade que supera as campañas precedentes. Paralelamente, o sector medra tamén en número de persoas implicadas, con máis de 140 produtores comprometidos coa recuperación e modernización do pasado olivareiro de Galicia.

En resumo, o oliveiral galego constitúe hoxe un sector en expansión, orientado á calidade, á recuperación de variedades locais e á diferenciación do produto, incrementando progresivamente a súa produción total e consolidándose como un nicho produtivo cunha marcada identidade propia no contexto estatal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar apostando polo sector olivareiro, pola súa contribución á posta en valor do territorio e ao fomento e recuperación de terras en estado de abandono ou infrautilización, así como ao impulso das actividades económicas vinculadas ao rural galego”.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 27/11/2025 18:06:42



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 18:07:41**  
**Nº Rexistro: 39602**  
Data envío: 27/11/2025 18:07:41.226

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 18:07:41**  
**Nº Rexistro: 39602**  
Data envío: 27/11/2025 18:07:41.226

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 18:07:41

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

## Exposición de Motivos

A recente creación da Axencia Estatal de Saúde Pública (AESAP) constitúe unha ferramenta clave para o fortalecemento do sistema nacional de saúde, a mellora da coordinación institucional e a protección da saúde de todos os cidadáns. Cómpre agora desenvolver o seu estatuto para o que un dos seus primeiros pasos é a elección da localidade na que se emprazará a súa sede.

Xa no ano 2022, cando se fixo pública a iniciativa para constituír este organismo autónomo, que terá personalidade xurídica propia, patrimonio e autonomía funcional e de xestión, o Partido Popular solicitou que Galicia, en particular a cidade de Lugo, albergue a sede desta nova institución estatal. Esta demanda mantívose no tempo como parte dun compromiso co desenvolvemento desta cidade e co seu potencial para albergar organismos públicos de carácter estratéxico.

De feito, Lugo conta cunha localización privilexiada no noroeste peninsular, ademais dunha calidade de vida destacada e dun ecosistema favorable para o crecemento institucional. Tamén con razóns de oportunidade técnica como unha universidade con traxectoria no ámbito biosanitario, cun referente nacional en materia de saúde e seguridade alimentaria dende 2014 coma é o Laboratorio Central de Saúde Pública, de titularidade autonómica ou con novos servizos sanitarios como o Centro Integral de Saúde ou hospital Lucus Augusti, entre outras instalacións.

Ademais, unha das principais credenciais da nosa comunidade é precisamente a longa tradición en saúde pública que ten Galicia, con exemplos como o programa de cribado neonatal ou o de cancro, cunha adherencia, no caso do de mama, que alcanza o 84,6%.





A descentralización de organismos representa unha oportunidade longamente reivindicada para fomentar a cohesión territorial e ofrecer oportunidades ás cidades da España interior. Neste contexto, resulta imprescindible que o Parlamento de Galicia e o Goberno galego, como xa fixo por unanimidade a Corporación Municipal de Lugo, tomen posición na defensa dos intereses desta cidade e da nosa comunidade, como a súa vontade inequívoca en apoio da candidatura lucense para acoller a sede desta nova axencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia acorda como Resolución manifestar o seu apoio á candidatura da cidade de Lugo como sede da futura Axencia Estatal de Saúde Pública, xa que contribuirá ao desenvolvemento e fortalecemento institucional de Galicia e a consolidar á nosa comunidade e a esta cidade como referente na prevención, control e vixilancia das enfermidades, a protección e promoción da saúde.

Asemade, insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Concello de Lugo e ao Goberno de España para amosar o seu compromiso con esta candidatura”

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 27/11/2025 18:25:46



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 18:26:32**  
**Nº Rexistro: 39610**  
Data envío: 27/11/2025 18:26:32.283

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 18:26:32



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2025 18:26:32**  
**Nº Rexistro: 39610**  
Data envío: 27/11/2025 18:26:32.283

CSV: BOPGDSPG-fJpDCXSFj-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

### 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

